

Número 2 - Ano 2025

ACTA

da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

27 de febreiro de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, cando son ás dez horas e oito minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGRO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; e DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; co obxecto de celebrar sesión Ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Incorpórase á sesión, logo de tomar posesión como concelleira (punto 2/18 da orde do día), DONA IRIA BUIDE PENA.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luís Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 24 de febreiro de 2025 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/17 MODIFICACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARAI CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE OUTUBRO, 4 DE NOVEMBRO E 28 DE NOVEMBRO DE 2024. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍAS 27 DE DECEMBRO DE 2024.

2/18 TOMA DE POSESIÓN DE DONA IRIA BUIDE PENA COMO CONCELLEIRA DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL (Exp. 2025/G004/000074).

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

3/19 MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO URPI-58 (COSTAS DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO). APROBACIÓN INICIAL.

INTERVENCIÓN

4/20 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 1-2025. REPARO 4-2025.

5/21 RECONOCIMIENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2-2025. REPARO 5-2025.

PROPOSICIÓNS

6/22 PROPOSICIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE E DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 48/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DAR TRASLADO AO MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE, A PROPOSTA DO COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, DE NOMEAR A PONTE DAS SAAMASAS COMO PONTE TOMÁS NOTARIO VACAS (Exp. 2025/G004/000070).

7/23 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 70/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO USO FUTURO DA ACTUAL ESTACIÓN DE AUTOBUSES (Exp. 2025/G004/000100).

8/24 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 71/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A

CUMPRIR CO ESTABLECIDO NA LEI DE DEPENDENCIA (Exp. 2025/G004/000106).

9/25 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 72/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA INTEGRAL DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA NO MUNICIPIO DE LUGO (Exp. 2025/G004/000107).

10/26 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 73/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR DO MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE DIVERSAS MELLORAS NA CONTORNA DO LUGAR DE NADELA, PARROQUIA DE PENA E, POSTERIORMENTE, CEDER O SEU VIAL Á ADMINISTRACIÓN LOCAL (Exp. 2025/G004/000108).

11/27 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 74/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA QUE REGULE O USO DOS LOCAIS SOCIAIS PARROQUIAIS DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2025/G004/000109).

12/28 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 83/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RESPALDAR ÁS VECIÑANZAS DE OUTEIRO E SANTA MARÍA ALTA EN DEFENSA DA SÚA CALIDADE DE VIDA POLA POSIBLE AFECTACIÓN POR MOR DA GRANXA PORCINA QUE SE PROXECTA NO LUGAR DE RETORTA, NA PARROQUIA DE VILALVITE, NO VECIÑO MUNICIPIO DE FRIOL (Exp. 2025/G004/000110).

SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

13/29 SOLICITUDE DE COMPARENCIA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 84/2025 (E 87/2025) DE REXISTRO DE PLENO, PARA EXPLICAR A SITUACIÓN ACTUAL DAS CALDAS MUNICIPAIS.

PROTOCOLO

14/30 NOMEAMENTO COMO FILLO ADOPTIVO DO CONCELLO DE LUGO A DON XESÚS ALONSO MONTERO.

15/31 NOMEAMENTO COMO FILLO ADOPTIVO DO CONCELLO DE LUGO A DON RAFAEL ESTEBAN DE VEGA Y BARRERA.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

16/32 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024.

17/33 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO CUARTO TRIMESTRE DE 2024.

TESOURERÍA

18/34 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE 2024.

19/35 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XANEIRO 2025.

ACTAS E GOBERNO

20/36 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000083).

21/37 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 1693/2025, DO 21 DE FEBREIRO DE 2025, RELATIVO Á NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR ÁS COMISIÓNS DE PLENO, CON MOTIVO DA INCORPORACIÓN DE DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ COMO CONCELLEIRO DO DITO GRUPO (2024/G004/000115).

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 75/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RETOME O PROXECTO DA ORDENANZA CÍVICA.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 76/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXE O ASFALTO DA N-540, NO TRAMO ENTRE GUNTÍN E LUGO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 77/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DAR SOLUCIÓN ÁS DEMANDAS DOS CONDUTORES DOS BUSES URBANOS.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 78/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTABLEZA UN PLAN DE REVISIÓN E MANTEMENTO DAS MARQUESIÑAS DAS PARROQUIAS DO RURAL.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 79/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA POSIBLE RECONVERSIÓN DO PARQUE DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS NO CEAO.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 80/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA “CASA DO MESTRE” NA PARROQUIA DE SAN XOÁN DO ALTO.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 81/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO REPINTADO DAS PRAZAS DE APARCAMENTO RESERVADAS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 82/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ACCESO DOS VEHÍCULOS AO CASCO HISTÓRICO.

Aberto o acto, a Alcaldesa fai uso da palabra sinalando:

Imos comezar este Pleno ordinario do mes de febreiro do ano 2025, no que vai ter unha parte importante esa toma de posesión de Iria Buide como concelleira deste Concello. Un día importante para ti, Iria, pero tamén para nós, para todo o Concello, todos os teus compañeiros que te recibimos cos brazos abertos, como non podía ser doutra maneira.

Seguidamente, e da súa orde, no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/17 MODIFICACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÒNS PLENARAIAS CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE OUTUBRO, 4 DE NOVEMBRO E 28 DE NOVEMBRO DE 2024. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍAS 27 DE DECEMBRO DE 2024.- Examinado os expedientes tramitados para os efectos e vista a proposta da secretaría xeral do Pleno, do 24 de febreiro de 2025, do seguinte teor:

“Examinadas as tres actas correspondentes ás sesións celebradas polo Excmo.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

Concello Pleno os días 30 de outubro, 4 de novembro e 28 de novembro de 2024, obsérvase a existencia, en cada unha delas, dun erro material de transcripción na consignación dos concelleiros asistentes, ao figurar don Enrique Rozas López en lugar de DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ, polo que debe procederse á súa rectificación.

Independente disto, estando xa rematada a confección da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 27 de decembro de 2024 e asinada pola secretaria xeral do Pleno e pola alcaldesa presidenta, procede a súa elevación ao Excmo. Concello Pleno para a súa aprobación

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- RECTIFICAR o erro detectado nas actas correspondentes ás sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno os días 30 de outubro, 4 de novembro e 28 de novembro do ano 2024, no sentido de que onde figura como asistente don Enrique Rozas López, debe figurar DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ.

SEGUNDO.- APROBAR a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 27 de decembro de 2024."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- RECTIFICAR o erro detectado nas actas correspondentes ás sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno os días 30 de outubro, 4 de novembro e 28 de novembro do ano 2024, no sentido de que onde figura como asistente don Enrique Rozas López, debe figurar DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ.

SEGUNDO.- APROBAR a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 27 de decembro de 2024.

2/18 TOMA DE POSESIÓN DE DONA IRIA BUIDE PENA COMO CONCELEIRA DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL (Exp. 2025/G004/000074).

Recibida neste Concello a credencial -expedida pola Junta Electoral Central con data do 6 de febreiro de 2025- na que se designa concelleira do Concello de Lugo a DONA IRIA BUIDE PENA, en substitución por renuncia de don Felipe Rivas Jorge, pola candidatura do Bloque Nacionalista Galego, ás eleccións locais do 28 de maio de 2023.

Presentada o día 11 de febreiro a documentación esixida no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

De conformidade co previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para os efectos da adquisición da súa plena condición de concelleira, procede a súa toma de posesión, prestando previamente xuramento ou promesa, de conformidade coa fórmula establecida no artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

A continuación a secretaria xeral do Pleno indícalle a dona Iria Buide Pena que se desplace cara á mesa presidencial onde se atopa o exemplar da Constitución Española e formúlalle a seguinte pregunta:

“Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”

- **Dona Iria Buide Pena** contesta: “Prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses xerais da veciñanza de Lugo e os dereitos nacionais lexítimos do pobo galego.”

Tras o cal, a Alcaldesa imponse a Medalla da Corporación e faille entrega da insignia corporativa, pasando logo a ocupar o seu lugar entre os compoñentes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

PAULA ALVARELLOS FONDO: Simplemente, transmitirvos o que lle dixen a Iria agora embaixo: estou recuperándome dunha gripe, non teño moitos folgos para falar, pero si que quería dicirle, sobre todo, desexarlle moitísima sorte. Moitísima sorte porque será a sorte de toda a veciñanza, Iria.

Tamén falaba cos concelleiros que ver a persoas xoves tomando posesión como concelleiros é unha auténtica ledicia, porque iso renóvanos a todos nós, renóvanos como concelleiros, como goberno e creo que é un día importante.

Tamén quero facer, que está aquí, apoiando a súa compañeira, un recordo de todo o traballo feito por Felipe durante todo este tempo. Moitas grazas aos dous.

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

3/19 MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO URPI-58 (COSTAS DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO). APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- INFORME-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO, NO ÁMBITO DO URPI-58, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA, asinada pola técnica de administración xeral, con conforme do director xeral de Urbanismo, do 11 de febreiro de 2025, do teor literal seguinte:

“1.- XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO DA MODIFICACIÓN DO PXOM

O vixente Plan xeral de ordenación municipal de Lugo (PXOM) foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 29 de abril de 2011, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16-05-2011).

O PXOM determina a zona de planeamento incorporado URPI-58 e incorpora o Plan especial de reforma interior da unidade de actuación CS-5, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión do 7 de novembro de 2005, mantendo a súa vixencia.

Contra a aprobación definitiva do PXOM interpúxose recurso contencioso-administrativo no que recaeu a sentenza núm. 100/2017, de data 2 de marzo de 2017, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), hoxe firme, co seguinte pronunciamento:

“1.- Inadmitir el recurso contencioso en cuanto a la alegación sobre estudio medioambiental examinada en el Fundamento de derecho QUINTO de esta Sentencia. 2.- Anular en parte dicha Orden de 29 de abril de 2011 y dicho P.G.O.M. en el exclusivo extremo relativo a la ordenación urbanística de la unidad de actuación CS-5 (hoy URPI 58) que es contraria a Derecho. 3.- Con desestimación de las restantes pretensiones; sin hacer imposición de las costas.”

A sentenza, no seu fundamento xurídico décimo primeiro, sinala que:

“.. la ubicación del ámbito de que se trata en relación con el Parque Rosalía de Castro y el Sanatorio Portela y el contenido y alcance de los parámetros urbanísticos esenciales incorporados en la impugnada ordenación, revelan la inviabilidad de esta última por incompatibilidad con las exigencias contempladas en el artículo 104 Ley 9/2002, de 30 de diciembre, cualquiera que fuera la opción elegida para la ejecución de tal ordenación, lo que ya se constituye en motivo de anulación de la misma.”

Na actualidade tramítase o incidente de execución desta sentenza firme.

O Concello Pleno, na sesión celebrada en data do 26 de outubro de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Proceder á formulación dun proxecto de modificación puntual do PXOM aprobado definitivamente de forma parcial pola Orde do 29-4-2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 100/2017, do 2-03-17, recaída no recurso contencioso-administrativo nº 4263/2012, interposto pola Asociación Cultural do Parque Rosalía de Castro e o seu entorno, en orde a establecer as determinacións urbanísticas do ámbito territorial do denominado “URPI-58”.

A parte do Fallo desta sentenza, que agora se está a executar, literalmente declarou: “2.- Anular en parte dicha Orden de 29 de abril de 2011 y dicho P.G.O.M en el exclusivo extremo relativo a la ordenación urbanística de la unidad de actuación CS-5 (hoy URPI 58) que es contraria a Derecho”.

Posteriormente, na sesión plenaria celebrada en data do 29 de novembro de 2018, acordouse:

“Que por parte do Concello de Lugo se inicie, con medios propios, un estudo de alternativas para a tramitación da modificación puntual da Unidade de Actuación CS-5 (URPI 58 no PXOM) na que como criterios prioritarios se fixen:

- A menor incidencia económica posible para as arcas municipais.*
- A conversión en zona verde da maior superficie posible.*
- O menor impacto visual da edificabilidade resultante no caso de que esta edificabilidade exista”.*

O equipo redactor elaborou un estudo de alternativas de ordenación para o URPI-58.

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada con data do 16 de xuño de 2021, elixiu a denominada “Alternativa 0” que propón unha ordenación urbanística pomenorizada sen edificabilidade lucrativa, prevendo destinar a totalidade da

superficie a usos dotacionais públicos (viario, equipamento e espacio libre e zona verde).

En consecuencia, esta modificación do PXOM ten por finalidade a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 2 de marzo de 2017, establecendo unha nova ordenación urbanística detallada para o ámbito do URPI-58 que atende aos criterios de ordenación fixados polo Pleno da Corporación e adopta a alternativa de ordenación eilixida pola Xunta de Goberno Local.

2.- ÁMBITO E OBXECTO DA MODIFICACIÓN DO PXOM

O ámbito obxecto da modificación comprende a totalidade dos terreos incluídos no ámbito de planeamento incorporado URPI-58 (que se corresponde co ámbito da unidade de actuación CS-5 do anterior plan xeral), cuxa ordenación foi anulada por sentenza xudicial firme. A superficie total do ámbito é de 10.950 m2, segundo se reflicte na ficha de planeamento.

A modificación ten por obxecto establecer a ordenación urbanística detallada do ámbito do URPI-58, destinando a totalidade dos terreos a usos dotacionais públicos, en concreto, a sistema viario, sistema de equipamento público (1.590 m2) e sistema de espazos libres e zonas verdes públicas (8.178 m2).

O ámbito da modificación está clasificado como solo urbano non consolidado, dado que non está concluído o proceso de transformación urbanística.

A ordenación proposta dá debido cumprimento á sentenza xudicial do 2 de marzo de 2017, e cumpre a lexislación urbanística vixente segundo resulta dos informes emitidos polos servizos técnicos municipais.

3.- INFORMES EMITIDOS

A modificación do PXOM que aquí nos ocupa foi sometida a avaliación ambiental estratéxica simplificada, de acordo co disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 46.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), na que recaeu resolución do 31 de marzo de 2022, da directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia, pola que se formula o informe ambiental estratéxico no que se conclúe que non se prevén efectos ambientais significativos adversos.

Dada a afección dos terreos pola servidume aeronáutica do aeródromo de Rozas, solicitouse informe á Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, que foi emitido en sentido favorable en data 10-07-2024.

Así mesmo, constan no expediente os informes emitidos polos servizos técnicos municipais:

- do arqueólogo Municipal, emitidos en sentido favorable en datas 5-4-2023 e 24-11-2023;
- do adxunto de Parques e Xardíns, emitido en sentido favorable en data 9-10-2023;
- do Servizo Municipal de Medio Ambiente, emitido en sentido favorable en data 27-11-2023;
- do Servizo Municipal de Enxeñería, emitido en sentido favorable en data 24-11-2023;
- do Servizo Municipal de Arquitectura, emitido en sentido favorable en data 5-12-2024.
- da Intervención municipal, emitido en data 17-01-2025, do que se desprende a viabilidade de financiamento das actuacións previstas na modificación do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 29-01-2025, acordou aprobar, consonte ao previsto no artigo 127.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o proxecto de "Modificación do Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, no ámbito do URPI-58, segundo a documentación presentada polo equipo redactor no rexistro municipal en data 28-11-2024, coas seguintes condicións:

- a) O ámbito da modificación manterá a súa clasificación como solo urbano non consolidado.
- b) A cualificación urbanística de zona verde e de equipamento dos terreos ao sur do ámbito en contacto coa Rolda do Carme, chegará ata onde empeza a beirarrúa existente.

4.- PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN

Segundo o disposto no artigo 85.3 da LSG, as modificacións do planeamento suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. Esta remisión legal determina, para este caso, a aplicación do procedemento previsto no artigo 60 da LSG e no artigo 144 do Regulamento da LSG, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG), cuxos fitos principais son:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

Aprobación inicial: corresponde ao Pleno da Corporación municipal, por maioría absoluta do número legal de membros do Pleno, segundo o disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Segundo o artigo 47.2 da LSG, o acordo de aprobación inicial determinará a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito do territorio obxecto da modificación (URPI-58). Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación do PXOM.

Información pública: A documentación aprobada inicialmente someterase a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

Informes preceptivos: O concello trasladará a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

Asemade, o concello solicitará os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

Aprobación provisional: correspóndelle ao Pleno da Corporación municipal, por maioría absoluta do número legal de membros do Pleno, segundo o disposto no artigo 123.1.i) da LBRL.

O expediente completo será remitido á consellería competente en materia de urbanismo para que, no prazo de tres meses emita informe preceptivo e vinculatne sobre as cuestións sinaladas no artigo 60.15 da LSG.

Aprobación definitiva: correspóndelle ao Pleno da Corporación municipal, por maioría absoluta do número legal de membros do Pleno, segundo o disposto no artigo 123.1.i) da LBRL.

O acordo de aprobación definitiva da modificación do PXOM e o documento que conteña a súa normativa serán publicados segundo o disposto no artigo 82 da LSG.

5.- SUSPENSIÓN DE LICENZAS

Segundo o disposto no artigo 47.2 da LSG:

“2. O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos doterritorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a devandita aprobación inicial, e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.”

O ámbito obxecto da modificación do PXOM está clasificado como solo urbano non consolidado e carece de ordenación urbanística detallada, como consecuencia da sentenza do 2 de marzo de 2017, polo que non poderá ser edificado nin parcelado ningún terreo e unicamente poderán autorizarse os usos e obras provisionais previstos no artigo 89 da LSG.

Ademais, a edificación existente no ámbito do URPI-58 foi totalmente demolida como consecuencia da execución subsidiaria da orde de demolición recaída en expediente de reposición da legalidade urbanística. Na actualidade non existen edificación ningunha no ámbito obxecto desta modificación.

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar inicialmente, consonte ao disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a “Modificación do Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, no ámbito do URPI-58, segundo a documentación presentada polo equipo redactor no rexistro municipal en data 28-11-2024, coas seguintes condicións:

- a) O ámbito da modificación manterá a súa clasificación como solo urbano **non** consolidado.
- b) A cualificación urbanística de zona verde e de equipamento dos terreos ao sur do ámbito en contacto coa Rolda do Carme, chegará ata onde empeza a beirarrúa existente.

Segundo.- Someter o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, consonte ao disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Terceiro.- Suspender no ámbito do URPI-58 o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de nova edificación. A suspensión non afectará ás obras ou actividades sinaladas no art. 86.3 do Regulamento da Lei 2/2016, do

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

solo de Galicia, para os casos nos que resulte de aplicación, nin aos usos e obras provisionais previstos no artigo 89 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación do PXOM.

Cuarto.- Dar traslado do documento aprobado inicialmente ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo, para os efectos previstos no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e solicitar os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.”

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente, consonte ao disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a “Modificación do Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, no ámbito do URPI-58, segundo a documentación presentada polo equipo redactor no rexistro municipal en data 28-11-2024, coas seguintes condicións:

a) O ámbito da modificación manterá a súa clasificación como solo urbano **non** consolidado.

b) A cualificación urbanística de zona verde e de equipamento dos terreos ao sur do ámbito en contacto coa Rolda do Carme, chegará ata onde empeza a beirarrúa existente.

SEGUNDO.- Someter o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, consonte ao disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Suspende no ámbito do URPI-58 o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e de nova edificación. A suspensión non afectará ás obras ou actividades sinaladas no art. 86.3 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, para os casos nos que resulte de aplicación, nin aos usos e obras provisionais previstos no artigo 89 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva da modificación do PXOM.

CUARTO.- Dar traslado do documento aprobado inicialmente ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo, para os efectos previstos no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e solicitar os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

INTERVENCIÓN

4/20 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 1-2025. REPARO 4-2025.- Examinado el expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 17 de febreiro de 2025, do teor literal seguinte:

“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O
Recoñecemento extraxudicial 1-2025_Reparo 4-2025
IMPORTE TOTAL: 44.529,94 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2025, prorrogado do exercicio 2024:
44.529,94 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **44.529,94 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **44.529,94 € (contía imputable ao orzamento 2025, prorrogado do exercicio 2024)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2025/218, do 17.02.2025, relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 1-2025_Reparo 4-2025, coas consideracións nel contidas, e o decreto de levantamento de reparo núm. 1385/2025, do 13.02.2025, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **44.529,94 €:**

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
--------	------------	---------	----------	----------	------------	----------	-------	------	------	--------

108946	UNIPREX SAU	A28782936	2241026230	EMISORA: A CORUÑA; REF. EXTE RNA: ;OR DEN:1764 016799;AN UNCIENT E:A RDE LUCUS 2024;MAR CA:;P.EMI SIO N:12- 14/06/2024 ;CL:Cuña; DUR.:0	33802.22609	202500001541	220,22	30/6/2024	XUVEN TUDE	B
108947	UNIPREX SAU	A28782936	2241026233	EMISORA: GIJON CV.; REF. EXTE RNA: ;OR DEN:1764 016802;AN UNCIENT E: ARDE LUCUS 2024;MAR CA:;P.EMI SI ON:12- 14/06/2024 ;CL:Cuña; DUR.:0	33802.22609	202500001541	203,28	30/6/2024	XUVEN TUDE	B
108965	LA VOZ DE GALICIA SA	A15000649	004553	CONCELL O DE LUGO- ARDE LUCUS; JUN-14, 17; La Voz de Galicia; Lugo; Pagina par; 5x10 MOD:--	33802.22609	202500001541	2.420,00	30/6/2024	XUVEN TUDE	B
108984	LUCUS MARKET, S.L. UNIPERSONAL	B15735616	FQ0003863	AGUA S/GAS IFA ELIGES BOTELLA 50 CL.- AGUA S/GAS IFA ELIGES B OTELLA 1,5 L.- SERVICIO DOMICIL IO LOCAL- 3022 BLONDA 31X38 BDJ	33802.22609	202500001541	713,02	30/6/2024	XUVEN TUDE	D
109487	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIOFUSION SLU	B28016970	001053	CUÑAS EN RADIO LUGO - SER "ARDE LUCUS"- CUÑAS EN DIAL LUGO "AR DE LUCUS"- CUÑAS EN LOS40 CLASS IC LUGO "ARDE LUCUS"- CUÑAS EN	33802.22609	202500001541	1.511,90	30/6/2024	ARDE LUCUS	B
109516	SANEAMIENTOS RIGA SL	B27030311	2024/A/240682	18035 - MANGUIT	33802.22609	202500001541	1.849,45	22/7/2024	ARDE LUCUS	D

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

				O METAL 1 1/4"-18191 - MAMELIN METAL REDUCID O 1 1/2"-1 1/4"-18105 - MAMELIN METAL 1 1/4"-18035 - MANGUITO						
109564	TA TA TA COMUNICACION Y DISEÑO	B27321926	3991	XESTIÓN DA PÁXINA WEB E PERFIL ES DE REDES SOCIAIS DO "ARDE L UCUS" 2024---	33802.22609	202500001541	12.342,00	24/7/2024	ARDE LUCUS	B
110609	LORENZO LEMOS CARLOS	32680528N	2	EVENTOS DESFILES ARDELUCUS	33802.22609	202500001541	2.178,00	4/10/2024	ARDE LUCUS	D
110680	VIAJES ALMAR SL	B27176932	G249099	HOTEL VILLAMADRID EL 26 DE SEPTIEMBRE PARA JORGE BUSTOS ATANASIO- HOTEL VILLAMADRID EL 26 DE SEPTIEMBRE PARA MARIA JOSE P	33802.22609	202500001541	310,00	30/9/2024	XUVEN TUDE	D
111339	FUNDACION EMPRESA UNIV GALLEGA	G15051667	686	ANÁLISIS DE DETECCIÓN DE DROGAS (PETICIÓN POLICÍA LOCAL)---	13200.22699	202500001548	4.083,75	18/11/2024	POLICIA	B
111485	TA TA TA COMUNICACION Y DISEÑO	B27321926	4046	XESTIÓN DA PÁXINA WEB E PERFIL ES DE REDES SOCIAIS DO "ARDE L UCUS" 2024---	33802.22609	202500001541	1.815,00	29/11/2024	ARDE LUCUS	B
111568	SANEAMIENTOS RIGA SL	B27030311	2024/A/241119	11315 - SIFON JIMTEN HORIZON TA L S/VALV. S-65 32-1 1/4"-11568 - JUNTA JIMTEN SIFON-00008 - OBRA:	16100.21300	202500001550	250,89	29/11/2024	TALLER_AUG	B

				CENTRO DE EMPRESA S-18187						
111640	FUNDACION EMPRESA UNIV GALLEGA	G15051667	736	ANÁLISIS DE LABORATORIO MUESTRAS DE SALIVA EN CONTROL ES DE TRÁFICO ALCOHOL /DROGAS DE POLICIA LOCAL---	13200.22699	202500001548	4.038,38	4/12/2024	POLICIA	B
111676	FERRECAL SA	A15035538	041527	MONOMANDO GENEBRRE 1-AGUA 1008.04----	16100.21300	202500001550	24,21	30/11/2024	TALLER_AUG	B
111782	ASOC CULT ROMANOS E CASTREXOS DE LUCUS LLUG	G27393222	01/2024	Participación de Terra Copora no Arde Lucus, edicións do ano 2024	33802.22609	202500001541	6.000,00	23/11/2024	ARDE LUCUS	B
111847	FUNDACION EMPRESA UNIV GALLEGA	G15051667	803	SERVICIOS DE ANÁLISIS DE PRUEBAS PARA DETECCIÓN DE DROGAS EN LA CONDUCCIÓN PARA POLICIA LO CAL-SERVICIOS DE ANÁLISIS DE P	13200.22699	202500001548	499,13	16/12/2024	POLICIA	B
111998	TORRES SAEZ SAU Y	A15023823	3846	LLAVE VASO HEX DEWALT-MARKERPE N ROJO-MARKERP EN BLANCO-TACO FISCHER DUOTEC 10	16100.21300	202500001550	100,37	26/12/2024	TALLER_AUG	B
112037	SANEAMIENTOS RIGASL	B27030311	2024/A/241214	00008 - OBRA: CANIL DE FRIGSA-52591 - GRIFO 1 AGUA SANITARIO WC ERGOS-00008 - OBRA: FUNETE S DE GALLEGO	16100.21300	202500001550	287,74	30/12/2024	TALLER_AUG	B

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

				TATO Y ORQUIDE A-9						
112039	SANEAMIENTOS RIGA SL	B27030311	2024/A/241216	21016 - PAQUETE LANA ACERO- 000 08 - OBRA: TALLER- 83213 - TAPO N LIMPIEZA URINARIO MURAL ROCA (16100R)- 83036 - CISTERN A VIC	16100.21300	202500001550	266,44	30/12/2024	TALLER_ AUG	B
112121	WURTH ESPAÑA SA	A08472276	4733373880	CJTO 7 BROCAS PERC. PLUS DUO - --	16100.21300	202500001550	116,16	31/12/2024	TALLER_ AUG	B
112253	ASOCIACION HIPOCRITA TEATRO	G27312529	4	2 Pases da peza teatral "VIVIR NAS NUBES" o sábado 15 de xuñ o de 2024 na Praza de Santa Ma ría Horario: 1º Pase: As 18:30	33802.22609	202500002655	2.700,00	16/6/2024	ARDE LUCUS	D
112315	NOVA ESCENA ASOC CULT TEATRAL	G27289172	2024-0001	REPRESE NTACIÓN TEATRAL A PROFE TISA ARDE LUCUS 2024---	33802.22609	202500002655	2.600,00	17/6/2024	ARDE LUCUS	B
TOTAL							44.529,94			

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización,

disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **44.529,94 €**:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
108946	UNIPREX SAU	A28782936	2241026230	EMISORA: A CORUÑA; REF.EXTE RNA: ;OR DEN:1764 016799;AN UNCIA E:A RDE LUCUS 2024;MAR CA;;P.EMI SIO N:12- 14/06/2024 ;CL:Cuña; DUR.:0	33802.22609	202500001541	220,22	30/6/2024	XUVEN TUDE	B
108947	UNIPREX SAU	A28782936	2241026233	EMISORA: GIJON CV.; REF.EXTE RNA: ;OR DEN:1764 016802;AN UNCIA E: ARDE LUCUS 2024;MAR CA;;P.EMI SI ON:12- 14/06/2024 ;CL:Cuña; DUR.:0	33802.22609	202500001541	203,28	30/6/2024	XUVEN TUDE	B
108965	LA VOZ DE GALICIA SA	A15000649	004553	CONCELL O DE LUGO- ARDE LUCUS; JUN-14, 17; La Voz de Galicia; Lugo; Pagina par; 5x10 MOD:--	33802.22609	202500001541	2.420,00	30/6/2024	XUVEN TUDE	B
108984	LUCUS MARKET, S.L. UNIPERSONAL	B15735616	FQ0003863	AGUA S/GAS IFA ELIGES BOTELLA 50 CL.- AGUA S/GAS IFA ELIGES B OTELLA 1,5 L.- SERVICIO DOMICIL IO LOCAL- 3022 BLONDA 31X38 BDJ	33802.22609	202500001541	713,02	30/6/2024	XUVEN TUDE	D
109487	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SLU	B28016970	001053	CUÑAS EN RADIO LUGO - SER "ARDE LUCUS"- CUÑAS EN DIAL	33802.22609	202500001541	1.511,90	30/6/2024	ARDE LUCUS	B

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

				LUGO "AR DE LUCUS"- CUÑAS EN LOS40 CLASS IC LUGO "ARDE LUCUS"- CUÑAS EN						
109516	SANEAMIENTOS RIGA SL	B27030311	2024/A/240682	18035 - MANGUIT O METAL 1 1/4"- 18191 - MAMELIN METAL REDUCID O 1 1/2"-1 1/4"-18105 - MAMELIN METAL 1 1/4"-18035 - MANGUIT O	33802.22609	202500001541	1.849,45	22/7/2024	ARDE LUCUS	D
109564	TA TA TA COMUNICACION Y DISEÑO	B27321926	3991	XESTIÓN DA PÁXINA WEB E PERFIL ES DE REDES SOCIAIS DO "ARDE L UCUS" 2024---	33802.22609	202500001541	12.342,00	24/7/2024	ARDE LUCUS	B
110609	LORENZO LEMONS CARLOS	32680528N	2	EVENTOS DESFILES ARDELUC US	33802.22609	202500001541	2.178,00	4/10/2024	ARDE LUCUS	D
110680	VIAJES ALMAR SL	B27176932	G249099	HOTEL VILLAMAD RID EL 26 DE SEP TIEMBRE PARA JORGE BUSTOS ATAN ASIO- HOTEL VILLAMAD RID EL 26 D E SEPTIEM BRE PARA MARIA JOSE P	33802.22609	202500001541	310,00	30/9/2024	XUVEN TUDE	D
111339	FUNDACION EMPRESA UNIV GALLEGA	G15051667	686	ANÁLISIS DE DETECCI ÓN DE DROGA S (PETICIÓN N POLICÍA LOCAL)---	13200.22699	202500001548	4.083,75	18/11/2024	POLICIA	B
111485	TA TA TA COMUNICACION Y DISEÑO	B27321926	4046	XESTIÓN DA PÁXINA WEB E PERFIL ES DE REDES SOCIAIS DO "ARDE L UCUS" 2024---	33802.22609	202500001541	1.815,00	29/11/2024	ARDE LUCUS	B

111568	SANEAMIENTOS RIGA SL	B27030311	2024/A/241119	11315 - SIFON JIMTEN HORIZON TA L S/VALV. S-65 32-1 1/4"-11568 - JUNTA JIMTEN SIFON-00008 - OBRA: CENTRO DE EMPRESA S-18187	16100.21300	202500001550	250,89	29/11/2024	TALLER_AUG	B
111640	FUNDACION EMPRESA UNIV GALLEGA	G15051667	736	ANÁLISIS DE LABORAT ORIO MUESTR AS DE SALIVA EN CONTROL ES DE T RÁFICO ALCOHOL /DROGAS DE POLIC IA LOCAL---	13200.22699	202500001548	4.038,38	4/12/2024	POLICIA	B
111676	FERRECAL SA	A15035538	041527	MONOMA NDO GENEBRRE 1-AGUA 1008 .04---	16100.21300	202500001550	24,21	30/11/2024	TALLER_AUG	B
111782	ASOC CULT ROMANOS E CASTREXOS DE LUCUS LLUG	G27393222	01/2024	Participaci ón de Terra Copora no Arde Lucus, edicións do ano 2024	33802.22609	202500001541	6.000,00	23/11/2024	ARDE LUCUS	B
111847	FUNDACION EMPRESA UNIV GALLEGA	G15051667	803	SERVICIO S DE ANÁLISIS DE PRUEB AS PARA DETECCI ÓN DE DROGAS EN LA CONDUCTI ÓN PARA POLICÍA LO CAL-SERVICIO S DE ANÁLISIS DE P	13200.22699	202500001548	499,13	16/12/2024	POLICIA	B
111998	TORRES SAEZ SAU Y	A15023823	3846	LLAVE VASO HEX DEWALT-MARKERP E N ROJO-MARKERP EN BLANCO-TACO F ISCHER DUOTEC 10	16100.21300	202500001550	100,37	26/12/2024	TALLER_AUG	B
112037	SANEAMIENTOS RIGA SL	B27030311	2024/A/241214	00008 - OBRA:	16100.21300	202500001550	287,74	30/12/2024	TALLER_AUG	B

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

				CANIL DE FRIGSA-52591 - GRIFO 1 AGUA SANITARIO WC ERGOS-00008 - OBRA: FUNETE S DE GALLEGO TATO Y ORQUIDE A-9						
112039	SANEAMIENTOS RIGA SL	B27030311	2024/A/241216	21016 - PAQUETE LANA ACERO-000 08 - OBRA: TALLER-83213 - TAPO N LIMPIEZA URINARIO MURAL ROCA (16100R)-83036 - CISTERN A VIC	16100.21300	202500001550	266,44	30/12/2024	TALLER_AUG	B
112121	WURTH ESPAÑA SA	A08472276	4733373880	CJTO 7 BROCCAS PERC. PLUS DUO - --	16100.21300	202500001550	116,16	31/12/2024	TALLER_AUG	B
112253	ASOCIACION HIPOCRITA TEATRO	G27312529	4	2 Pases da peza teatral "VIVIR NAS NUBES" o sábado 15 de xuño de 2024 na Praza de Santa María Horario: 1º Pase: Ás 18:30	33802.22609	202500002655	2.700,00	16/6/2024	ARDE LUCUS	D
112315	NOVA ESCENA ASOC CULT TEATRAL	G27289172	2024-0001	REPRESENTACIÓN TEATRAL A PROFETA ARDE LUCUS 2024---	33802.22609	202500002655	2.600,00	17/6/2024	ARDE LUCUS	B
					TOTAL	44.529,94				

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Como se acordou na xunta de voceiros, vanse debater conxuntamente ese recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2025 co número 2, que é o seguinte punto.

-ANA MARÍA RIVAS GARCÍA, SECRETARIA: Entón procedemos a debater o punto número 4, ao que acabo de facer referencia, xunto co punto número 5: recoñecemento extraxudicial de créditos, neste caso o número 2/2025, reparo 5/2025.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois ten a palabra polo goberno o concelleiro Pablo Permuy.

-ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: Grazas, alcaldesa.

Bo día a todas e a todos. Benvida, Iria. Para min é un pracer poder participar outra vez nos plenos xa de feito, o normal despois deste período que mellor o deixamos así aparcado.

Nesta data elevamos a Pleno para ser coñecidas xudicialmente 37 facturas por un importe global de 779 772,30 € que non foron imputadas ás respectivas aplicacións presupostarias dos orzamentos vixentes nese momento. Os gastos destes expedientes están relacionados cos servizos ordinarios municipais e, como se dixo, pertencen ao exercicio orzamentario anterior. En todo caso, segundo se recolle en cada un dos dous expedientes, a imputación destas no orzamento do ano 2025 prorrogado do 2024 non supón menoscabo ningún nin limitación á execución dos gastos deste orzamento en coherencia cos criterios de estabilidade orzamentaria e regras de gasto.

Respecto ao recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2025, correspóndense con 22 facturas de diferentes servizos por un importe total de 44 529,94 €. Correspóndese na súa totalidade con facturas emitidas ao longo do segundo semestre de 2024 que, por diferentes motivos, non foron pagadas nese exercicio, correspondéndose moitas delas con facturas dos dous últimos meses do ano. Existe un informe discrepancia de Intervención por non existir diferentes trámites nos procedementos de contratación nalgunhas desas facturas; fíxose Decreto de levantamento discrepancia número 1385/2025, do 13/2/2025.

Respecto ao recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2025, tamén son facturas de diferentes servizos e, neste caso, 15 facturas por un importe global de 735 242,36 €. As datas da totalidade das facturas, agás 3, corresponden aos dous últimos meses de 2024 e a xaneiro de 2025, o que non permitiu o seu trámite dentro do exercicio pasado. Nos expedientes non constan determinados trámites nos procedementos de contratación, o que motiva a existencia dun informe de discrepancia de Intervención. Neste caso, tamén se fixo o Decreto de levantamento de discrepancia número 1414/2025, do 14 de febreiro de 2025.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Carballas.

-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias, alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.

En primer lugar, darle la bienvenida a Iria. Bienvenida, compañera. Nuevamente vemos como una mujer joven, valiente, da el paso y se incorpora a esta corporación y, como dijo la alcaldesa, te deseamos muchos éxitos, ya que serán los de nuestra ciudad, Lugo.

Señor Permu, bienvenido de nuevo a usted también. Como ve, aquí todo está como lo dejó: se fue con reconocimiento, reparos, contratos caducados y seguimos con reconocimiento, reparos, contratos caducados.

Como bien dijo, a este Pleno nos trae dos reconocimientos, los dos con reparo de legalidad, que ascienden en total a 779 772,30 €, casi 800 000 € en facturas reparadas. Y mire que se esforzaron por que esto no pasase, porque el 30 de diciembre estuvieron trabajando sin parar, moviendo papeles para arriba, para abajo, facturas y con sus trapalladas habituales.

Primera trapallada: el 30 de diciembre vemos que levantaron casi 1 000 000 € en facturas con reparo de legalidad y todo para que no se pasasen al año 2025 y tener que traerlo a Pleno.

Trapallada número dos: la alcaldesa se ausenta dos horas ese mismo día para que el señor Arroxo levantara los reparos de sus facturas. ¿Qué habrá para que la alcaldesa se plante y diga «hasta aquí hemos llegado, yo no levanto el reparo de Intervención, no resuelvo la discrepancia, no apruebo la autorización y disposición de gasto, no reconozco la obligación ni ordeno el pago»? Bueno, pues, entre otras cosas, todas las facturas de Lugo Máximo que ustedes hacen sin contrato. Miren como fue la cosa de apurada que alguna de las facturas ni tan siquiera tenía concepto, les pusieron un uno y para adelante. Hasta la señora Ferreiro ese día se apuntó y firmó la validación y conformidad de facturas del Área de Xultura.

Ese día trabajaron sin parar para levantar, insisto, en un solo día, el 30 de diciembre, casi 1 000 000 € en facturas con reparo de legalidad para no tener que traerlas a este Pleno, así que hoy vamos a analizar algunos de los reparos que no les dio tiempo a levantar y se ven obligados a elevar a Pleno.

Lo primero que le voy a preguntar es por qué en el expediente no incluyen las facturas íntegras. Se lo pedí una vez y se lo vuelvo a pedir: nosotros queremos que en los expedientes se incluya toda la información necesaria para el análisis y el estudio de los reconocimientos. Sinceramente, yo creo que ya no tendría que pedirle esas facturas, ya deberían incluirlas en el expediente. Para pronunciarnos

sobre la habilitación de crédito, la aprobación de gasto, la disposición, el reconocimiento y liquidación de las facturas a mí no me vale con un listado en el que tengo 4 datos.

Señor Permuy, ¿por qué no incluyen las facturas? ¿Qué es lo que no quieren que veamos? Dejen de tratar de ocultarnos información, porque a este Pleno nos traen 37 facturas de prestaciones que ustedes hicieron, como bien dijo, sin contrato, con contratos caducados o en el que omitieron el procedimiento de licitación ilegal. Por ejemplo: «Gestión de las redes sociales y página web del Arde Lucus». A la empresa Tatata comunicación, conocida por todos en este Concello, por unos más que por otros, le pagan 3 facturas diferentes por un total de 15 367 €: una factura de 1210 €, otra de 1815 € y otra de 12 342 €. Cada factura tiene un importe diferente. Si el Arde Lucus, según las palabras de uno de sus compañeros, es una fiesta municipal con marca registrada, propiedad de la Administración local... explíqueme, señor Permuy, ¿cómo puede ser que, a día de hoy, no tenga un contrato con ninguna empresa para que le gestione las redes y su página web? ¿El Arde Lucus les importa o no? ¿O es que el Arde Lucus les importa, pero no tanto como para tener una planificación seria? ¿O es que, a lo mejor, el Arde Lucus solo les importa cuando es la Xunta de Galicia la que quiere ayudar a darle visibilidad? Y, si no, explíqueme cómo es posible que se estén pagando tales cantidades, cantidades a tanto alzado, a la misma empresa año tras año y sin contrato.

Y no es solo lo que le pagan a esta empresa, es que la mayoría de las facturas del primer reconocimiento pertenecen al Arde Lucus. Insisto: según ustedes, una fiesta municipal con marca registrada propiedad de la Administración local, pero no son capaces o no quieren organizar las actividades con la antelación suficiente como para no saltarse los trámites legales de contratación.

¿Y qué pasa con el área de Servicios Sociales? Pues que también tiene facturas reparadas por tener el contrato de vigilancia do Fogar do Transeúnte ya caducado. No fueron ni capaces de publicar el nuevo contrato antes de que se terminase el anterior. Este es el escudo social del que tanto presumen.

Ustedes son un bigobierno que lleva años en euforia privatizadora y desmantelando los servicios. ¿El resultado? Privatizan tanto, tanto, que se les va de las manos y ni siquiera son capaces de gestionar, de licitar, de mantener tal magnitud de contratos. Gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Segunda quenda para o señor Permuy.

-ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: Seguimos coma sempre. Aproveitase de que traemos uns recoñecementos extraxudiciais para facer labor político traendo

a colación temas que non teñen nada que ver con estes recoñecementos. É dicir, encántame que falen vostedes de privatizar servizos, encántame; a verdade é que me levanta a moral.

Como xa dixen en máis ocasións, os motivos porque estas facturas non foron pagadas no seu momento son diferentes. Xa falamos no seu momento que algunhas delas, as facturas emítese con demora por parte das empresas prestadoras dos servizos. Noutros casos xorden problemas na comprobación destas... Ademais, a maior parte das facturas, cos datos que ten hai presentes pódoo comprobar, son de finais do ano 2024 e algunha delas con contrato de 2025, aínda que os servizos son prestados no 2024, e que tecnicamente non é posible pagar, aboar, no exercicio de 2024.

Sempre pode haber casos de facturas puntuais que poidan atrasarse por outros motivos. Por exemplo, neste caso, nalgúnhas das facturas existía insuficiente orzamentaria na aplicación correspondente para aboar esas facturas e houbo que esperar a facer as modificacións oportunas previamente ao pago delas.

Pero isto non é nada novo. Na Administración, estas situacións son as que dan pé aos recoñecementos extraxudiciais, que son comúns non só neste Concello, senón en practicamente todos eles. E, xa llo dixen máis veces, é un mecanismo perfectamente legal e válido para dar solución aos pagos de obrigas de anos anteriores.

A pesar destas situacións, sigo insistindo, e diso vostede non fala nunca, que o prazo medio de pago segue moi por baixo do tope normativo e, de feito, xa que quere datos, apórtanse a este Pleno o informe de morosidade do 4º trimestre de 2024 no que se recolle que o prazo medio de pago foi, en outubro, de 15,68 días; en novembro, 15,57; e, en decembro, de 5,34. E, ademais, como se indica no informe, non se aboaron xuros de demora en ningún caso, e cito textualmente o que di o informe: «reflicten unha mellora evidente dos prazos de tramitación e pagos das facturas, manténdose o prazo medio de pago por debaixo dos 60 días e aumentando a porcentaxe de facturas pagadas dentro do prazo legal».

Se quere máis datos, voulle dicir que en xaneiro de 2025, recén feito un informe por parte da Tesourería deste Concello, o período medio de pago do mes de xaneiro está en 16,27 días. Como se ve nos datos, estase continuar traballando en simplificar...

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Permuy. Ten que continuar na seguinte quenda.

Segunda quenda para a señora Carballas.

-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias.

Señor Permuy, usted habla mucho, pero dice muy poco. ¿O dice lo que le interesa?

Sí, yo le estuve hablando de facturas y le dije, efectivamente, que estos reconocimientos que nos traen hoy aquí son las facturas que no les dio tiempo de pagar ese 30 de diciembre en el que tanto trabajaron. Y usted me habla del... de la morosidad, pero se olvidó de decir el total de las facturas que quedaron pendientes de pago el 31 de diciembre del 2024, que fueron 3164, 8 976 610,41 €. Y, de esas, 2714 ya incumplirían el plazo legal de pago, 2 000 000 €. Están debiendo ustedes a las empresas, a los autónomos, 8 976 610,41 €. Eso sí que no lo dijo en su intervención.

Y este es el reflejo de su manera de gobernar: traer a Pleno una lista de casi 40 facturas paradas por Intervención porque no siguen los trámites legales.

En el reconocimiento 2/2025 con reparo de legalidad 5/2025 hay facturas de 5 contratos caducados o, peor aún, de prestaciones que nunca tuvieron contrato, porque, ¿cuándo piensa licitar el contrato de la EDAR y de la ETAP? Presumen de ser un gobierno ecologista y siguen teniendo contratos del Área de Medio Ambiente caducados; presumen de ser un gobierno social y siguen teniendo los contratos del Área de Servicios Sociales caducados. Pero, como siempre, dato mata relato.

Y este es el resumen de su manera de gobernar. ¿Así piensan ser el referente social, económico y cultural que dicen que necesita esta provincia? Yo insisto en que no hablen de otras administraciones, ustedes son concejales del Concello de Lugo y es aquí donde están gobernando. Céntrense en trabajar aquí, en mejorar aquí, en pagar esos 8 millones... no, casi 9 millones de euros que le deben a las empresas, a los autónomos, y dejen de compararse con otras administraciones, que es algo ya muy recurrente que hacen aquí.

Los gallegos ya conocen su manera de gobernar, sus trapalladas y sus artimañas. Por eso aquí tienen 5 concejales, 8 concejales; y nosotros, 12, que les recuerdo que no están ahí por haber ganado las elecciones. Así que lo primero que tienen que hacer para gobernar es tener humildad y escuchar, y tener respeto por los lucenses. Menos fotos, menos palabrería. Déjense de tratar de hacer oposición todos los días a la Xunta de Galicia y céntrense en lo que tienen que hacer, que es trabajar por Lugo, trabajar de manera eficaz, de manera eficiente y sin saltarse, sobre todo, los procesos ni los procedimientos legales.

Muchas gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Última quenda para o señor Permuy.

-ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA: Ben, tal e como se indicou, por diferentes motivos da factura non se remataron os circuítos administrativos e, polo tanto, non foron aboadas con anterioridade e, para completar o expediente, procédese agora, é polo que se traen estes dous recoñecementos a este Pleno.

E, por certo, xa que unha e outra e outra e outra vez critica o labor do grupo de goberno e, sen mencionalo, dos técnicos encargados de tramitar os expedientes de contratación e os pagos das facturas, e dado o seu alto grao de coñecemento de todas estas materias, me gustaría que me fixese chegar o mecanismo que vostede utilizaría para aboar as facturas con datas de últimos días do ano, ou primeiros días do exercicio seguinte, sen que sexa mediante un procedemento extraxudicial de crédito. Gustárame que me dixese cal é a súa forma de actuar nestes casos e se hai algunha nova, que eu estou encantado de recibir esa información.

Moitas grazas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Pois imos votar, por separado, tal como sabedes.

5/21 RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2-2025. REPARO 5-2025.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 17 de febreiro de 2025, do teor literal seguinte:

“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O Recoñecemento extraxudicial 2-2025_Reparo 5.

IMPORTE TOTAL:.....735.242,36 €
IMPORTE TOTAL imputado ó orzamento 2025, prorrogado do exercicio 2024
.....735.242,36 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **735.242,36 €**.

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente

expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **735.242,36 € (contía imputable ao orzamento 2025, prorrogado do exercicio 2024)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2025/220, do 17.02.2025, relativo ó expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 2-2025_Reparo 5-2025, coas consideracións nel contidas, e o decreto de levantamento de reparo núm. 1414/2025, do 14.02.2025, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ó Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **735.242,36 €**:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

CÓDIGO	PERSONA PROVEDORA NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO REPARO
8939	SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U. A96933510	FO6000R-37183	BIE 620X620X220 MM COMPLETA	33802.22609	202500001541	788,92	30/6/2024	XUVENTUDE	B
11691	TA TA COMUNICACION DISEÑO B27321926	4051	XESTIÓN DE REDES SOCIAIS E PÁX INA WEB DO "ARDE LUCUS"---	33802.22609	202500001541	1.210,00	9/12/2024	XUVENTUDE	B
8975	TEI LUGO INSTALACIONES SL B27450113	00000086	INSTALACIÓN ELÉCTRICA ARDE LUC US 2.024-Según Presupuesto N° 2427 de fecha 13/05/2024-Capít ulo 01:-MATERIAL APORTADO POR	33802.22609	202500001541	33.636,69	3/7/2024	ARDELUCUS	B
11858	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	0496	SERVICIO DE VIGILANCIA HOGAR D EL TRANSEÜNTE LUGO. LOTE 1. EX PTE: REF. 7-2018---	23183.22701	202500004887	11.791,90	1/11/2024	SOCIAIS	C
11860	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	0548	SERVICIO DE VIGILANCIA HOGAR D EL TRANSEÜNTE LUGO. LOTE 1. EX PTE: REF. 7-2018---	23183.22701	202500004887	11.552,32	1/12/2024	SOCIAIS	C
12131	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	009	SERVICIO DE VIGILANCIA HOGAR D EL TRANSEÜNTE LUGO. LOTE 1. EX PTE: REF. 7-2018---	23183.22701	202500004887	11.552,32	1/1/2025	SOCIAIS	C
11934	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2406368	Nº CONTRATO: 000001674 -Fecha : 01/06/23 AL 30/04/24 -REGULA RIZACION ATRASOS 2023/2024 - L OTE 1 Y 2 DEL -CONTRATO ADMIN	93301.22700	202500001543	120.426,15	25/9/2024	AMBIENTE	C
12234	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2409285	NºCONTRATO :000025080 -Fecha : 01/11/2024 AL 30/11/2024 -HOG AR DEL TRANSEUNTE -SERVICIO D E LIMPIEZA	93301.22700	202500004909	3.527,37	31/12/2024	AMBIENTE	B
12235	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2409283	NºCONTRATO:000016678 -CENTRO C ULTURAL VELLO CARCERE - SERVIC IO DE LIMPIEZA EN EL MES DE NO VIEMBRE -EDIFICIO ARQUEOLOGÍA	93301.22700	202500004909	4.469,66	31/12/2024	AMBIENTE	B
12236	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA A33123498 A2409284		Nº CONTRATO: 000001675 -LOTE 2 -COLEGIOS PUBLICOS -SERVICIO D E LIMPIEZA EN EL MES DE NOVIEM BRE -	93301.22700	202500004909	108.337,66	31/12/2024	AMBIENTE	C
12237	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2409282	Nº CONTRATO: 000001674 -LOTE 1 -CENTROS Y DEPENDENCIAS MUNICI PALES -SERVICIO DE LIMPIEZA EN EL MES DE NOVIEMBRE -	93301.22700	202500004909	120.010,64	31/12/2024	AMBIENTE	C
12313	GESTION Y TECNICAS DEL AGUA, SA (GESTAGUA SA) A78139755	O/2025-9	PRESTACION DE SERVICIO DE LA E TAP, CORRESPONDIENTE AL MES DE DICIEMBRE 2024.---	16100.22799	202500004910	134.311,31	16/1/2025	AMBIENTE	C
12314	GESTION Y TECNICAS DEL AGUA, SA (GESTAGUA SA) A78139755	O/2025-10	P.S. de la EDAR-P.S. de la EDA R- P.S. de la EDAR-GESTION DE L OS RESIDUOS DE LA EDAR DE LUGO , CORRESPONDIENTE AL MES DE DI	16000.22799	202500004911	166.096,07	16/1/2025	AMBIENTE	C
12132	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	010	SERVICIO DE VIGILANCIA CEI NOD US. LOTE 2. EXPTE: REF. 7-2018 ---	24103.22701	202500004892	7.252,86	1/1/2025	NODUS	C
12210	LUCLIMAT SL B27192004	576	POLICÍA LOCAL-MANTENIMIENTO PR REVENTIVO DE LAS INSTALACIONES DE CLIMATIZACIÓN REALIZADO EN DICIEMBRE--	13200.21200	202500002372	278,49	30/12/2024	POLICIA	B

735.242,36

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **735.242,36 €**:

CÓDIGO	PERSONA PROVEDORA NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIV REPAR
108939	SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U. A96933510	F06000R-37183	BIE 620X620X220 MM COMPLETA	33802.22609	202500001541	788,92	30/6/2024	XUVENTUDE	B
111691	TA TA TA COMUNICACION Y DISEÑO B27321926	4051	XESTIÓN DE REDES SOCIAIS E PÁX INA WEB DO "ARDE LUCUS"---	33802.22609	202500001541	1.210,00	9/12/2024	XUVENTUDE	B
108975	TEI LUGO INSTALACIONES SL B27450113	00000086	INSTALACIÓN ELÉCTRICA ARDE LUC US 2.024-Según Presupuesto N° 2427 de fecha 13/05/2024-Capít ulo 01:-MATERIAL APORTADO POR	33802.22609	202500001541	33.636,69	3/7/2024	ARDELUCUS	B
111858	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	0496	SERVICIO DE VIGILANCIA HOGAR D EL TRANSEÚNTE LUGO. LOTE 1. EX PTE: REF. 7-2018---	23183.22701	202500004887	11.791,90	1/11/2024	SOCIAIS	C
111860	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	0548	SERVICIO DE VIGILANCIA HOGAR D EL TRANSEÚNTE LUGO. LOTE 1. EX PTE: REF. 7-2018---	23183.22701	202500004887	11.552,32	1/12/2024	SOCIAIS	C
112131	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	009	SERVICIO DE VIGILANCIA HOGAR D EL TRANSEÚNTE LUGO. LOTE 1. EX PTE: REF. 7-2018---	23183.22701	202500004887	11.552,32	1/1/2025	SOCIAIS	C
111934	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2406368	Nº CONTRATO: 000001674 -Fecha : 01/06/23 AL 30/04/24 -REGULA RIZACION ATRASOS 2023/2024 - L OTE 1 Y 2 DEL -CONTRATO ADMIN	93301.22700	202500001543	120.426,15	25/9/2024	AMBIENTE	C
112234	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2409285	NºCONTRATO :000025080 -Fecha : 01/11/2024 AL 30/11/2024 -HOG AR DEL TRANSEUNTE -SERVICIO D E LIMPIEZA	93301.22700	202500004909	3.527,37	31/12/2024	AMBIENTE	B
112235	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2409283	NºCONTRATO:000016678 -CENTRO C ULTURAL VELLO CARCERE - SERVIC IO DE LIMPIEZA EN EL MES DE NO VIEMBRE -EDIFICIO ARQUEOLOGÍA	93301.22700	202500004909	4.469,66	31/12/2024	AMBIENTE	B
112236	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA A33123498 A2409284		Nº CONTRATO: 000001675 -LOTE 2 -COLEGIOS PUBLICOS -SERVICIO D E LIMPIEZA EN EL MES DE NOVIEM BRE -	93301.22700	202500004909	108.337,66	31/12/2024	AMBIENTE	C
112237	LACERA SERVICIOS MANTENIMIENTO SA A33123498	Y A2409282	Nº CONTRATO: 000001674 -LOTE 1 -CENTROS Y DEPENDENCIAS MUNICI PALES -SERVICIO DE LIMPIEZA EN EL MES DE NOVIEMBRE -	93301.22700	202500004909	120.010,64	31/12/2024	AMBIENTE	C
112313	GESTION Y TECNICAS DEL AGUA, SA (GESTAGUA SA) A78139755	O/2025-9	PRESTACION DE SERVICIO DE LA E TAP. CORRESPONDIENTE AL MES DE DICIEMBRE 2024.---	16100.22799	202500004910	134.311,31	16/1/2025	AMBIENTE	C
112314	GESTION Y TECNICAS DEL AGUA, SA (GESTAGUA	O/2025-10	P.S. de la EDAR-P.S. de la EDA R- P.S. de la EDAR-GESTION DE L OS	16000.22799	202500004911	166.096,07	16/1/2025	AMBIENTE	C

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

	SA) A78139755		RESIDUOS DE LA EDAR DE LUGO , CORRESPONDIENTE AL MES DE DI						
I2132	SEYVI SEGURIDADE SL B84845940	010	SERVICIO DE VIGILANCIA CEI NOD US. LOTE 2. EXPTE: REF. 7-2018 ---	24103.22701	202500004892	7.252,86	1/1/2025	NODUS	C
I2210	LUCLIMAT SL B27192004	576	POLICÍA LOCAL-MANTENIMIENTO PR REVENTIVO DE LAS INSTALACIONES DE CLIMATIZACIÓN REALIZADO EN DICIEMBRE--	13200.21200	202500002372	278,49	30/12/2024	POLICIA	B
						735.242,36			

DELIBERACIÓN

Este asunto foi debatido conxuntamente co punto número 4/20 da orde do día. As intervencións producidas figuran ao pé do referido asunto.

PROPOSICIÓN

6/22 PROPOSICIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE E DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 48/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DAR TRASLADO AO MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE, A PROPOSTA DO COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, DE NOMEAR A PONTE DAS SAAMASAS COMO PONTE TOMÁS NOTARIO VACAS (Exp. 2025/G004/000070).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Alcaldía do Concello de Lugo recibiu o pasado 14 de xaneiro unha comunicación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos na que, por acordo unánime da súa xunta directiva, solicitaba que se tomase en consideración nomear a ponte de As Saamasas co nome do seu promotor e executor, Tomás Notario Vacas, en recoñecemento aos seus méritos e vinculación coa cidade e provincia de Lugo.

Estudada esta solicitude, constatouse que dita infraestrutura non é de titularidade municipal senón que pertence ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, motivo polo cal este Goberno local considera pertinente alcanzar un acordo plenario que permita elevar de forma institucional ao devandito Ministerio a iniciativa proposta polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

A figura de Notario Vacas está estreitamente vinculada co desenvolvemento de infraestruturas clave para as e os lucenses e que, sendo desenvolvidas ao longo da segunda metade do século XX, non só están en pleno funcionamento senón que ademais representan proxectos icónicos para a nosa cidade relacionados estreitamente coa nosa identidade colectiva.

Por estes motivos, o Grupo Municipal Socialista e o Grupo Municipal do BNG propoñen á Corporación tomar o seguinte punto de acordo:

1. Dar traslado ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, por ser esta institución a titular de dita infraestrutura, da proposta do Colexio de Enxeñeiros de

Camiños, Canais e Portos para nomear a ponte de As Saamasas, que salva o leito do Miño ao seu paso polo municipio dentro do trazado da N-540, co nome do seu promotor e executor, Tomás Notario Vacas, en recoñecemento aos seus méritos e vinculación coa cidade e provincia de Lugo."

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular o día 7 de febreiro de 2025, número 49/2025 de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polos Grupos Municipais do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, autores da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Dar traslado ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, por ser esta institución a titular de dita infraestrutura, da proposta do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para nomear a ponte de As Saamasas, que salva o leito do Miño ao seu paso polo municipio dentro do trazado da N-540, co nome do seu promotor e executor, Tomás Notario Vacas, en recoñecemento aos seus méritos e vinculación coa cidade e provincia de Lugo.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo partido socialista ten a palabra Ana González Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señora alcaldesa e benvida, Iria. Deséxоче unha longa traxectoria e moitos acertos, porque repercutirá en todo o concello de Lugo.

O Concello, dende que tivo constancia, o 14 de xaneiro, a través do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, pois, púxose a traballar e trasladar intentando recompilar toda esa información que nos trasladou o Colexio de Enxeñeiros para propoñer a este ilustre lucense, ademais cunha traxectoria impecable e cun papel crucial no desenvolvemento das infraestruturas da cidade de

Lugo, especialmente nesa etapa da segunda metade do século XX, da que aínda desfrutamos da súa obra, que está en pleno funcionamento e simboliza ou ten moita simboloxía icónica para o noso municipio.

Como dicía, tras recibir este escrito do Colexio de Enxeñaría, traemos a Pleno esta proposición na que se trata de levar ao ministerio correspondente esta iniciativa co obxectivo de conseguir o apoio unánime desta corporación para que o Goberno central, a razón desta iniciativa, recoñeza os méritos de Notario Vacas e a súa forte vinculación co municipio de —e a provincia de— Lugo.

Por iso, como esta infraestrutura non pertence ao Concello de Lugo, cremos oportuno que se traslade desde a unanimidade ou, polo menos, a maioría do posicionamento positivo desta corporación.

Temos que dicir que non se acepta a emenda presentada polo Partido Popular, entendendo que xa se reflicte no contido e no corpo da proposición a intencionalidade da proposición.

E gustárame rematar a intervención, pois, dando unha pequena mostra da obra de Notario Vacas, porque é doutor, enxeñeiro en camiños, canles e portos, e este recoñecemento vén merecido, non soamente polos seus títulos académicos, senón tamén polo exercicio profesional que fixo en Lugo: enxeñeiro de obras públicas; responsable de proxectos como a pavimentación da rolda da Muralla e a avenida da Coruña; inaugurou a estación de autobuses, que naquel momento foi un fito histórico; técnico da Comisión Provincial de Servicios Técnicos; dirixiu a construción da segunda rolda e a ponte sobre o río Miño, inaugurado no ano 1975, como obras un pouco máis simbólicas na nosa cidade.

Na carreira política sobra tamén mencionar a súa traxectoria: foi alcalde presidente do Concello nos anos 1976 e 1977; participou na creación do Padroado do Milenario de Lugo e na visita dos reis á cidade; promoveu numerosas obras viarias de urbanismo, iluminación e infraestrutura sanitaria, educación, deportes e medio ambiente; e foi tamén procurador nas Cortes na 10ª lexislatura.

E, entre outras obras, por mencionar algunha, debido ao extenso currículo que ten, foi responsable de varias demarcacións e portos de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco; coordinou os plans de emerxencia, reconstrución nas inundacións de Biscaia no 1983; inspector xeral de Servicios do Ministerio de Obras Públicas, entre algunhas das súas intervencións máis destacadas.

Con relación a outro tipo de actuacións, a recuperación do patrimonio: reverteu os terreos de edificios militares, como foi o cuartel e Garabolos ou de San Fernando para a súa reutilización en beneficio da comunidade e da cidade; e, na Casa do

Concello, decidiu tamén rehabilitar o antigo Seminario Menor para albergar as oficinas municipais e permitir que se desenvolvese esa nova sede.

Entón, eu creo que sobran os argumentos para propoñer o cambio do nome da Ponte das Saamasas por Notario Vacas, porque foi o seu o seu executor e promotor.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Polo Bloque Nacionalista Galego, Maite Ferreiro.

-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Moi bo día.

Benvida, Iria. Un pracer terte con nós.

Ben, pois, a popularmente coñecida «Ponte das Saamasas», situada na zona que lle dá nome, foi construída polo chamado, daquela, naquel ano, o Ministerio de Obras Públicas, e foi inaugurada o día 1 de xullo de 1975. E é certo, foi unha mellora importante na comunicación de Lugo coa outra beira do río, e que non só axudou a liberar o tráfico da ponte romana, senón que facilitou a saída da nosa cidade ata a nacional 540, que nos comunica con Santiago e Ourense.

Foi, pois, unha obra importante que cumpre este 2025 50 anos, unha infraestrutura que, a día de hoxe, segue a pertencer ao Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible, como ben se indica na exposición de motivos da proposición presentada polo grupo do BNG e do Partido Socialista.

Polo tanto, unha vez recibida no Concello a proposta do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de nomear a Ponte das Saamasas como «Ponte Tomás Notario Vacas», consideramos, por respecto institucional, trasladar a petición ao titular desa infraestrutura que, como dixen con anterioridade, é o Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible.

Moitas grazas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Polo Partido Popular, señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todas e a todos.

Eu tamén dou a benvida a Iria e, por suposto, á súa disposición para seguir construíndo todos un Lugo mellor.

Recibida proposta do Colexio de Enxeñeiros e Camiños, Canais e Portos, este grupo municipal fixo público o seu apoio o pasado 4 de febreiro.

Entendemos que a longa vida profesional e política de don Tomás Notario Vacas merece dende logo un apoio explícito desta corporación. É importante que todos os lucenses saiban o que hoxe estamos a votar, que é dar traslado desa proposta ao ministerio. Por iso, en tempo e forma, rexistramos unha emenda onde consideramos que esta corporación, de maneira explícita e decidida, debería respaldar esa petición e non limitarse a dar traslado, máxime despois de escoitalos e máxime vendo un acordo e unha unanimidade sen ningún tipo de cuestionamento.

Pero, indubidablemente, esa que eu defino como unha enorme torpeza política non debe empanar o debate dunha intervención que eu quero, indubidablemente, poñer en valor: vaías por onde vaías en Lugo, permanece a pegada en grandes e en pequenas obras de Tomás Notario, na infraestrutura viaria, na dotacional, no planeamento urbanístico... en xeral, en todos aqueles campos nos que as administracións polas que pasou tiñan competencias. A súa participación no deseño e na execución da segunda ronda; da circunvalación da nacional VI; evidentemente a ponte das Saamasas, que agora queremos que cambie de nome; a ampliación do polígono do Ceao; a construción do parque de bombeiros; os institutos de Fontiñas e de Casás; os polideportivos de Pintor Corredoira e Piringalla; as pistas de atletismo das Pedreiras; os centros de saúde de Illas Canarias, Fontiñas e Nadelá; o Centro Sociocultural de Fingoi; o arranque do campus universitario e a construción da súa residencia... son obras que están para o servizo de todos os lucenses e nas que don Tomás tivo unha decisiva participación, ben executándoas, obtendo os terreos ou xestionando os recursos precisos para que hoxe sexan unha realidade.

Tamén en materia de urbanismo: arrancou co Plan xeral do 2021, aprobou inicialmente o PEPRI que aínda é vixente hoxe, ou o Plan especial do campus, que facilitou dende logo un fito histórico na nosa cidade. Os desenvolvementos urbanísticos do seu mandato habilitaron solo para a construción de máis de 6.000 vivendas, das cales 700 foron de carácter público. Foi un adiantado, ademais, en materia social, tendo as primeiras vivendas para mulleres vítimas de violencia de xénero. Foi tamén o responsable de acometer de Lugo a primeira rede gasificación, que ata o momento era inexistente, ou a adquisición dos terreos nos que se desenvolveu o parque do Miño.

Adquiriu fama tamén pola súa política de supresión de tapóns. Cantos asuntos de rabiosa actualidade, verdade? E canto botamos en falta políticos de altura coma el. Na súa responsabilidade de 4 anos de mandato, só 4 anos de mandato, eliminou 48 tapóns urbanísticos. Non se esqueceu tampouco da zona rural, tan importante para nós, desempeñou un traballo tamén aí, nesa área, con eficacia, levando a

iluminación público a 171 núcleos rurais e culminando a iluminación de case a totalidade de todos eles, e logrando a reelectrificación de 93.

A avenida da Duquesa de Lugo, os tramos da segunda ronda, que desdobrou, son igualmente unha mostra do seu bo facer.

Por todo iso e por moitas máis cousas, quero definir o legado de Tomás Notario na nosa cidade como impresionante. E digo tamén, con esa altura de miras, con ese consenso que tantas veces se bota en falta nesta corporación, prégolles que acepten a emenda —que, evidentemente, aínda que non acepten, votaremos a favor— porque non lle fai xustiza ser meros transmisores dunha petición dunha terceira entidade.

Eu agradézolle ao colexio que nos convocase a todos os grupos políticos a reflexionar sobre o traballo que fixo un gran político na nosa cidade e, por suposto, invítoos a vostedes que aparquen que esa emenda a rexistrou o Partido Popular, porque hai un enorme consenso e creo que se merece, sen dúbida, un apoio explícito das 3 forzas políticas que forman esta corporación, e indubidablemente, con ese apoio reforzado, darlle traslado ao Ministerio, que é o titular desa infraestrutura.

Nada máis e moitas grazas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Segunda quenda para o Grupo Socialista.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, é imposible, señora Candia, que non se dirixa a nós falando de torpes políticos, de escaseza de mira política... Eu non sei quen quere ensuciar esta proposición, pero o que si teño claro é que a pegada, coma sempre, do Partido Popular, que quere apropiarse ou formar parte ou dicir que ten a iniciativa nalgún tema... do que nós non nos imos apropiar, evidentemente, porque é unha proposta, como dixemos, do Colexio de Enxeñería.

En resumo, esta proposta destaca perfectamente e é clara, e aclara perfectamente ao ministerio a intencionalidade, e a proposta non fai máis que destacar os logros e o impacto positivo de Tomás Notario Vacas nas infraestruturas, no urbanismo, no desenvolvemento de Lugo e é máis que xustificado o seu nomeamento desta ponte na súa honra.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Ten palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, Maite.

Renuncia.

Segunda quenda para a señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Definín non aceptar a emenda como un acto de torpeza política, e así o considero. Pero tamén volvo insistir en que don Tomás non merece un debate nos escasos minutos que temos para recordar o seu legado.

Un político que fixo exemplo do que eu defino a política, que e á arte do posible. Un político que, en palabras dun exministro socialista, José Blanco, cando lle entregaba a distinción da medalla ao mérito do traballo, dicía: «non se trata tanto de que don Tomás Notario fixera cousas extraordinarias, senón que o fixo todo extraordinariamente ben».

Un exemplo vivo, moi vivo, iso sen dúbida: é máis agradable que as distincións e os recoñecementos se dean cando o homenaxeado e o recoñecido poida escoitarnos. Ogallá poida escoitarnos hoxe, pero a súa xenerosidade, o seu compromiso coa sociedade lucense, como dicía, está aínda moi vivo. Estes días aínda coñecemos unha nova edición das bolsas nas que participa a fundación que el apoiou, que practicamente el creou co apoio doutras institucións. Unha persoa boa e xenerosa e —eu tamén teño que dicilo aquí— moi orgullosa de que sexa parte do meu proxecto político, moi orgullosa deses políticos que consideran, que pasan pola política para deixar un legado e ese legado é facer ben a súa cidade, que foron moitísimas as obras que nomeei na miña primeira intervención, que todas elas aínda hoxe siguen estando vivas e todos os lucenses poden desfrutar delas.

Pero tamén, así como tan orgullosa que estou de que pertenza ao meu proxecto político, tamén estou agradecida de que o colexio liderara esta iniciativa. Apoiar a iniciativa non é unha apropiación indebida dela, é simplemente falar alto e claro que todo o que acabamos de dicir, todos os grupos políticos o compartimos e que arroupamos, dunha maneira absolutamente democrática, absolutamente leal coa petición do colexio, e que chegue precisamente á administración titular da ponte ese compromiso e ese apoio indubidable de todas as forzas políticas porque, evidentemente, con este recoñecemento e neste Pleno onde, ademais, xa non imos poder intervir para recordar o legado nin de Rafael de Vega nin tampouco de Alonso Montero, pois creo que para este, que si puidemos ter debate e merece ter un recoñecemento, porque ningunha sociedade avanza no futuro se non coñece perfectamente o seu pasado, e Tomás Notario foi unha parte moi viva da historia da nosa cidade.

Por iso pedía ese apoio, pero, insisto, indubidablemente van ser...

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia.

Van intervir novamente? Non?

Ben, o que si está claro é que quen está faltando ao respecto á figura de Notario Vacas é vostede, señora Candia, intentando politizar unha iniciativa dun colexio profesional. A iniciativa, que aquí chegou o 14 de xaneiro —vostede falaba de 4 de febreiro—, o 14 de xaneiro xa chegara aquí esa iniciativa do colexio profesional, e nós, por suposto, iámoslle dar traslado. E vostede politizando esta iniciativa dun colexio profesional é quen lle está faltando ao respecto á figura de Tomás Notario Vacas.

Fala vostede tamén de torpeza política. Ao mellor, con esta expresión que acaba de dicir, para min desafortunada, está tratando de tapar outras torpezas políticas como vicepresidenta primeira da Xunta de Galicia respecto do comercio lucense. Iso si que é unha verdadeira torpeza política.

Bueno, imos votar esta proposición conxunta do Partido Socialista e do BNG.

7/23 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 70/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO USO FUTURO DA ACTUAL ESTACIÓN DE AUTOBUSES (Exp. 2025/G004/000100).-

Visto a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nova estación de autobuses, segundo os datos da propia Xunta de Galiza, dará servizo a 620.000 usuarias e usuarios ao ano, cun total de 23 dársenas para autobuses. O edificio, de dúas plantas e con 990 metros cadrados de superficie, contará con dúas áreas diferenciadas, para servizos ás e aos viaxeiros (zona de espera, venta de billetes, tendas, etc) e unha zona administrativa. A nova construción fará que a idea manter a actual estación, que xa está infrutilizada, perda aínda máis o sentido.

A idea defendida pola maior parte das veciñas e veciños de Lugo foi sempre a creación dun gran espazo público no espazo de máis de 6.500 metros cadrados, que agora ocupa a Estación de Atobuses, aumentando a cantidade de zonas verdes da cidade e o número de espazos adicados á convivencia.

Isto creará tamén un gran núcleo verde a carón do centro de máis de 27.000 metros cadrados, con áreas de xogo infantil, un gran centro cultural como é o Vello Cárcere e zonas de convivencia.

Ademais, esta remodelación debe incluír a construción dun aparcadoiro soterrado que poña fin aos problemas de estacionamento do centro da cidade, e adicar un espazo para crear unha parada de buses, pensada tanto para buses turísticos

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

como para liñas que planifiquen parar no centro da cidade antes de continuar á nova estación de autobuses.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un proxecto para o espazo da actual Estación de Autobuses creando o gran parque central de Lugo, un espazo que inclúa zonas verdes e espazos para a convivencia, ademais de habilitar un aparcadoiro soterrado e unha parada para autobuses.
2. Consensuar co Goberno Municipal as actuacións a realizar na Estación de Autobuses."

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular o día 18 de febreiro de 2025, número 70/2025 de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición.

E tendo en conta a emenda "in voce" presentada no transcurso do debate polo Grupo Municipal Socialista, que foi aceptada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da iniciativa, consistente na substitución do punto dispositivo primeiro polo seguinte texto: *"Elaborar un proxecto para la estación de autobuses contemplando la posibilidad de crear un gran parque central, un espacio que incluya zonas verdes y espacios para la convivencia y, además, estudiar la posibilidad de habilitar un aparcamiento soterrado y una parada de autobuses, entre otros servicios."*

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción resultante da emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Elaborar un proxecto para a estación de autobuses contemplando a posibilidade de crear un gran parque central, un espazo que inclúa zonas verdes e espazos para a convivencia e, ademais, estudar a posibilidade de habilitar un aparcadoiro soterrado e unha parada de autobuses, entre outros servicios.

SEGUNDO.- Consensuar co Goberno Municipal as actuacións a realizar na Estación de Autobuses.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra Rubén Arroxo.

-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Bo día. Grazas, alcaldesa. Bo día a todos e todas.

O certo é que o que imos debater agora é un tema que leva debaténdose tempo, non é un tema que xurdise agora, pero si que nestas últimas semanas colleu certa actualidade por cuestións que aconteceron e que mencionarei agora mesmo.

O certo é que temos que prever que a medio prazo, a curto-medio prazo, pois a actual estación de autobuses vai deixar de funcionar como tal, unha vez que entre en funcionamento a estación intermodal. E, polo tanto, é preciso planificar con tempo que vai acontecer unha vez que iso aconteza, que non pase, por exemplo, como aconteceu coa antiga residencia, que estivo ao redor de 13 ou 14 anos en ruínas sen que se fixese alí nada. Esperemos que iso non aconteza coa antiga... ben, coa aínda actual estación de autobuses.

E durante este tempo tense barallado diversas alternativas para o que pode ser o seu futuro uso, e a que máis consenso histórico tivo sempre foi a de dedicarlle un espazo público que poida ser utilizado por toda a cidadanía. Iso si, de repente nun xiro dramático dos acontecementos, pois o Partido Popular dende o goberno da Xunta vén dicirnos que practicamente vai quedar todo como está, que os edificios que hai van quedar como están, e que non se vai tocar practicamente nada, entendemos que dentro desas accións de non investir en Lugo ás que estamos habituados. Investir en propaganda si, investir en feitos... iso xa queda para outro momento.

Falouse, en tempos, de crear unha gran praza, algo que entendemos que sexa un debate do pasado; esas grandes prazas extensas que se fixeron en Lugo, sobre todo, nos anos 90 e principios dos 2000, que eran, digamos, os proxectos que se facían en todas as cidades naquel momento, como foi Agro do Rolo, Augas Férreas, Horta do Seminario... hoxe deben ser outro concepto, que o que máis aposta a xente, que debe ser un espazo máis renaturalizado, un espazo máis verde que teña multitude de usos.

Defendemos precisamente unha proposta que teña principalmente 3 puntos. Un é aproveitar ese espazo; isto tense incluso falado neste Pleno, recordo o señor Ramón Carballo dicir que estaba totalmente de acordo aquí, falar de que ese espazo poida ser un grande aparcadoiro soterrado, que isto xa deixaría por resoltos os problemas que poida ter de estacionamento o centro histórico de Lugo nos anos vindeiros, porque sería un estacionamento moi grande. Nós propoñemos que

aproveitar esa escavación, xa que se fai para o aparcadoiro soterrado, o custo sería mínimo nese momento, o incremento que podía supoñer para soterrar o tráfico de rúa Cidade de Vigo, da praza da Constitución, podendo unir todo ese espazo peonil nun grande espazo que supoña, pois, un gran parque central, que una o que é ese gran parque cos xardíns da praza da Constitución, coa Mosqueira e incluso coa praza de Bretaña e cun edificio cultural como é o Vello Cárcere, e todo isto ao pé da Muralla. Podemos ver que iso realmente sería unha transformación importante da cidade de Lugo. E deixando, por suposto, algún espazo cunha dársena, unha pequena dársena, para que poidan parar diversos autobuses, sexan turísticos, sexan de estudantes... do que se considere, pero xa non sería necesario todo ese espazo que ten agora para o almacén dos autocares.

Nestes días tamén saíu a debate a situación que poida acontecer no previsible caso de que aparezan restos arqueolóxicos; que isto máis aló dun problema ten que ser unha oportunidade. En Lugo aparecen restos arqueolóxicos en moitas escavacións, aquí mesmo, no Concello, cando se fixo o edificio de novas tecnoloxías, e aí están, musealizados; recentemente nun hotel que se fixo en Santo Domingo, aí están musealizados; ou, hai uns anos, no túnel que comunica o aparcadoiro da praza de Santo Domingo coa Praza de Abastos, e aí están os restos musealizados no propio túnel. Polo tanto, iso non ten porque ser un impedimento, senón que pode ser unha fortuna que se pode incluso musealizar *in situ*, dentro ademais dun espazo pechado, que é onde mellor se protexen, non dentro das ventás arqueolóxicas, que dan moitos problemas.

O certo é que cremos que este sería o gran proxecto que podería transformar o contorno de Lugo: ter ese gran parque ao carón do centro; ou incluso a Xunta, quero lembrar, que hai uns anos presentaba un proxecto para crear aí un espazo verde. Polo tanto, non entendemos agora esa volta atrás, ese bandazo que acaba de pegar para poder deixar todo como estaba.

E continuo na seguinte quenda.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Polo Partido Socialista ten a palabra o señor Repetto.

-MAURICIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa.

Está claro que la movilidad en estos tiempos ha cambiado, va a seguir transformándose y Lugo no escapa a ello. Estamos a construir esa nueva infraestructura que es estratégica, esta intermodal es fundamental para nuestra ciudad, pero también quiero recordar que ese esfuerzo inversor viene por el Estado, por el Gobierno de España, por el Partido Socialista que ha sacado de ese cajón el proyecto de la Intermodal y, hoy en día, lo ha puesto en el tablero de juego y

podemos hablar de que es una realidad. Una realidad que son 22 000 000 € de inversión más la inversión de electrificar con las catenarias estas vías ferroviarias.

Como decimos, fue el Partido Socialista quien ha vuelto a poner en el punto de mira esta intermodal, por eso hoy estamos discutiendo qué se va a hacer con la antigua estación de autobuses, lo cual es una suerte.

Por supuesto que este equipo de gobierno ya está trabajando también en zonas de alrededor de la intermodal para poder también mejorar la accesibilidad, la movilidad y, por supuesto, a través de esa estrategia «Novo Norte» para buscar soluciones mecanizadas que conecten la intermodal con el centro de la ciudad.

Por supuesto, también, las nuevas actuaciones anunciadas por la alcaldesa en la entrada de la Fervedoira para acompañar esta modernización de todo ese entorno. Está claro que el Partido Popular mantuvo en el cajón esta intermodal por años. Ahora, el Partido Popular es quien más propone y quien más dispone de qué se va a hacer y a qué se va a dedicar ese edificio de la antigua estación de autobuses.

Está claro que lo que pedimos es diálogo, consenso, construir un proyecto de forma conjunta. Nadie discute que eso tenga que ser una zona verde, por supuesto; nadie discute de que se puedan valorar aparcamientos soterrados con las posibilidades que eso pueda conllevar, por supuesto, sabiendo que el arqueólogo municipal nos ha trasladado que es muy posible que existan restos arqueológicos y que puedan determinar esa posibilidad de un parking.

El Partido Popular, como siempre, improvisando: por un lado, un día, una plaza, por otro lado, la estación de autobuses que siga funcionando como a día de hoy, un centro de emprendimiento, otro día demuele el edificio, otro día lo mantiene... Entonces, bueno, estamos siempre con los titulares, desayunando y viendo qué es la ocurrencia del Partido Popular para ese gran espacio público que debemos definir con diálogo y entre todos. Pedimos diálogo, pedimos consenso, con las advertencias, por supuesto, de los técnicos en relación a los restos arqueológicos y, por supuesto, en un centro y un espacio de convivencia intergeneracional y nadie discute que sean las dotaciones adecuadas.

Pero, bueno, también es verdad que es sorprendente esos anuncios del famoso autobús a Marineda City, señora Candia, que realmente nos dejó perplejos. Mantener la estación de autobuses para tener un autobús de línea directa Lugo-Marineda City. Es realmente sorprendente su apoyo al pequeño comercio, su apoyo a la dinamización del comercio de Lugo. Realmente debería de caérsele la cara de vergüenza. Recién hablábamos de la política útil; a mí me preocupa hacia dónde quiere usted llevar ese espacio y qué opinan, por supuesto, el resto de comerciantes, porque usted la propuesta que ha manifestado es de la mano de una asociación y, por supuesto, que me gustaría saber el resto de las asociaciones de

comerciantes qué opinan de esta proposta de ese bus, línea directa Lugo-Marineda City. Realmente es preocupante. Le pedimos seriedade.

Exigimos lealtad institucional a la hora de consensuar qué se va a hacer allí. Por supuesto que todos queremos transformar ese espacio en una plaza. El comercio reclama también plazas de aparcamiento para poder atraer a sus clientes al centro, que se estudie esa posibilidad, por supuesto, pero por favor, que se desista de ese autobús Marineda-City, porque realmente creemos que sería nefasto para esta ciudad. Gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día de novo.

A verdade é que resulta sorprendente escoitalos; ás veces parece que somos nós o goberno e vostedes a oposición.

Parece mentira que... non sei se vostede sabe, señor Repetto, que a estación de autobuses da Coruña ata agora, eu estudei alí, está ao lado do Corte Inglés e chegaban e saían todos os días autobuses a Lugo. Paréceme increíble, a verdade é que son uns especialistas en retorcer as cifras: que de 59 persoas, porque é un bus de 59 prazas, teña unha parada en Marineda City, xunto aos 92 servizos que se recuperan nesta liña Conecta... esquecense dos vilalbeses que veñen mercar a Lugo grazas a este reforzo de liñas, esquecense dos veciños de Viveiro, esquecense do desprazamento de provincia das persoas que veñen da Coruña, o que traballe na Coruña pode vivir aquí. Pero ben, eu... paréceme ben que vostedes sigan así, nós imos traballar.

Indubidablemente estamos a falar dun proxecto moi interesante e moi importante para o futuro da cidade e, como apuntou o señor Arroxó, eu agradezo que fagan seu ese estudo, ese traballo, que xa no ano 2020 puxo en marcha a Xunta de Galicia. Teño aquí o proxecto, que foi a resposta a un concurso de ideas onde, efectivamente, barallaban a posibilidade da construción dun aparcadoiro soterrado.

Este debate é moi interesante porque volvemos atoparnos. Aínda teño na miña memoria a contestación que me deu o señor Arroxó cando, nunha iniciativa, pediamos máis aparcadoiros para a cidade e dunha maneira así vehemente, como se pon ás veces, me dicía que os aparcadoiros da cidade soamente se completan no Arde Lucus e no San Froilán. Eu agradézolle que precisamente neste momento se dea conta de que non é así. Agora que tamén lle digo que o que necesita realmente a cidade son aparcadoiros gratuítos e, ao mellor, con este importe tamén poderíamos valorar rescatar os aparcadoiros privados que hai no centro ou incluso —coincido con vostedes en que o achado de restos pode ser unha oportunidade—

ser máis ambiciosos e facer un proxecto que conecte todos os aparcadoiros soterrados na cidade.

Pero indo á iniciativa que aquí nos atrae: saben que puxemos unha emenda, unha emenda porque primeiro temos que clarificar unha cousa. A iniciativa do señor Arroxó —que, se escoitaron o debate, parecía que era do Partido Socialista, pero realmente é unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego— que, mentres que a facía pública, falando de anuncios, a alcaldesa constantemente dicía que tiña que ser con consenso... imaxinádevos que somos un grupo de amigos ou de familiares, e o señor Arroxó organiza unha comida, entón di: «convócovos o luns a comer; o menú, xa que estamos no Entroido, vai ser sopa, cocido e filloas», no segundo punto pon: «o que coma cada un vai ser elixido por consenso», pero o menú xa o elixiu, en terceiro lugar: «imos ir a este restaurante, pero aínda non sei nin sequera se teño mesa reservada», porque, a todo isto, o ben sobre o que se pretende actuar, efectivamente, hoxe a estación de autobuses...

Por certo, señor Repetto, na intermodal, a Xunta esquecese de que pon máis de 13 000 000 €.

Pero non sabemos se temos mesa, porque é un ben reversible, efectivamente. Entón o primeiro que temos que saber: vai solicitar a reversión ou vaise producir a reversión dese ben ao Concello? Porque ao mellor esa lista da compra que está facendo vostede tócalle facela a vostede, iso en primeiro lugar, que é o que creo que debemos de clarificar nesta iniciativa, no que presentamos na emenda.

En segundo lugar, efectivamente, ten moitos puntos de acordo. É dicir, esta proposta que podo ler literalmente o proxecto que se entregaba no ano 2020, finais do ano 2020, contemplaba zonas verdes, contemplaba un intercambiador que inicialmente tampouco foi unha opinión unánime, porque había xente que pensaba que ao poñerse en marcha a intermodal, os buses non debían chegar ao centro, e eu creo que unha mobilización social conseguiu convencer que debía seguir un servizo de intercambiador e, por suposto, espazos de convivencia, e aí pode haber distintas sensibilidades.

Hai que dicir que entre o ano 2021 e hoxe cambiaron moitas cousas. A sensibilidade das zonas verdes que agora demandan, porque pensan que se están dirixindo a Administración autonómica se efectivamente o ben non é reversible, dende logo non a practican nas obras que vostedes executan, porque basta ver o mar de formigón no que nos están convertendo o centro.

A absoluta inseguridade e incerteza de como se vai regular a mobilidade futura tamén aflora, e así mo trasladaron entidades asociativas, ao mellor a idoneidade desa localización parte de ter unha pequena área loxística de recepción de paquetería, que sabedes que están tendo moitísimos problemas para repartir no

centro. Quero dicir que hai necesidades da cidadanía e de entidades que están trasladando, ao igual que me trasladan, trasladaránvola a vós, hai unha petición ata de Adega, que se opón á demolición do edificio que neste momento alberga a consigna.

Ben, eu creo que é un bo exemplo de consensos...

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Ten que quedar para a seguinte quenda.

Segunda quenda para o señor Arroxo.

-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Ben, falar de mar de formigón o partido político que anda quitando céspede das rotondas para poñer cemento e plástico... pois, home, non sei tamén como tomarmo.

Ben, presume vostede do proxecto de 2020. O proxecto de 2020 creo que é un bo punto para poder partir, para poder debater, paréceme interesante, pero é que o outro día Diego Calvo pegou un bandazo totalmente radical, ou sexa: renuncia a todo ese grande espazo verde, di que a estación, os edificios da estación se van manter, que aparcadoiro soterrado non... ou sexa, acaba de pegar un bandazo que o proxecto de 2020 co de agora é o día e a noite, absolutamente. É que non se parecen absolutamente en nada.

No de 2020 podemos comezar a debater; co que se defende agora, non. E porque se defende o de agora? Dígolle porque se defende o de agora, que, ademais, todo Lugo entende por que se defende o de agora. Por que o Partido Popular defende este bandazo? Só con ver o que o Partido Popular dende a Xunta leva facendo nestes anos na Tinería, que o outro día viamos que iso xa parecía un chiste: ir alí vender como o grande éxito na intervención da rehabilitación da Tinería nos últimos 16 anos cambiar un valado que estaba tumbado por unha varanda de madeira... se ese é o grande éxito da rehabilitación do Partido Popular no goberno da Xunta na Tinería, cal vai ser o seu grande éxito na estación de autobuses? Pois deixar todo como está, igual botarlle un pouco de pintura na fachada e punto. Iso é o que veu, o outro día, propoñer na práctica o señor Diego Calvo. Iso e mandar á xente a comprar a Marineda. Foron as cousas que viñeron propoñer, basicamente.

E hoxe, si, preguntaba aquí o compañeiro Mauricio Repetto que dirían os comerciantes, agora viamos, estabamos vendo hai un momento precisamente a Federación de Comercio de Lugo cuestionar o señor Diego Calvo polas súas declaracións, evidentemente, porque a verdade é que son lamentables, son autenticamente lamentables e eu, a verdade, agardo que rectifique porque isto é tremendo, é un ataque ao comercio de Lugo sen precedentes.

E nesa liña queremos traballar. Por certo, hai un bulo que repite o Partido Popular continuamente de que quitamos estacionamento. Cómpre dicir varias cousas: primeiramente: cando se penalizou A Mosqueira —que igual estabades en contra de que se penalice A Mosqueira, Recatelo e todo iso—, cando se penalizou A Mosqueira, os cambios de tráfico permitiron incrementar case 100 prazas de estacionamento, punto número un. Punto número 2: durante eses anos abríronse aparcadoiros fóra de horario laboral, o que é o do Concello polas tardes, o da Deputación polas tardes, e estamos agardando os dos institutos. Por certo, o dos institutos, tamén esa mensaxe de que se está esperando un convenio... cómpre dicir que hai 15 anos a xente de Lugo aparcabamos nos institutos fóra do horario lectivo, podíamos entrar, aparcar e non había ningún convenio.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Segunda quenda para o señor Repetto.

-MAURICIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa.

En relación a la proposición del BNG, compartimos en gran medida dichas actuaciones, pero queríamos hacer una enmienda de sustitución del primer punto por elaborar un proyecto para la estación de autobuses contemplando la posibilidad de crear un gran parque central, un espacio que incluya zonas verdes y espacios para la convivencia y, además, de estudiar la posibilidad de habilitar un aparcamiento soterrado y una parada de autobuses, entre otros servicios, manteniendo el punto dos.

En relación a lo que decía la señora Candia... de verdad, es sorprendente las ocurrencias que tiene. Por un lado, es el autobús directo: comemos en Lugo, pero compramos en Coruña. Entonces, bueno, nos vamos de compras a Marineda City, ¿y ahora nos quiere traer una tuneladora para unir todos los parkings de la ciudad y que hagamos turismo de parkings? No sé qué es lo que quiere hacer, señora Candia, realmente sus proyectos son francamente sorprendentes.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Quenda para a señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: A verdade é que hai que facer un grande esforzo para crer que vostedes están tomando en serio gobernar esta cidade.

Unha proposición que se emendan a si mesmos. Pero vostedes como bigoberno non se falan? Unha proposición que fai unha emenda á totalidade que, agora, evidentemente, de cara á galería, pois o BNG supoño que aceptará.

Ben, a verdade, moito tampouco lle debe importar a quen a defende, porque o señor Arroxo para defender esta iniciativa empezou pola Tinería, acabou na Mosqueira e intentou xustificar o inxustificable: que esta cidade necesita máis prazas de aparcadoiro, que negaron ata antonte e que agora parece recoñecer. E nós que estamos intentando ver o que nos une... Porque, sinceramente, despois de escoitalos aos dous, ata creo que a calquera dos dous en separado, une máis o que estamos dicindo nós que vostedes en conxunto; e iso evidentemente nótase, nótase na forma de gobernar e na forma de traballar.

Eu pido, evidentemente, valentía para facer proxectos transformadores, e os párkings da nosa cidade, a realidade é que son dos máis caros de Galicia. E iso, esa sensibilidade que demostran porque 59 persoas poidan ir un sábado, un día á semana, ao mes, á Coruña, pois esa sensibilidade, por favor, prégoles que apliquen nas obras do centro, que van para dous anos e aínda non saben cando van rematar. Pero o máis duro de todo iso é que non saben como se vai regular a mobilidade. Entón, esa sensibilidade que parece que teñen agora aplíquena nas súas accións de goberno.

O Partido Popular está a favor de que nesas instalacións, que nada dixeron se, efectivamente, van solicitar a reversión ou quen é o titular dese inmovible —un tema nada menor, porque a partir de aí construiremos e saberemos quen paga—, pois está a favor de que se constrúan zonas verdes, está a favor de que se articule o intercambiador, temos unha localización da estación de autobuses privilexiada e debemos de seguir potenciando que o turista, o visitante, poida chegar ao corazón da cidade, está a favor de que se articulen espazos de convivencia.

Todos sabemos das dificultades que ten construír no subsolo, pero tamén está a favor de que se identifique como unha oportunidade, e por iso rexistramos esta emenda, non sei se pensaron que íamos votar... Que escoitemos as asociacións eu creo que é bo, débennos facer tamén vostedes; se non o fan, creo que é un exercicio de soberbia que pasará factura. Nunhas cousas estarán de acordo e noutras non, pero é indubidable que hai que escoitar. A realidade da nosa cidade é que, neste momento, hai unhas incertezas que preocupan ao comercio e aos residentes da zona do contorno, precisamente, da estación, e que vostedes teñen a responsabilidade de gobernar, e que vostedes, por agora, non tiveron a capacidade de clarificalas.

Entón...

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Acabou a súa quenda.

Última quenda para o señor Arroxo.

-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Señora Candia, eu recoñézolle que hoxe ten un papelón. Ten un papelón porque ten que defender o indefendible, eu creo que o chamaría fogo amigo.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: [Inintelixible...]

-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Si, iso podémolo falar, pero é que o que está a lanzar o seu conselleiro é algo que é radicalmente contrario a iso, e vímolos todos, é que non temos aquí que facernos trampas ao solitario, porque é algo que viu todo o mundo e que puido escoitar todo o mundo.

Por certo, non sei se escoitou ben, a emenda que facía o señor Repetto era unha emenda de engadido, era engadir unha frase ao final, que era «entre outros servizos». [...] Entón... [...] Pois hai que facer un engadido que é «entre outros servizos», porque leu o texto literal do punto 1, engadíndolle esas tres palabras. Polo tanto, nós imos aceptar a emenda do Partido Socialista porque nos parece ben, pódense buscar outros servizos, é evidente, nese espazo, que se poden dar, pero cremos que a alma na que teñen que crearse é esa que defendía o propio Partido Popular no 2020 e que no 2025 está pegando un bandazo radical, que consiste en deixar todo como está e non facer absolutamente nada. Iso si, como xa dixemos antes, mandando a xente a comprar a Marineda, iso si.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

O que está claro é que as competencias sobre o desenvolvemento de urbanismo e a mobilidade nesta cidade é deste goberno. Por iso é tan sorprendente, incluso insultante, escoitar eses bandazos que se dan cada día, que van facer isto, que van interferir no noso urbanismo e na nosa mobilidade.

Iso si que é sorprendente. Os veciños de Lugo e eu como veciña sentiríame verdadeiramente insultada con todas esas propostas que fai a Xunta de Galicia sen ter en conta para nada o que se pensa aquí no Concello, o que pensa o goberno municipal, que é o que ten as competencias no desenvolvemento urbanístico e no desenvolvemento da súa mobilidade. Por iso estou totalmente de acordo, ademais, con esa parte da proposición que di «consensuar co goberno municipal as actuacións para realizar na estación de autobuses». É que iso cae de caixón, e que tiñamos que poñer nunha proposición que se consensúe co goberno municipal é vergonzoso, pero temos que poñelo porque, realmente, se está a falar do desenvolvemento urbanístico desta cidade e se está a falar do desenvolvemento da mobilidade desta cidade sen vir falar ao Concello, o goberno da cidade.

Polo tanto, creo que iso é o primeiro que ten que plantexarse a Xunta de Galicia antes de empezar, cada ano, a cambiar as propostas: un ano esta, un pouco sen... como polo sen cabeza. O primeiro que ten que facer é falar, sentarse. Que imos

facer, que imos facer? Somos dúas administracións implicadas e podería haber máis. Que imos facer polo ben da cidade?

Eu non vou falar dos vilalbeses, que falaba vostede de que estaría moi ben para os vilalbeses e para outras zonas da provincia, eu teño que pensar nos lucenses.

[...]

O que falou vostede ao principio, agora non diga que non o dixo porque o dixo.

Eu non podo estar pensando nos vilalbeses nin nos mindonienses... Eu teño que pensar nos lucenses, no desenvolvemento desta cidade.

E, por un pouco de educación, o que tiñan era que dirixirse ao goberno local, non estar cada día cambiando a proposta, como dicía, como polo sen cabeza. E esta vez creo que meteron a pata, pero fondamente.

Imos votar a proposición.

[...]

Se non escoitou, non vote. Aquí estamos para escoitar, non para repetir as cousas.

Imos votar.

8/24 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 71/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A CUMPRIR CO ESTABLECIDO NA LEI DE DEPENDENCIA (Exp. 2025/G004/000106).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, establece un marco común de protección para as persoas dependentes en España. Esta norma dispón que a financiación dos servizos e prestacións debe ser asumida de maneira equitativa entre o Goberno central e as comunidades autónomas, garantindo un sistema sostible e eficaz. Porén, este principio de cofinanciamento non se está a cumprir, o que supón unha carga desproporcionada para comunidades como Galicia, que levan anos compensando coa súa propia financiación o incumprimento do Estado.

A realidade é que a achega estatal á dependencia segue a ser insuficiente, xerando un déficit que Galicia tivo que suplir con fondos propios. Actualmente, a débeda acumulada do Goberno central coa nosa comunidade en materia de dependencia supera os 2.500 millóns de euros, o que afecta directamente á capacidade de mellorar e ampliar os servizos. Mentres tanto, Galicia segue a

incrementar o seu compromiso cun sistema de atención máis áxil e eficaz, tal e como demostra o novo Plan de Choque para a Dependencia impulsado pola Xunta de Galicia en 2024, que introduce medidas clave para mellorar a xestión e reducir os tempos de resposta.

Entre as principais medidas deste plan destacan:

- Simplificación administrativa: a solicitude de dependencia redúcese a un único trámite, eliminando burocracia innecesaria.
- Resolución conxunta de dependencia e discapacidade: garantindo unha resposta máis áxil ás persoas que soliciten ambos recoñecementos.
- Vía preferente para persoas maiores de 80 anos: reducindo tempos de espera para este colectivo prioritario.
- Reforzo dos equipos de valoración: ampliación de persoal para axilizar os procesos de tramitación.
- Blindaxe do papel dos traballadores sociais nos concellos: garantindo que os profesionais do ámbito social dispoñan dos medios necesarios para atender ás persoas dependentes de maneira efectiva.

Este esforzo da Xunta de Galicia tradúcese nun incremento do 12% no investimento en dependencia, acadando os 600 millóns de euros anuais. Con todo, este incremento autonómico non pode suplir indefinidamente o incumprimento do Goberno central. A falta de compromiso do Executivo estatal pon en risco a sostibilidade do sistema, impide a ampliación dos servizos e prexudica ás persoas que máis precisan dunha atención áxil e eficaz.

A situación actual supón unha discriminación inxustificada para Galicia, que debe afrontar a maior parte do financiamento en solitario, a pesar de que a Lei de Dependencia establece que o Goberno de España debe cubrir o 50% dos custos. Esta falta de corresponsabilidade financeira non só lastra a capacidade da nosa comunidade para mellorar a atención á dependencia, senón que tamén pon en perigo a equidade territorial no acceso a estes servizos esenciais.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, e considera de especial interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal inste ao Goberno de España a:

1. Cumprir co establecido na Lei de Dependencia e asumir o financiamento do 50% do custo dos servizos e prestacións, garantindo un reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as comunidades autónomas.
2. Abonar de maneira inmediata a débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500 millóns de euros, permitindo así fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa comunidade.
3. Incrementar os fondos destinados ás comunidades autónomas para a atención á dependencia, asegurando que todas as persoas con dereito a prestacións poidan acceder a elas sen demoras inxustificadas.
4. Establecer un plan de financiamento estable e plurianual, que permita ás comunidades autónomas planificar e mellorar os servizos de dependencia con previsibilidade e seguridade orzamentaria.”

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo partido... Perdón, polo Grupo Municipal Popular, ten a palabra Gustavo Díaz.

-GUSTAVO DÍAZ REY: Muchas gracias, señora alcaldesa.

Hoy traemos a este Pleno una proposición de enorme relevancia para miles de personas en Galicia, para sus familias y para el conjunto de nuestro sistema de bienestar. Hablamos del cumplimiento de la Ley de dependencia, una norma que nació con la voluntad de garantizar la atención a quienes más lo necesitan, pero que, lamentablemente, sigue sin recibir la financiación adecuada por parte del Gobierno de España.

Venimos, por tanto, a hablar de algo muy sencillo. Venimos a hablar de justicia, de cumplir la ley y de dejar de castigar a Galicia por parte del Gobierno de España.

Porque, seamos claros, la Ley de dependencia no se está cumpliendo. Repito, no se está cumpliendo. Según lo establecido en la propia ley, el Estado debe asumir el 50 % del coste de los servicios y prestaciones de dependencia, y las comunidades autónomas el otro 50 %.

Sin embargo, la realidad es bien distinta: Galicia está asumiendo más del 70 % del coste total mientras que el Gobierno central sigue sin aportar lo que le corresponde. Y, lo que es aún más grave, la deuda acumulada con Galicia en este ámbito supera los 2 500 000 000 €. Sí, lo han oído bien, 2 500 000 000 € que nos corresponden y que no llegan.

Y le voy a dar otro dato, un dato que a mí me parece ciertamente dramático: de estos 2 500 000 000 €, aproximadamente 350 000 000 € corresponden a la

provincia de Lugo, una cantidad que equivale a más de tres veces el presupuesto del Concello de Lugo, o a más de tres veces el presupuesto de la Diputación de Lugo. Y no es que esto lo diga yo, son palabras suyas, exactamente de un ministro del Gobierno de España. Voy a leer textualmente del Diario de Sesiones del Senado del 12 de septiembre del 2024. Ya lo he leído con anterioridad, hace unos meses. Dice textualmente: «Distintas intervenciones han aludido a este compromiso suscrito de alcanzar un 50-50 en la financiación del sistema de dependencia entre el Gobierno central y las comunidades autónomas». Y continúa: «en el año 2020, la contribución de la Administración General del Estado era inferior a un 15 %. Ahora, está en un 34 %» —exactamente, eso lo dice el ministro del Gobierno de España— «continuar esta senda de incrementos nos llevaría al 50 % al final de la legislatura». Eso son palabras del ministro de su gobierno.

Es decir, ustedes mismos están reconociendo el incumplimiento de la Ley de dependencia. El Gobierno central incumple y ustedes lo saben. A día de hoy, Galicia aporta el 70 % del coste de atención a la dependencia frente al 30 % del Estado, según reconoce el propio Gobierno, un 34 %.

Y este incumplimiento por parte del Gobierno central supone que Galicia deja de ingresar 150 000 000 € anuales para la atención a personas en situación de dependencia, lo que supone que la deuda acumulada desde la aprobación de la Ley de dependencia supera esos 2 500 000 000 € a los que hago mención.

El gobierno gallego no solo cumplió con lo que se negoció con la FEGAMP, sino que lo mejoró por decisión propia. Es, por tanto, el Gobierno central el que incumple reiteradamente la Ley de dependencia, una ley que lo obliga a sufragar la mitad de los gastos, algo que, a todas luces, está incumpliendo.

Esta situación supone una discriminación injustificada para Galicia que debe afrontar la mayor parte del financiamiento en solitario a pesar de que la Ley de dependencia establece que el Gobierno de España debe cubrir ese 50 % de los costes. Esta falta de corresponsabilidad financiera no solamente lastra la capacidad de nuestra comunidad para mejorar la atención a la dependencia, sino que también pone en peligro la equidad territorial en el acceso a estos servicios esenciales.

Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular propone a este Pleno que inste al Gobierno de España a: 1) asumir el 50 % del coste de los servicios y prestaciones de dependencia, como le marca la ley; 2) abonar de forma inmediata la deuda acumulada con Galicia, que supera los 2 500 000 00 €, permitiendo así fortalecer nuestro sistema de atención a la dependencia; 3) aumentar los fondos destinados a las comunidades autónomas para la atención a la dependencia, asegurando que todas las personas con derecho a prestaciones puedan acceder a ellas sin demoras injustificadas; y 4) establecer un plan de financiamiento estable y

plurianual que permita a las comunidades autónomas planificar con previsión y seguridad presupuestaria.

Muchas gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra polo goberno a concelleira de Benestar Social e Persoas Maiores, Olga López Racamonde.

-OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Bo día a todos, especialmente á concelleira que se acaba de incorporar a esta corporación municipal, moito acerto e moita sorte.

Ben, neste salón de plenos temos a obriga todos, todos os que formamos parte del, a vir a debater cuestións sobre diferentes posturas que podemos ter con aqueles problemas que afectan aos nosos veciños, neste caso, a dependencia. Pero o que non pode ser é que reiteradamente este goberno teña que estar a desmentir loiadadas, mentiras, e non falo de falta de verdade, falo de mentiras, ademais de mentiras elaboradas de forma consciente que, ademais, non só o fan así, senón que ademais montan teatriños na rúa. Iso de ir ao teatro á rúa, a verdade é que moito tempo libre teñen, porque eu ese tempo, nin este goberno, non o temos.

Mire, voullo dicir: vostede di 2 500 000 000 € desde que se aprobou a Lei de dependencia, que foi un goberno socialista no ano 2006. Vale. O maior recorte que se fixo na Lei de dependencia neste eido foi por MARÍAno Rajoy; de feito, foi considerado un dos detractores maiores da Lei de dependencia, que baixou o financiamento de dependencia ata o 30 % dende o 2012 ata o final do seu mandato. Flagrante e incumpridor total. O Goberno central chega ao 50 %? Certo que non, certo que non. Pero é verdade que no 2020 o Goberno central puxo en marcha un plan de choque para reverter a flagrante situación na que nos deixou o goberno de MARÍAno Rajoy, que leva aportado 3 792 000 000 € en 3 anos. Home, non está mal, non está mal, vale? E, neste ano, sitúanse máis alá do 47 % aproximadamente, así que van polo bo camiño.

Hai que reclamar que estea ao 50 %? Totalmente. Estamos de acordo niso. Agora ben, agora vén a parte autonómica. Sabe que fixo Galicia, o goberno do señor Feijoo, o goberno do señor Rueda, da man de dona Fabiola García? Facer caixa con ese plan de choque. É dicir: nos anos 2021, 2022, 2023 —e faltan agora os datos do 2024, que sairán publicados o 28—, non só a comunidade autónoma non incrementou a achega que facía á dependencia, senón que ten un detrimento económico medio de -3 %. Un ano o 6 e algo, outro ano 9... En definitiva, o 3 %.

E aquí se sitúan vostedes, de verdade que non é un informe meu, débéalles dar vergonza. Mire, aquí estamos. Estamos na colíña de todo. Este informe non é de Olga López nin de Paula Alvarellos. Mire, estoutro informe tampouco é de Olga López nin de Paula Alvarellos. Liña plana. Non incrementan o orzamento senón que

o detraen. Somos a comunidade autónoma, neste momento, que menos achega... non a que menos, unha das que menos, quero ser moi rigorosa, porque creo que con estes datos de dependencia non se pode xogar; isto é xogar coa vulnerabilidade máis débil que teñen os nosos cidadáns, así que imos ser todos honestos, vale?

Teñen que lla apuntalar, que se non apuntala, quédase... igual lle dá algo, non vaia ser que enferme. Mire: a Comunidade Autónoma galega pinta frouxiño, pinta moi frouxiño, fronte a outras. De feito, o detrimento é de Galicia... Mire, este informe que non é noso di: «Tres comunidades autónomas han disminuido el plan de choque. El gasto en la atención a personas en situación de dependencia en millones de euros ha sido Galicia, una de que más, con un -6,4 %». No es un informe nuestro, es un informe independiente.

Así que propóñolles que sexamos honestos. Vaíamos cara ao 50 %, pero o que non pode ser é que os concellos, nese 20 e pico por cento que queda sen sufragar, que se di que son os usuarios, quen o está aboando? Os concellos.

Explicareilles logo como, como e de que maneira o fan, afogando os presupostos dos concellos e facendo que algún concello, que é moi grave, nin sequera poida prestar axuda no fogar pola inanición da Xunta, que iso é moi grave. É moi grave, moi grave.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Segunda quenda para Gustavo Díaz.

-GUSTAVO DÍAZ REY: Somos una de las comunidades con mejor gestión de estos servicios, con un sistema consolidado y eficiente, y necesitamos que el Gobierno cumpla con su parte. Como usted ha reconocido, hay que llegar a ese 50 %, es ese es el debate que nos ocupa, ningún otro debate nos está ocupando en esta proposición ahora mismo.

[...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Silencio.

-GUSTAVO DÍAZ REY: Sí, esa es nuestra proposición. Hay la posibilidad de hacer otras proposiciones en otros plenos o en otras circunstancias; la proposición nuestra se centra en eso exactamente. Ese es el debate que nos ocupa, ningún otro. Un debate, además, que ni siquiera debería de existir, porque es un debate sobre el cumplimiento o no de una ley, simplemente. Sí, el cumplimiento de la Ley de dependencia, que el Gobierno de España ha convertido en papel mojado para Galicia. La Ley 39 de 2006, en su artículo 32, establece con claridad que la

financiación del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia debe ser compartida al 50 % entre el Estado y las comunidades autónomas. Es decir, Galicia debería recibir de este Gobierno de España la mitad del coste de esos servicios esenciales.

Y la realidad es bien distinta. El Gobierno central incumple una y otra vez su obligación de aportar el 50 % del coste de atención a la dependencia. Resulta muy curioso que ustedes, tanto el Bloque como el Partido Socialista, callen ante este incumplimiento tan flagrante, y callan sabiéndolo perfectamente como ha quedado claro ahora mismo.

Desde Galicia hemos demostrado con hechos nuestro compromiso con la dependencia. La Xunta de Galicia está financiando el 70 % de este servicio y, año tras año, sigue incrementando esta aportación, y eso es incuestionable. Sin embargo, el Gobierno central incumple sus obligaciones de financiamiento de los gastos al 50 %, y eso también es incuestionable. Galicia cumple, Galicia paga, Galicia gestiona bien. y no vamos a permitir que se nos siga tratando como ciudadanos de segunda. Queremos lo que nos corresponde, ni más ni menos.

Por eso, desde el Partido Popular instamos al Gobierno de España a dejar de dar la espalda a los gallegos y a cumplir la ley de una vez, porque la dependencia no entiende de excusas ni de propagandas, se financia o se abandona. Por eso instamos al Gobierno de España a que cumpla con su responsabilidad: tiene que pagar lo que debe, ya, sin excusas; tiene que asumir el 50 % del coste como marca la ley; tiene que incrementar los fondos para que nadie se quede sin ayuda; y necesitamos un plan de financiación estable, sin parches y sin incertidumbres.

Muchas gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Segunda quenda para Olga López Racamonde.

-OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Desculpas pola intervención.

Mire, imos ver... como queren que en tres anos revertan o que dende o 2012 se leva a espoliar? É que fixeron un espolio, o Partido Popular fixo un espolio da dependencia, é que lle deron o premio espoliador a Feijoo... perdón, a Feijoo non, a Rajoy. A Feijoo daranllo. E que o espoliaron. Entón, levan en tres anos incrementado 4 000 000 000 € para as comunidades autónomas, e Galicia fixo caixa, fixo caixa con datos obxectivos. Isto é o que non pode ser, isto é flagrante e non se pode permitir.

As comunidades autónomas, Galicia neste eido, que é o que nos ocupa aquí, que é quen transfire os fondos a este Concello, e eu son a que teño que defender os dependentes do Concello de Lugo, ten unha achega que a todas luces é insuficiente e que non cumpre a Lei de dependencia, vale? Neste momento, a Xunta de Galicia está achegando ao SAF de Lugo o 37 % e o Goberno... —non quero dar mal dato— o 48 %. A Comunidade Autónoma, 31,5 %; o Goberno central, o 48 %; e o usuario, que non é o usuario, é o Concello, o 20 %.

Así que eu pídolles: transfíranos horas de SAD ao Concello de Lugo, porque que ata agora se transferiran sen pedir e que, de repente, as haxa que pedir... Paguen o que lles corresponde aos concellos e déixennos de afogar, e utilicen os fondos que lles foron transferidos do Estado para a dependencia. Porque eu non sei se vostedes eses fondos, ese -3 % de media o dedican á contratación do Combo, a poñer esas pancartas enormes que son perigosas non só polo contido, senón polo tamaño, que, como lle caían a alguén encima, a verdade...

Entón, dígoo como exemplo, porque como non sabemos onde foron, explíquenno, explíquenno a Lugo, aos dependentes de Lugo, ese detrimento do -3 % no orzamento total onde o investiron, onde está.

Entón, eu pídolles que o corrixan, e logo vostedes, desde a Xunta, reclamen, pero pídolles como Concello de Lugo que cumbran cos dependentes de Lugo, que é grave, é grave. Xa o dixen, é insultante. Son declaracións indignas e, de verdade, facer demagogia, facer teatriño con isto é tremendo. Están de lodo na dependencia que non o van dar sacado en tempo.

[...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Señor Díaz, ten a última quenda.

-GUSTAVO DÍAZ REY: Muchas gracias.

Reclamar a la Xunta de Galicia la dotación de más horas cuando el Concello no utiliza todas las que tiene a su disposición es de una incongruencia absoluta. Lugo tiene a su disposición cerca de 18 800 horas mensuales, y tiene sin emplear, cerca de 600 horas mensuales con las que podría aumentar su ratio de atención.

Cumplir la ley. Cumplir la Ley de dependencia, eso es de lo único que se trata. Eso es lo único que estamos pidiendo, cumplir la ley.

Estamos hablando de la vida de personas mayores, de personas con discapacidad, de familias que necesitan certezas y apoyo. Se trata de una cuestión de justicia y

de respeto a los derechos de las personas dependientes y a sus familias, así que basta ya de excusas. Basta ya de cargar sobre Galicia una responsabilidad que el Estado debe asumir. La dependencia es un derecho reconocido por ley, pero ese derecho solo es real si va acompañado de financiación suficiente.

No se puede incumplir la ley mientras se asfixia a las comunidades autónomas que sí la cumplen. Instamos a este Pleno a defender lo que es justo y a exigir al Gobierno de España a [...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Acabou a súa quenda, señor Díaz. Imos votar.

9/25 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 72/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA INTEGRAL DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA NO MUNICIPIO DE LUGO (Exp. 2025/G004/000107).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Para calquera municipio a auga é unha das súas principais preocupacións, no caso de Lugo por suposto, tamén debería ser así. Pero a realidade é que dende o Concello de Lugo hai dende hai moitos anos un claro abandono nesta materia.

Os principais contratos vinculados á xestión do ciclo da auga están caducados dende hai preto de 14 anos, sen que se poida observar ningunha solución a curto prazo.

A xestión interna por parte de medios municipais, tamén está nun punto totalmente mellorable, cun servizo de augas case desmantelado, un servizo de lectores e administrativo que precisa de reforzos inmediatos, e unha aparente nula intención de incrementar recursos en ditos servizos, co conseguinte prexuízo constante ao día a día dos veciños.

Non so se desmantelou o persoal de augas, senón que nos últimos anos detectamos un grave problema no mantemento da rede de saneamento e moi especialmente na de abastecemento. Son demasiado frecuentes as avarías desta rede que deixan horas ou días rúas da cidade sen auga, e os veciños teñen que padecer a práctica desaparición do persoal municipal, mentres cos seus cartos se paga a empresas que o único que fan é cando hai unha avaría fora de horario de servizo das brigadas municipais, cortar a auga e deixar secos rúas e barrios.

Esas continuas fugas provocas unha enorme perda de auga, chegando ao punto de que case o 45% da auga que se potabiliza nas instalacións municipais, non se sabe onde acaba, polo que urxe acometer de inmediato una auditoría ou estudio exhaustivo sobre as fugas na rede de augas municipal, así como a sensorización e monitorización da rede para poder ter un control en tempo real de consumos e detección de fugas. Non se pode entender cos problemas de auga que xa temos, e unha previsión a futuro peor, que en pleno 2025 un concello como o de

Lugo se permita perder millóns de metros cúbicos de auga sen ningún tipo de control.

O Concello de Lugo debe realizar un control exhaustivo da auga que usa nas súas actividades ou instalacións municipais, dado que parte destes consumos poden ser ocultos ou que non están a ter en consideración. Ademais hai que apostar pola progresiva renovación de servizos especialmente en zonas nas que todavía hai tuberías de fibrocemento.

Tamén hai que apostar de xeito decidido pola dotación deste servizo ao rural do noso municipio, non é de recibo que a inmensa maioría das parroquias de Lugo non teñan auga, e practicamente ningunha saneamento. Urxe elaborar un plan para dar servizo a todas as parroquias e poboacións de xeito progresivo.

Tamén hai que apostar pola posta en marcha dun sistema de vaciado de fosas sépticas impulsado dende o concello, xa que os veciños do rural non teñen saneamento, o concello ten o deber de buscar solucións e axudar neste eido a quen vive no rural de Lugo, namentres non se lles dota deste servizo de saneamento a todas os núcleos de poboación do municipio.

As zonas industriais tamén padecen este abandono, sábeno ben os empresarios dos polígonos industriais, especialmente os do Ceao, cunha rede totalmente esgotada na que a presión é totalmente insuficiente para o día a día das empresas e en caso de emerxencias xa se acreditou por desgraza os problemas e consecuencias que ten esta falta de medios e presión de auga.

Falar do ciclo da auga é tamén falar de reciclaxe, de reutilización e de aforro. Para elo é preciso apostar por campañas de concienciación da necesidade do uso responsable deste elemento, explicando aos lucenses nestas campaña que a auga non é ilimitada e que é un recurso finito. Pero tamén é preciso apostar pola reutilización da auga, especialmente tendo en conta que o noso municipio ten instalado dende hai 14 anos un sistema de reutilización da auga depurada, que permitiría non so colaborar no mantemento do caudal ecolóxico do Miño, senón que tamén daría servizo e suministro de auga reciclada, perfecta para baldeos, rego xardíns e zonas verdes, e para certos usos industriais que non rematen no consumo humano. Unha medida claramente boa para o medio ambiente e clave para dar exemplo no uso responsable neste elemento, que os distintos equipos de goberno se negaron a empregar e poñer en marcha.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

1. Instar ao equipo de goberno á Posta en marcha en Lugo dun Plan integral de mellora da xestión do ciclo da auga, que contemple entre outras as seguintes medidas:

- a) Licitación dos contratos de xestión das ETAP e EDAR de Lugo.
- b) Reforzo dos medios humanos e materias municipais vinculados ao ciclo da auga, incrementando o persoal adicado á brigada de augas, ao servizo administrativo de augas, lectores de contadores...
- c) Garantir a reparación real de fugas e avarías 24 horas os 7 días da semana.
- d) Mellora do mantemento da rede de abastecemento e saneamento coa posta en marcha dun plan de control de fugas.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

- e) Modernización e actualización da rede de abastecemento, apostando pola sensorización e monitorización en tempo real destas redes.
- f) Renovación progresiva das redes de abastecemento na cidade priorizando as que todavía sexan de fibrocemento.
- g) Dotación progresiva de abastecemento e saneamento a todas as parroquias do Rural de Lugo.
- h) Impulso dun servizo de limpeza de fosas sépticas mentres non se complete o saneamento en todos os núcleos de poboación do municipio.
- i) Posta en marcha do sistema de recirculación da auga reciclada, xa instalado en Lugo, e emprego desta para as labores municipais nas que sexa posible.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrito.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Grupo Municipal Popular ten a palabra o señor Ameijide.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa.

A verdade é que son unha caixa de sorpresas, o PSOE e o BNG son capaces de votar na mesma proposición cousa distinta no Parlamento, na Deputación e no Concello de Lugo, e algún incluso repite e vota cousas distintas. Pero ben, en fin, a coherencia nunca foi o seu forte.

En Lugo hai un problema serio coa auga, iso non dicimos nós, que xa o levamos tempo denunciando, senón que o acreditan estudos como o atlas urbano da sostibilidade en Galicia, que di, cando analiza a análise dos obxectivos de desenvolvemento sostible, que a calidade da auga é inferior á das outras grandes cidades ou capitais de Galicia, que só acada 50 puntos sobre 100 na analítica, no estudo que fixeron neste Atlas Urbano de Sostibilidade, e que este é un indicativo de que hai que mellorar nas infraestruturas e na xestión deste tipo de auga.

En 25 anos non só non fixeron nada para solucionalo, senón que fixeron todo por complicar este problema. A xestión do PSOE e BNG na auga eu creo que podemos cualificala sen andrómenas como trapallada, como dicía antes a señora Carballas, ou como verdadeiro desastre, e creo que con iso ata son xeneroso na súa cualificación, porque tendo unha depuradora e unha potabilizadora de primeirísimo nivel, non son capaces de dar un bo servizo ao cidadán.

Se queren, falemos tamén de números do ciclo da auga: 14 é o número exacto de anos que leva sen contrato o servizo da auga, 50 son os millóns de euros que leva recadados unha empresa privada sen ningún tipo de contrato nin vínculo co Concello de Lugo por xestionar a depuradora e a potabilizadora, entre outras cousas. Non vou dicir que isto sexa un delito, pero recoñeceranme que bordea bastante a legalidade, diría que demasiado, porque, claro, levar 14 anos sen sacar un par de semanillas para preparar un prego e regularizar esta situación chama a atención, sobre todo, cando polo medio van 50 000 000 € de diñeiro público. Algún interese terán, non sei cal é, non o vou dicir aquí tampouco, pero esta empresa xa nos deu problemas tamén, porque recordan que ata houbo despedidos improcedentes, porque os pillamos e neste salón de plenos o denunciámos por utilizar medios exclusivos municipais para dar servizo a outras cidades.

Son un desastre na xestión contractual e son igual de malos na xestión interna do Concello, porque o servizo de augas está absolutamente desmantelado, tanto a parte administrativa coma os lectores; non llo digo eu, senón os propios traballadores. E a brigada de augas está especialmente abandonada; non abandonada, é que a desmantelaron, durante 25 anos fixeron todo o posible por desmantelar esta brigada.

O señor Permuy antes molestábase cando falabamos de privatización desde esta bancada, pero é que vostedes son os reis da privatización, a propia brigada de auga é a proba máis evidente, pero sodes os reis da privatización porque hai dous días, precisamente, acaban de privatizar, un compañeiro seu que está hoxe aquí precisamente, acaban de privatizar unha residencia para darlle 80 000 000 € de xestión a unha empresa privada e que leve de 300 000 € anuais de beneficio despois de investir bastantes cartos de todos os veciños da provincia.

O PSOE e o BNG son os reis da privatización, estrañábanse na provincia, pero é que na capital sabémolo perfectamente; levan anos privatizando absolutamente todo. Todo o que toca, privatízano. Por tanto, non sei por que se escandalizaba o señor Permuy. E a última en caer foi a brigada da auga, como digo, un servizo de primeiro nivel, unha vintena de profesionais fai uns anos que fai un servizo 365 días ao ano as 24 horas e que, a día de hoxe, son menos de 6 traballadores que, no mellor dos casos, hai dous de quenda e, polas tardes, normalmente, con sorte hai un ou dous. Quen paga as consecuencias? Ben, o primeiro é a falta de mantemento na rede, e o desmantelamento págano ao final os cidadáns, porque cada vez hai

unha rotura ou unha fuga é frecuente que estean dous ou tres días sen auga ou con cortes e incomodidades. Se a fuga se detecta en horario de mañá non hai problema porque normalmente están os traballadores municipais que saben onde hai que actuar e como hai que actuar; se a fuga é pola tarde ou un fin de semana, aí si que hai un problema grave, porque a empresa que teñen contratada de cobrar sabe bastante, de traballar e de solucionar sabe algo menos.

E isto provoca, como digo, numerosas molestias aos cidadáns. Privatizan, desmantelan, desatenden e o desatender a rede provoca fugas. Diciamos hai uns días que o 45 % da auga que se potabiliza na nosa cidade non sabemos onde vai parar, ben en fugas ou ben en consumos, sen control, pero o caso é que se perde e que non sabemos onde vai.

Por tanto, é imprescindible levar a cabo un mantemento axeitado da rede, é imprescindible instalar, sensorizar e monitorizar a rede para ter en tempo real esa capacidade de detección de fugas e, sobre todo, é imprescindible tomarse en serio a xestión do ciclo da auga, e vostedes levan 25 abandonándoa.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide.

Ten a palabra polo goberno o concelleiro Miguel Fernández.

-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

Bo día a todos os presentes e darlle benvida a Iria, desexarche os mellores éxitos.

Ben, para min, que son absoluto convencido e defensor do importante papel fiscalizador da oposición, confésolles que ás veces, escoitándoos, teño serias dificultades para mantelo. E dígolles isto porque, por máis que lles achegamos todos os datos e todos os informes que nos solicitan polos diferentes medios, sexan neste Pleno, nas comisións informativas ou por escrito, ignoro se intencionadamente ou por descoñecemento —que non sei o que é peor—, o certo é que eses datos os manipulan, os terxiversan e trasladan conclusións absolutamente fóra da realidade.

É moi claro isto nesta moción que hoxe presentan, e voulles dicir por que. Miren, os datos que dan da perda de auga no sistema son falsos, como lles teño comentado en máis dunha ocasión e, ademais, por máis que o intenten repetir, non se vai converter en certo, porque vostedes computan a totalidade da auga tratada na EDAR contando a utilizada tamén e non facturada en actividades, ademais, moi sinxelas de entender, é dicir: nos colexios públicos, nas instalacións deportivas, nas dependencias municipais, no baldeo de rúas, na limpeza, na rega das zonas verdes etc. Todo isto ascende á cantidade de 1 700 000 000 m³. Se fan o exercicio de descontar este volume da cantidade total, pois comprobarán que as perdas son

inferiores ao 50 % do que vostedes manifestan e situándonos, ademais, por debaixo da media estatal e galega. Tendo en conta, por outra parte, que unha porcentaxe, como así admiten organismos tan pouco sospeitosos como o INE ou o mercado nacional de valores, que o cifran entre o 20 e o 25 %, pois unha parte é absolutamente consubstancial a calquera sistema de abastecemento.

Con estes datos dámonos por satisfeitos? Pois, evidentemente, non. Que queremos ir mellorando, gañando en eficiencia e demais? Exactamente. Queremos ser máis eficaces, queremos mellorar a xestión e unha das cousas nas que se está traballando precisamente é optando por esa parte da auga de máis de 2 800 000 000 €, que vai supoñer dende logo un salto cuantitativo fundamental na xestión do ciclo da auga nesta cidade e da que lles falarei, se teño tempo, na segunda intervención.

En segundo lugar, faltan tamén á verdade cando, englobando no mesmo saco lectores de contadores, brigada de augas e unidade administrativa, manifestan, como acaba de facer o señor portavoz sen ruborizarse, que todo está absolutamente mal, está rematadamente mal, e creo que dixo textualmente que estaba o servizo desmantelado. Pois direille que a lectura dos contadores desta cidade, aínda que temos máis de 60 000 abonados, estase facendo rigorosamente trimestre a trimestre desde hai 16 trimestres —é dicir, 4 anos— completando absolutamente a lectura dos contadores. Por tanto, pediríalles en primeiro lugar, que non poñan en dúbida o traballo dos profesionais.

A brigada do taller de augas está neste momento traballando con normalidade e estanse solucionando as incidencias nun prazo que entendo razoable, e esas fugas que se producen fóra do horario dos traballadores, pois, neste momento están tamén resoltas e estáselles dando unha solución, eu creo que bastante razoable.

E, efectivamente, unicamente a unidade administrativa, por problemas sobrevidos que coincidiron no tempo e que teñen que ver con algo tan entendible e tan pouco previsible como baixas médicas, como traslado de persoal, como promocións internas etc., efectivamente, estamos con menos persoal, pero xa lle digo que desde o Servizo de Persoal están traballando de forma absolutamente prioritaria e, nos próximos días, producirase a incorporación de novos traballadores. E buscaremos unha solución observando, sempre, algo que ás veces parece que a vostedes lles custa entender, que é seguir os prazos e os procedementos administrativos.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Fernández. Continúa na segunda quenda.

Segunda quenda para o señor Ameijide.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Hai que seguir os prazos administrativos. Ostras, 14 anos de prazos a min parécenme de carallo! A verdade é que como non vaian un pouco máis áxiles para outras cousas váiselles pasar o arroz, porque 14 anos de prazos é complicado... Coñezo bastante ben a Lei de contratos, e non vin ningún que fale de 14 anos. Pero ben igual se me escapou, igual a secretaria me pode ilustrar se hai algún que descoñeza, pero eu creo que non, creo que non. Por tanto, 14 anos, 50 000 000 € que unha empresa privada cobrou dos petos de todos os lucenses sen ningún tipo de control; perdón, sen ningún tipo de contrato co Concello de Lugo. Iso a verdade é que é rechamante. Co de control traizooume o subconsciente, pero ata tampouco me traizoou tanto, seguramente, porque xa lle digo que os pillamos levando a cabo prácticas irregulares polo contrato, prestando servizo con instalacións municipais para outros concellos. E sábeno ben, que se debateu neste salón de plenos.

Di que o 45 % é mentira. Pois acredíteo, non sei como. Porque nós, cando lle pedimos os datos, o 45 % era xusto o que non pasaba por contadores, do que se potabilizaba, o que non pasaba por contadores; é dicir, ou consumos ocultos, auga que nos rouban, ou auga que se escapa nas fugas. Isto é así. Vostede póñase, como dicía o outro día un compañeiro noso na Deputación, póñase patas para arriba se quere, pero esta é a realidade. Esta é a realidade. A triste realidade.

Fala da brigada de augas que traballa con normalidade, xusto estou recibindo WhatsApps de compañeiros da brigada que nos piden que, por favor, os tomemos en serio e que respectemos o seu traballo, cousa que vostedes non fan durante estes anos que os desmantelaron.

Miren, non respectan o urbano, pero tamén hai que falar do rural, porque levan 25 anos deixando sen auga o rural. Nin auga lles levan ao rural durante 25 anos. Imaxinemos, fagamos un exercicio de imaxinación, que durante estes 25 anos levasen abastecemento ou saneamento a dúas parroquias cada ano, sexamos non demasiado ambiciosos. A día de hoxe estarían todas con abastecemento e con saneamento, pero levamos 25 anos perdidos por gobernos de abandono, por gobernos sen ganas de traballar, só de mirar para si e para as súas moquetas, pero para nada máis. Isto é o que está sufrindo o rural con vostedes: 25 anos de abandono. Igual que o está sufrindo e padecendo tamén a cidade.

Por iso pedimos que se invista progresivamente en abastecer e en dar saneamento ao rural e, mentres, tamén dar solución ás innumerables fosas sépticas que temos ao longo de todo o municipio, cun plan de limpeza de fosas sépticas apoiado polo noso Concello. E, xa que presumen de ser verdes, tamén, e volvemos falar de prazos, 14 anos son os que levan cun sistema de recirculación da auga para garantir o caudal ecolóxico e para poder utilizar esa auga recirculada en baldeio de rúas —por tanto non utilizando auga potable— ou na rega de xardíns, e 14 anos

son exactamente os anos que leva apagado ese sistema instalado, que custou bastantes cartos, por certo, apagado e sen utilizar.

Corrixo: [...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide. Acabou o seu tempo.

Quenda, novamente, para Miguel Fernández.

-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias.

Pois, como ben sabe, eu cando falaba de prazos falaba, entre outras cousas, de substitución de persoal.

Vostedes, o problema é que, nese afán de criticar a toda custa o Concello, son incapaces de admitir os datos fieis e reais que lles manifestamos, e eu lle digo que nos últimos anos o Concello de Lugo fixo un esforzo investidor moi importante en saneamento e abastecemento, de arredor de 4 000 000 €. 4 000 000 € no noso orzamento élle unha cantidade importante. Claro, probablemente, fronte a eses case 14 000 000 do orzamento da Xunta pareceralles pouco, pero en Lugo élle un esforzo importante.

E neses 4 000 000 € fixemos obras de moito calado como lles podo comentar: o saneamento do grupo da Paz, 600 000 €; Barrio da Cheda, 200 e pico mil; parroquia de Adai, xa que fala do rural, 98 000 €; Pías 1 e 2, abastecemento que se fará de inmediato, 262 000 €; Saamasas 102 000 € etc.

Fixemos un esforzo importante e fariamos máis se puidésemos dispoñer sequera dunha parte deses 12 000 000 € do canon da auga que a Xunta nos obriga a recadar dos veciños e veciñas rigorosamente todos os trimestres e, dos cales, a cidade de Lugo, os veciños de Lugo recibiron 0 €. Non houbo ningún tipo de reversión. Eses cartos vanse para outros concellos e, curiosamente, ademais, como vostede e eu sabemos, da mesma cor política. E non debería de ser así, porque non esquezamos, como antes xa dicía, que nós debémonos de forma prioritaria aos veciños e veciñas de Lugo. E, nunha situación de discriminación absoluta con esta cidade, a oposición, esa á que me refería antes, pois neste caso eu creo que debería poñerse cóbado con cóbado con este goberno para reivindicarlle á Xunta o remate dunha situación de inxustiza, que revertese unha parte deses 12 000 000 € e xa vería vostede como, incluso, incrementariamos o ritmo de obras en saneamento e abastecemento.

Vostedes non o fan; non o fixeron antes, non o fan agora. Ben, deberían, e máxime aínda cando hai persoas que posúen altos cargos de responsabilidade nesa

administración, neste caso a Xunta de Galicia, diríalles o mesmo se fose outra administración da mesma cor política que esta corporación; deberían de priorizar os intereses de Lugo, dos veciños e veciñas por encima doutras consideracións ou doutras estratexias políticas.

Entón, mentres tanto [...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Señor Ameijide, paréceme moi ben que ría e que fale, pero estaba falando un compañeiro e, como sempre lle digo, educación é o primeiro que hai que ter, e deixar falar a xente. A vostede non o interromperon; polo tanto, faga o mesmo cos demais.

Por iso, prego esa educación que falta moitísimas veces.

Última quenda para o señor Ameijide.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Grazas a que está vostede para darnos leccións de educación, pero, sobre todo, de humildade, que creo que é do que máis pode presumir á fronte deste Concello; sobre todo, de trato humilde ao resto de compañeiros.

Pero ben...

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Mire, señor Ameijide, as leccións de humildade podo darllas.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Xa as tivemos neste Pleno, si.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Podo darlle leccións de humildade, e de educación parece que tamén.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Pois empece. Empece.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Parece que podo darlle, porque non ten vostede a educación, e sorpréndeme porque non era das persoas que tiña eu por maleducadas.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Acabouse?

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Si, si.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas.

Pois nada, vou coller unha frase súa, señor Fernández. Vostede e eu sabemos que co canon da auga mente, vostede e eu sabémolo. Sabe que se reciben cartos neste Concello e sabe que, ademais, inda que os recibisen, non saben utilízalos. Porque, miren, levan anos prometéndolles o saneamento aos veciños de Calde, de Esperante e demais, e nin sequera foron capaces de rematar o proxecto? Cando teñen o compromiso económico por parte da Xunta de Galicia, nin sequera son capaces de facelo?

Menten cando din que contan cun PERTE que xa é a terceira vez que anuncian, e despois non chega. Menten cando falan de investimentos que, despois de 25 anos, seguen sen chegar.

Por tanto, apostemos por un plan destas características e póñanse a traballar.

[...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide. Moitas grazas.

O que si teño que dicirle é que me sorprendeu, hoxe especialmente, por esa falta de educación, sobre todo, ao dirixirse a min. E non me parece nin apropiado nin conforme ao lugar que está ocupando.

Iria, a nova concelleira, espero que non aprendas estas formas, porque creo que a educación é o primeiro que debemos respectar aquí. Somos compañeiros e debemos respectar esa educación que parece que cada vez escasea máis.

O que si quero dicir é que si é certo, xa que temos aquí os veciños de Nadela, que quero saudar, o que si é certo é que cada vez que pagamos un recibo da auga e do lixo vemos un concepto que pon «canon». Aí ten que poñer «canon Xunta de Galicia», e debemos facelo todos os concellos. Por iso parece que é o Concello quen recibe ese diñeiro, pero non é o Concello quen recibe ese diñeiro. Simplemente, facemos de recadadores para a Xunta de Galicia. Esa parte que vén do canon é unha parte que nós recibimos e temos que ingresala á Xunta de Galicia. E a Xunta de Galicia, é un imposto finalista, é dicir, está destinado a unha finalidade concreta: abastecemento e saneamento, todo o que teña que ver co ciclo da auga. Pero aquí levamos 8 anos recadando ese canon, nos últimos 8 anos recadamos máis de 12 000 000 €, mandámoslos todos os trimestres para Santiago para a Xunta de Galicia, todos os trimestres. Eles tiñan que reinvestilo en nós para que nós puidésemos facer eses saneamentos e abastecementos, pero pódolle dicir que deses 12 000 000 € millóns aquí non chegou nada, absolutamente nada.

Poden dicir o que queiran, pero a verdade é esa. Teñen, a Xunta de Galicia ten a obrigaón de reverter ese diñeiro para que nós poidamos facer novos saneamentos e abastecemento, pero non recibimos nada. E, ademais, como antes dicía o concelleiro, e ten razón, non me comparen un presuposto con 14 000 000 000 € co noso presuposto, que é tremendamente modesto. Inda así, podo dicir que no último orzamento vai máis de 1 000 000 € para ese saneamento e abastecemento, como ben saben, aínda que tentan ocultalo. Destinaremos 1 000 000 € á intervención en Castelo de Arriba, Montero Ríos, rúa Ourense, Pardo Bazán, Miguel de Cervantes, Pintor Pacios ou Cidade de Vigo. En canto a saneamento, en Alexandre Bóveda, Pena de Mula, Rof Codina ou o Río Azor, en canto á abastecemento, con dúas mencións especiais: 198 400 € para o saneamento do núcleo de Esperante e o proxecto para abordar a renovación integral que pretendemos levar a cabo na rúa Fermín Rivera. Polo cal, deixamos reservados 100 000 € para ese proxecto. Poderíamos engadir todo o que se está a facer e o que se vai a facer en Conturiz, que fomos presentalo o outro día a través do Plan único.

Polo tanto, iso de que non se está investindo é unha auténtica falsidade. En todo caso, señor Ameijide, vostede que é tan impetuoso nesa crítica podía ir á Xunta de Galicia con ese mesmo ímpeto e dicir: «Lugo necesita eses 12 000 000 € que vostedes recadaron e débennlle ao Concello, que están destinados exclusivamente para abastecemento e saneamento, porque non se pode dedicar a outras cousas e seguimos esperando». Por iso quero que os veciños do rural saiban que levamos máis de 8 anos sen recibir nada, esperando a que nos dean ese diñeiro.

Polo tanto, imos votar.

10/26 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 73/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR DO MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE DIVERSAS MELLORAS NA CONTORNA DO LUGAR DE NADELA, PARROQUIA DE PENA E, POSTERIORMENTE, CEDER O SEU VIAL Á ADMINISTRACIÓN LOCAL (Exp. 2025/G004/000108).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A veciñanza da contorna de Nadela leva moitos anos á espera dunha moi prometida iniciativa de renovación e mellora da súa contorna residencial, que se vertebra en torno ao viario central da estrada N-VI.

Dentro destas posibles actuacións atópanse algunhas tan inmediatas e necesarias coma as seguintes:

PRENDIDO DA ILUMINACIÓN existente na Rotonda que conecta as numerosas estradas que nela conflúen (autovía [A-6](#), autovía [A-54](#), circunvalación [LU-11](#), vía rápida [CG-2.2](#) ou estrada [LU-546](#)), así coma a RENOVACIÓN DA SÚA SINALIZACIÓN horizontal.

CANALIZACIÓN PECHADA DE VERQUIDOS que percorren, de xeito localizado, os laterais da vía central, de xeito igualmente urxente é a

RECONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS co seu ensanchado e eliminación de barreiras das beirarrúas continuas ao longo da vía principal, hoxe tan estreitas, deterioradas e interrompidas na súa continuidade por cambios de nivel, pendente ou outros inconvenientes para o seu emprego por persoal de mobilidade reducida, procurando a súa COMPATIBILIDADE COAS COTAS DE ACCESO DAS EDIFICACIÓNS existentes, algunhas hoxe afundidas con respecto ao viario.

ELIMINACIÓN DE SINALÉCTICA EN DESUSO (semáforos apagados, sinais antigas ou innecesarias...) que habería de vir acompañada da reconstrución do vial.

INCORPORACIÓN DE ELEMENTOS DE CONTROL DA VELOCIDADE de tránsito rodado e de convivencia co peonil (pasos de peóns e indicacións de emprego das vías).

PROCURA DUN ESPAZO DE APARCADOIRO de vehículos que nesta zona.

ADECENTAMENTO ESTÉTICO DO RUEIRO, coa incorporación de espazos de descanso dos residentes, superficies verdes e especies arbóreas, especialmente ao longo de todo o tramo principal.

ACONDICIONAMENTO DA CARBALLEIRA central do lugar e mantemento en bo estado, para exclusivo uso recreativo dos veciños, visitantes e nenos do colexio colindante, que debería acompañar á restante intervención estética e de rexeneración.

RECUPERACIÓN DA IDENTIFICACIÓN E TOPONIMIA dos diferentes núcleos da contorna (San Xoán, Viador, San Mamede, Varadas...).

REVISIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO urbano para acadar o achegamento do bus á rotonda superior, mediante a busca de fórmulas que o procuren.

Esta urxente e necesaria operación de rexeneración urbana permitiría unha POSTERIOR CESIÓN DA TITULARIDADE DA VÍA PRINCIPAL dende a administración central estatal á administración local, para poder manter esta importante área do concello de Lugo en bo estado de uso e desfrute para todos os residentes e visitantes.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, e considera de especial interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible do Goberno de España para que, dun xeito autónomo ou conveniado co Concello de Lugo, leve a cabo diversas iniciativas de renovación e mellora da contorna do lugar de Nadela, parroquia de [Pena](#), do Concello de [Lugo](#), para unha vez feitas, ceder a titularidade do seu vial á administración local."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señor Cabarcos.

-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día a todos, e especialmente á nosa compañeira de corporación, Iria, e tamén, como fixo vostede, alcaldesa, aos veciños da contorna de Nadela que hoxe nos acompañan, entendo que con moito interese para coñecer a postura de cada un dos grupos municipais.

Empezo cunha boa nova para eles, aínda que pode ser que non sexa tal, porque o que vou dicir é que o 19 de xaneiro, ou, máis ben, un 19 de xaneiro, a Xunta Local de Goberno composta polo PSOE e o BNG acaba de aprobar o proxecto técnico para a organización e renovación dos servizos da nacional VI ao seu paso por Nadela. O concelleiro de Infraestruturas declarou que este antigo tramo apenas ten tráfico dende o desdoblamento da estrada que conecta este núcleo coa capital, polo que cómpre renovar todas as redes de servizos e soterrar o cableado eléctrico de telefonía, cuestión coa que o Grupo Municipal do PP está completamente de acordo. A obra aprobada tamén corruxiría o problema que supón que as entradas das casas, que están a distinto nivel que a vía, polo que as beirarrúas terían que ser deseñadas cun ancho de dous metros e construídas cun trazado rasante continuo sen barreiras —como agora si presentan—, dispoñendo dun espazo intermedio entre estas e as edificacións para dispoñer acceso a cada unha delas mediante ramplas accesibles.

Coa execución deste proxecto, o tráfico rodado restrinxiríase moito, sempre segundo as explicacións do goberno local, e cunha velocidade similar á das vías urbanas. O proxecto abrangue unha lonxitude de 700 metros e ten un orzamento de un 1 423 000 €.

O problema que ten esta iniciativa, o que non é xa boa nova, é o mesmo que o temos os veciños do centro, ou tamén da Milagrosa, ou quizais peor, porque as obras agora en execución no centro, que deberían ter rematado se non tivesen que telas modificado en forma e orzamento obrigados pola presión popular, remataban en febreiro e abril de 2024, co cal levan un atraso de 388 ou 339 días. Para as

anunciadas e prometidas para os veciños que nos acompañan de Nadela, que foron anunciadas o 19 de xaneiro de 2011 e que tiñan un prazo previsto de 12 meses, levan un atraso de 4 787 días dende a data na que se anunciaba a súa terminación.

Visto isto, poden vostedes imaxinar o crédito co que os veciños da zona norte acollerían estes días a promesa do tren eléctrico e as restantes ocorrencias. En calquera caso, entendo que todos os veciños de Lugo afectados pola falla de organización das obras ou polas promesas largamente esquecidas —na Milagrosa, en Nadela, no centro...—, o que sentirán fronte a anuncios como os que acabo de enunciar. Imaxínoos pasando polas 4 fases do duelo: primeiro negando a triste realidade que están a vivir, despois saír a polo engano da promesa incumplida, despois unha depresión derivada desta realidade e, despois, a resignación fronte aos dous anos que inda terán que soportar ata que as cousas poidan mudar.

Tentando traer novamente ao Pleno municipal a realidade do núcleo de Nadela, o Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Lugo presenta para o seu debate e aprobación, e confiando en que proceda, unha proposición para instarlle ao Ministerio de Transportes e Mobilidade, como único titular e responsable desta vía, do Goberno de España, a levar a cabo iniciativas de renovación e mellora da contorna do lugar de Nadela —ben esperadas e ben merecidas—, parroquia de Pena, Concello de Lugo, para, unha vez feitas, ceder a titularidade da súa vía á Administración local.

Na segunda miña intervención, desagregarei o decálogo de iniciativas que nosoutros propoñemos teñan sido trasladadas ao ministerio.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Cabarcos.

Ten a palabra polo goberno a concelleira Ana González Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben. Benvida aos veciños e veciñas de Nadela.

Alégrome, ademais, de que estean presentes algunhas das persoas que estiveron presentes na reunión do día anterior que se levou a cabo en Nadela para entender a nosa postura. Tamén, como indicaba a señora Carballas na primeira intervención, que ser 12 concelleiros e concelleiras, porque o grao de dedicación ao seu traballo limítase a apoiarse no traballo ou apropiarse do traballo dos demais. O grao de deslealdade raia a vergoña, señor... non me sae nin o apelido, perdoe. Señor Cabarcos, descúlpeme, raia esa desvergonza, porque o día anterior á presentación desta proposición, unha reunión, ademais, levada a cabo, unha xuntanza, non unha reunión, coa Subdelegación de Goberno, coa Deputación Provincial e co Concello de Lugo, na que estaban presentes representantes de diversas asociacións de San Xoán de Pena e de veciños de Nadela, trasladóuselles este decálogo que vostede

di que vai presentar na segunda intervención co compromiso por parte de cada unha desas administracións a facer ese decálogo.

Polo tanto, e como manifestamos sempre en todos os plenos, non podemos apoiar esta proposición por deslealdade. Deslealdade, ademais, inxusta porque os veciños e veciñas que viviron aquel día aquela reunión saben do compromiso da subdelegada do Goberno, do compromiso da Deputación Provincial e do compromiso do Concello de Lugo. Polo tanto, fáganse mirar, de verdade, porque eu creo que é intolerable este comportamento por parte da oposición de Lugo.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Abelleira.

Segunda quenda para o señor Cabarcos.

-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Pois, como di vostede, señora Abelleira, non sería preciso que apoiaran este decálogo simplemente co cumprimento da promesa que leva 477 de días de atraso, simplemente co cumprimento desta promesa xa non faría falta nin que viñésemos aquí co asunto outra vez nin que apoiasen a proposta. Simplemente, fagan o prometido e acabouse o problema.

De todas formas, aínda así, como dixen, vou enumerar o decálogo de necesidades que teñen os veciños de Nadela, polo que esperan todos estes anos: o primeiro que precisan é o prendido da iluminación existente na rotonda que conecta as numerosas estradas que nela conflúen, así como a renovación da súa sinalización horizontal; o segundo que precisan é a canalización pechada de verteduras que percorren hoxe en día, de xeito localizado, os laterais desa vía central; o terceiro é a reconstrución das beirarrúas co seu ensanchado e a eliminación de barreiras ao longo da vía principal, que hoxe están estreitas, deterioradas e interrompidas na súa continuidade por cambios a nivel, pendentes e outros inconvenientes para o seu emprego por persoas con mobilidade reducida, procurando a súa compatibilidade coas cotas de acceso ás edificacións existentes, algunhas de hoxe afundidas con respecto ás vías moito como para que sexan accesibles; o cuarto é a eliminación da sinalética en desuso: hai semáforos apagados, sinais antigos ou innecesarios, que habería de vir acompañado todo iso da reconstrución da vía; o quinto é a incorporación de elementos de control da velocidade de tránsito rodado e de convivencia co peonil, pasos de peóns e indicadores de emprego das vías, aínda hoxe necesarios; o sexto é a procura dun espazo de aparcadoiro de vehículos que nesta zona ben podería vir xerado polo ensanchamento das beirarrúas e a eliminación dun dos carrís de emprego en sentido ascendente, este servizo faise imprescindible xa en toda a cidade, pero neste sitio é especialmente necesario; o sétimo é un adecentamento estético do rueiro coa incorporación de espazos de descanso dos residentes, superficies verdes e especies arbóreas, especialmente ao longo do principal tramo da vía; o oitavo é o acondicionamento da

carballeira central e o mantemento en bo estado para exclusivo uso recreativo dos veciños, visitantes e mesmo dos nenos do colexio lindante que debería acompañar a restante intervención; o noveno é a recuperación da correcta identificación e toponimia dos diferentes núcleos da contorna, como son San Xoán, Viador, San Mamede ou Baradas; e a décima, a revisión do transporte público para conseguir que teñan un servizo mellorado e acadar o achegamento do bus á rotonda superior mediante a busca de fórmulas que o poidan procurar.

E con isto remato.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Señora Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, nada. Agradézolle que faga súas e do Partido Popular, ou lamento, é que non sei que facer, pero ben... Non sei se foi gravado, porque a literalidade do contido desa xuntanza falaba de todas estas achegas, pero, ademais, tamén lle adianto para que os veciños saiban o que se vai facer en breve espazo de tempo, sobre todo, cando a climatoloxía nos permita, que tamén foi trasladado á asociación de veciños, son as actuacións a través do Plan único da Deputación Provincial, que é o acondicionamento da pista de San Xoán de Pena nas proximidades da igrexa, o camiño da urbanización de Nadela, moi demandado pola veciñanza, e o camiño da contorna do colexio, ademais de todos os traballos que, como tamén puideron comprobar, se foron realizando para esta festividade que tivo lugar esta fin de semana na centenaria Carballeira de Nadela, na que o Concello colaborou no arranxo e no mantemento de toda a contorna, que tamén son traballos realizados polo Concello.

E, dende logo, eu vólvolle dicir, señor Cabarcos, que a deslealdade non se presenta nun papeliño, nunha proposición, cando o resto das administracións implicadas xa están comprometidas porque o día anterior se mantivo esa xuntanza e se chegou a isto.

Ata lle podo dicir, agradézolle, que nesa gravación tamén incluíran, porque foi un momento de risa na que dicían que se traspasara anteriormente esa vía ao Concello e eu díxenlle: «ben, desde que estea arranxada», diante da subdelegada do Goberno.

Polo tanto, fáganse mirar, señor Cabarcos, fáganse mirar.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Última quenda para o señor Cabarcos.

-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Ben, vostede fala dalgunhas intervencións en vías menores da contorna, pero nin fala nin lle interesa falar do prometido dende o 19 de xaneiro de 2011, co cal espero que o seu voto sexa favorable ou desfavorable, pero simplemente que leven a cabo todo o prometido, todo o aprobado polo goberno local dende hai 4 787 días.

E non temos máis que pedir. Con facer iso, é suficiente.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Isto é un exemplo do que poderíamos chamar vampirizar, fagocitar. Este é o exemplo.


Ou sexa: hai un día unha reunión cos veciños, van as 3 administracións implicadas, as que poden facelo, as 3 administracións implicadas chegan a un acordo e ao día seguinte vemos un vídeo falando de todas estas propostas, e preséntase no Concello unha proposición con todo o que se falou cos veciños e ao que se comprometeron as 3 administracións.

É deslealdade, concelleira, é deslealdade, pero tamén é un exemplo de vampirización, de fagocitación, que é o que fai o Partido Popular aquí constantemente: tan pronto sabe que se está facendo algo, automaticamente vén aquí porque, así, no periódico do día seguinte, «a proposición do Partido Popular...». Pois non, non lle imos votar a favor, porque ese compromiso xa está adquirido cos veciños. Polo tanto, non lle imos dar os titulares.

Imos votar.

11/27 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 74/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA QUE REGULE O USO DOS LOCAIS SOCIAIS PARROQUIAIS DO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2025/G004/000109).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Os locais sociais ou centros de dinamización social rural, desempeñan un papek fundamental na vida comunitaria, xa que permiten aos veciños e asociacións desenvolver actividades culturais, deportivas, educativas e de ocio. Sen embargo, temos constatado que a información dispoñible na páxina web do Concello únicamente recolle a existencia de 5 centros, cando sabemos que en realidade existen máis dunha treintena deles.



Esta falta de transparencia e regulación xenera desigualdades no acceso a estes espazos, xa que non se dispoñen de criterios claros e públicos sobre o seu uso, cesión ou reserva. Actualmente, os veciños e asociacións encontran dificultades para solicitar estes locais e non contan con garantías de igualdade na súa distribución.

Por isto, consideramos imprescindible a elaboración dunha ordenanza que regule e garantice o seu uso por parte dos veciños. Esta normativa debería contemplar:

Un inventario público e actualizado de todos os locais sociais municipais dispoñibles.

Os requisitos e condicións para o seu uso por parte dos veciños, asociacións e entidades.

Criterios de asignación e cesión de xeito sinxelo, gratuito e inmediato de xeito que se garantice o uso dos mesmos por parte dos veciños.

Procedementos claros para a solicitude, reserva e uso dos espazos.

Garantías de mantemento e adecuación dos locais para o seu correcto aproveitamento.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que suscribe esta proposición, considera de especial interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. A elaboración dunha ordenanza reguladora do uso dos locais sociais municipais que garanta un acceso sinxelo, gratuito e inmediato para todos os veciños e asociacións.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

2. Publicar un inventario completo e actualizado de todos os locais sociais municipais na páxina web municipal.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, pois, eu tamén saúdo aos veciños de Nadelá. Ademais, lamento que teñan que escoitar algunhas cousas, pero iso non vai facernos mudar a maneira de traballar.

Esta ordenanza, desgraciadamente non lles afecta porque non teñen local social nin proxecto para ela, a pesar de, como dixo claramente o meu compañeiro, iso é o que lle importan as iniciativas que van a Pleno a pesar de que levan gobernando esta cidade moitísimos anos.

Entendemos que os locais sociais son centros de dinamización e que teñen un papel fundamental na vida comunitaria. Permítenlles aos veciños xuntarse, ter actividades culturais, deportivas, educativas, de ocio..., pero é certo que o seu acceso nos últimos anos empeorou dunha maneira preocupante e alarmante, toda vez que moitos deles se senten propiedade deles. É absolutamente asombroso como escoitas a moitos veciños que explican o compromiso, a implicación e incluso o esforzo económico que fixeron nalgunhas parroquias para que hoxe algún dos locais estea aínda en funcionamento. Senten que son deles, non co sentido da permanencia, nalgún caso ata tamén; de feito gustaríalles ver algún proceso polo que eses locais sociais pasaron á titularidade do Concello.

Precisamente esa sensación de pertenza cobra moitísimo máis protagonismo cando o goberno acaba xestionando a casa non como se fose unha casa de todos, non atendendo as necesidades de todos, non dándolles resposta ao que lle

demandan todos, senón pensando que a casa é deles, e así está pasando cos locais sociais.

En primeiro lugar, denunciar que na páxina web non hai transparencia. De feito, se se consulta —ben, esta mesma mañá non a consultei, pero dende logo o 18 de febreiro, antes de rexistrala, si— só aparecían cinco centros, cando sabemos que, na realidade, hai moitos máis, sobre unha trintena. Iso debería ser corrixido, porque creo que facilitaría... ben, en primeiro lugar, é unha obriga e, en segundo lugar, facilitaría a xestión do seu uso.

Pero, a maiores diso, o que realmente preocupa é o acceso ao desfrute deses locais e que está, ademais, véndose con moita claridade que se xestiona de maneira desigual. Eses espazos son dos veciños e creo que a Administración ten a obriga de articular a plataforma, a normativa, que permita ese desfrute, primeiro, de maneira igualitaria, de maneira transparente, e áxil tamén na súa resposta: temos coñecemento de actividades que tiveron que pospoñer o seu inicio e, incluso, algúns veciños ter que buscar localización alternativa privada ante a falta de resposta e ese excesivo control e celo que ten o goberno local nos últimos tempos.

Por iso queremos que haxa uns criterios claros e públicos sobre o seu uso, sobre a cesión ou a reserva. Hai dificultades para solicitar estes locais sociais e, o máis preocupante, non se lles responde cunha garantía de igualdade na súa distribución.

Por iso, e coma sempre, co ánimo construtivo de mellorar e de corrixir o que entendemos que é unha deficiencia, unha disfunción e unha anomalía no funcionamento democrático desta institución, consideramos imprescindible unha ordenanza que, iso si, dea certeza e así permita a todo o mundo acceder en condicións de igualdade. Esa normativa debería conter o inventario público dos locais sociais dispoñibles, os requisitos e condicións para o seu uso por parte dos veciños, asociacións e entidades para que este teña tamén a posibilidade de ser garantido e coñecer eses criterios de cesión, que sexa, ademais, sinxelo, gratuíto e inmediato. É importante eliminar a burocracia no que é un trámite que, *a priori*, nos parece sinxelo: un procedemento claro e onde poidan reservar ese uso deses espazos.

Iso é o que traemos aquí a votar: que se elabore unha ordenanza reguladora do uso dos locais sociais que garanta ese acceso sinxelo, gratuíto e inmediato para veciños e asociacións, e que se publique un inventario completo e actualizado de todos os locais municipais na web coa que contan. Deberíamos de ser máis ambiciosos. Deberíamos de pedir que aquelas parroquias que non teñen local social, que se articule o orzamento para que o teñan nun curto período de tempo, pero pode ser obxecto, por suposto, doutra iniciativa e prégolles que o estuden en detalle e que voten pensando que realmente é unha iniciativa para facilitar o voso traballo e a transparencia.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia.

Ten a palabra polo goberno a concelleira Ana González Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Grazas, señora alcaldesa.

Ben, iniciar dicindo e facendo referencia a que en San Xoán de Pena tamén existe un local. Eu creo que está desinformada, señora Candia. Non son pouco máis de 30, temos 56 espazos que poden ser utilizados polos veciños e veciñas. E, ademais, espazos que están regulados cun documento que se trasladou; é máis, mandeillo eu directamente, desde o correo, pode buscalo, non recordo en que data, «a.abelleira», ao Partido Popular. Precisamente, porque non solicitara rigorosamente as instalacións, e teñen o modelo de inscrición e os pasos para seguir para o uso: como se condiciona o uso e o que ten que presentar cada persoa, entidade ou asociación que quere demostrar.

Polo tanto, eu creo que ou está desinformada ou que non lle pasaron ben os datos. E, falando de datos, no de transparencia, na web do Concello de Lugo en transparencia, en datos abertos do Concello de Lugo, aí aparece o inventario de todos os equipamentos de Lugo.

Polo tanto, eu creo que non procede esta proposición porque se desmonta por si mesma. Vostede limitouse a coller os datos que aparecen na web pero non comprobou a realidade da situación. E, como lle digo, hai 56 espazos que poderían ser utilizados polos veciños e veciñas, e nós estamos traballando desde a importancia que consideramos que teñen estes espazos para a convivencia, para a realización de actividades e, ademais, para ser utilizados por veciños e veciñas que así o demandan.

Polo tanto, o problema que vostede formula xa existe: hai unha regulación, hai unhas condicións de uso dos locais e entendemos que non procede a súa proposición.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Abelleira.

Segunda quenda para a señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Que vostede deseñara unha instancia para solicitar acceder a un local para nada é comparable con que exista unha ordenanza que regule os usos e as condicións de maneira transparente deles.

Dixo vostede, e anotei literal: «vostede limitouse a recoller os datos da web pero non comprobou a información». Efectivamente, comprobei a web, e comprobei a información e, como non coincide, é polo que lle digo que o actualice.

A ver, eu recoñezo que é un tema de concepto. Sempre lles dixemos que o Concello debe ser unha administración colaboradora, e sempre lles dixemos que o uso de espazos pois non son do Partido Socialista nin son de Ana Abelleira, son do Concello de Lugo. Para un señor que viva nunha parroquia e que queira organizar o campionato de tute, entendo que a obrigación do Concello é ser absolutamente facilitador. Pero o que non é tampouco admisible é que, dependendo de quen o pida, o tempo de resposta sexa un ou outro; ou, incluso, actividades que co silencio pretenden evitar que se celebren.

Se non ten nada que ocultar, e se efectivamente a xestión é transparente, creo que esta é unha proposta en positivo para mellorar o obxectivo que, aparentemente, vostede di que consegue na acción de gobernar eses locais. Non fixen ningunha valoración crítica, creo que se pode mellorar, creo que non hai transparencia. E o problema non é que o crea eu, como vostede sabe, non sei se poderá dicir o mesmo, coñezo todos os locais porque teño que dicirlle que os visitei todos, abertamente llo digo: ese é un exemplo de moita dedicación e de moito traballo, hai un rural moi extenso, hai moitas parroquias e hai xente moi comprometida coa súa parroquia, e xestionar todo iso é, dende logo, unha oportunidade, ten vostede unha grande oportunidade. Ten tempo, evidentemente asumiu a responsabilidade no rural hai relativamente pouco, pero xa estaba no goberno e, por conseguinte, supoño que os coñecerá.

Pero non o tome a mal, é unha proposta en positivo que creo que mellora o obxectivo que di vostede que ten, pero que nos actos non se corresponde. Entón, actualizar a páxina web e ter unha ordenanza onde calquera veciño da parroquia que sexa saiba que o uso está garantido e o exercicio dos seus dereitos é transparente. Home, a un goberno progresista non lle debía de parecer mal e, por suposto, incluso nos ofrecemos a facer un borrador de ordenanza, pero regular as cousas... iso si que é un problema de concepto que é o que me gustaría puntualizar, non é que exista unha instancia para solicitar un dereito.

[...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Continuará na seguinte quenda.

Segunda quenda para Ana Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Para puntualizar: se só sabe que hai trinta e pico e di que os visita todos, eu non sei se iso é verdade o que está dicindo. Non é verdade. Pero ogallá todos os compañeiros e compañeiras poidamos visitalos todos desexando que estean tamén... ou alcanzar ese compromiso de mellorar as instalacións o máximo posible.

Dígolle que vostede se limitou a coller un pantallazo da web, pero esqueceuse de mirar con outra denominación, porque os centros denominase de distinta maneira: de dinamización sociocultural, que son os que están encadrados nun tipo de contrato e que teñen unha atención segundo o contrato establecido; os telecentros e os locais veciñais.

Polo tanto, tenlle que ir dando nas pestanas. É que me parece un pouco... síntome un pouco mal terlle que dicir así, pero poñen: «locais sociais», «telecentros» non soamente rede de dinamización. E aí pode comprobar que hai moitos máis de 30. E igual que no inventario: datos abertos do Concello de Lugo no portal de transparencia, que é o que vostede pide.

Por iso digo que toda esta información está contemplada, a fórmula aínda ao mellor non está ben asentada porque é de recente, como vostede dicía, implantación e ao mellor a veciñanza aínda non sabe realmente como se ten que solicitar, pero está informada tanto os pedáneos como as pedáneas, como nos taboleiros dos distintos centros, e aquelas persoas que nos chaman ou que se poñen en contacto con cohesión territorial, pois tamén son informadas e se lles envía, igual que ao Partido Popular, como hai que solicitalo e que documentos hai que presentar.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Última quenda para a señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: A verdade é que estes debates son moi enriquecedores. Canto máis duran, máis os traizo a o subconsciente e máis xustifican que a iniciativa que traemos a debate é necesaria. «A fórmula inda non está ben asentada», é que non se coñece. Non hai unha normativa clara nin transparencia.

Segundo. «Ao mellor é que non se sabe como se ten que facer», e que efectivamente, é que a vostede llo están dicindo: non hai transparencia, a xente non sabe como ten que solicitar.

Entón, todo o que estamos dicindo, a vostede acaba de traizoarlle o subconsciente, é o que lle din a vostede, porque me consta que llo din a vostede tamén, por non dicir aqueles que envían a solicitude cunha petición dunha data e teñen a resposta cando a actividade xa rematou ou se tivo que facer noutro sitio. Esa é a realidade.

Pero, insisto, é unha proposta para mellorar. Incluso nosoutros podemos aportar a literalidade da ordenanza para mellorar e para ser transparentes. E, a partir de aí, é negar realidades. Como a todo, votarán que non, porque efectivamente [...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Acabou o seu tempo.

Medo me dá esa redacción de ordenanza, medo me dá.

O que está claro é que quedou moi claro que a concelleira acaba de dicir que se estableceu unha fórmula para acceder a cada un deses... Gustaralle ou non lle gustará, pero está establecida e incluso se comunicou ao Grupo Municipal do Partido Popular. Hai unha fórmula para acceder, hai un formulario e unha fórmula, esta aí.

Que queren vostedes facer unha ordenanza ao seu xeito? Probablemente, porque aquí hai que buscar a segunda parte: que quere facer o Grupo Municipal Popular? Por iso digo, medo me dá.

Moitas grazas.

Imos votar.

12/28 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 83/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RESPALDAR ÁS VECIÑANZAS DE OUTEIRO E SANTA MARÍA ALTA EN DEFENSA DA SÚA CALIDADE DE VIDA POLA POSIBLE AFECTACIÓN POR MOR DA GRANXA PORCINA QUE SE PROXECTA NO LUGAR DE RETORTA, NA PARROQUIA DE VILALVITE, NO VECIÑO MUNICIPIO DE FRIOL (Exp. 2025/G004/000110).- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A construción dunha granxa porcina no veciño municipio de Friol, concretamente no lugar da Retorta, na parroquia de Vilalvite, podería ter unha afectación significativa sobre parte da poboación do noso municipio. Concretamente o núcleo de Outeiro, un dos potencialmente teñen máis risco de verse afectado, atópase a tan só 508 metros de distancia da futura explotación, pero tamén podería prexudicar á calidade de vida da veciñanza de núcleos da parroquia de Santa María Alta como Torible, Locai ou Marcoi.

A granxa porcina proxectada prevé tres naves principais, ademais doutra serie de instalacións auxiliares, que estarían capacitadas para aloxar 662 animais na denominada como Nave 1, 614 na chamada Nave 2 e outros tantas cabezas de gando na Nave 3. En total estamos a falar de 1890 exemplares, o que situaría esta explotación polo seu tamaño e capacidade de produción ao bordo do que os expertos ambientais cualifican como macrogranxa.

Non debemos obviar por tanto os efectos sobre o noso medio e sobre a calidade de vida da nosa veciñanza. Neste tipo de explotacións as emisións

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

proveñen principalmente da produción de alimento, e despois, do manexo de esterco, xa que os porcos non absorben a totalidade dos nutrientes que consomen e os seus refugallos son altamente contaminantes en grandes proporcións.

No caso do aire, a degradación dos excrementos produce emisións de amoníaco (NH₃), sulfuros de hidróxeno e gases de efecto invernadoiro (GEI) como dióxido de carbono (CO₂), metano (CH₄) e óxido nitroso (N₂O). Isto, ademais de contribuír co cambio climático, podería danar a saúde humana e afectar á calidade do aire así como xerar episodios de malos cheiros que poderían sufrir os habitantes dos núcleos sinalados anteriormente.

É preciso lembrar que aínda que os excrementos dos animais son un excelente abono para os cultivos, en grandes cantidades convértense en nocivos. Segundo a Comisión Europea, na UE a gandería industrial é a responsable do 81% das achegas de nitróxeno aos acuíferos. Así mesmo, a gandería industrial é a responsable do 94% das emisións declaradas de amoníaco, concretamente as porcinas achega un 69% este algarismo. Polo que desde este grupo municipal consideramos de interese para o municipio de Lugo seguir con atención a evolución deste proxecto e apoiar aos veciños e veciñas afectadas dentro do noso termo municipal naquelas accións que decidan emprender para defender a calidade do aire nos seus lugares de residencia.

Por este motivo, o Grupo Municipal Socialista propón o seguinte punto de acordo:

1. Acordar que o Concello de Lugo apoie as iniciativas emprendidas e acordadas por consenso pola veciñanza de Outeiro e Santa María Alta en defensa da súa calidade de vida pola posible afectación por mor da granxa porcina que se proxecta no lugar da Retorta, na parroquia de Vilalvite, no veciño municipio de Friol."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** que o Concello de Lugo apoie as iniciativas emprendidas e acordadas por consenso pola veciñanza de Outeiro e Santa María Alta en defensa da súa calidade de vida pola posible afectación por mor da granxa porcina que se proxecta no lugar da Retorta, na parroquia de Vilalvite, no veciño municipio de Friol.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois ten a palabra a primeira quenda para Ana González Abelleira polo Partido Socialista.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Dende... Desde, mellor dito, os veciños e veciñas das parroquias que poden estar afectadas, principalmente de Outeiro, trasladamos esta proposición para acordar —por unanimidade, esperamos—esta iniciativa para apoiar os veciños e veciñas nas súas reivindicacións pola posible afectación que pode ter a implantación desta granxa porcina no lugar da Retorta.

Para facer un pouco de historia, é unha información moi recente, porque veciños e veciñas subérono cara a finais de 2024, e empezáronse a preocupar, máis que nada polo escurantismo e pola tramitación que se estaba levando no veciño concello. É unha preocupación que, a medida que ían preguntando, como non se daba resposta ás inxerencias da veciñanza, pois fóronnos trasladando tamén ao Concello de Lugo se eramos coñecedores desta situación.

Efectivamente, unha vez que empezamos a estudar o tema, vimos que se trataba dunha granxa, o que nos alegra tamén industrialmente para a provincia de Lugo, para o Concello de Friol supoño que tamén, pero que non gozaba de, ou non trasladaba toda a confianza que debía no sentido do impacto ambiental e da premura das actuacións que se levaron a cabo na realización e no secretismo da implantación desta granxa de cochos.

Eu traslado, dende o Concello desde o Grupo Municipal Socialista, a preocupación dos veciños e veciñas porque aínda non se deu resposta a que tipo de obras se levaron alí, se cumprían toda a legalidade, se a corta de case 2 ha de masa forestal estaba permitida, se se informara da escavación na explanación da parcela e cumpría con toda normativa, se a escavación nun oco mineiro no monte comunal tamén fora comunicada e contaba con todos os permisos... En resumo, se todas as obras realizadas foron con ou sen autorización, porque os veciños aínda non o saben, e que algúns deles están implicados porque forman parte destes montes comunais. Por que se iniciaron as obras? Por que se facían en fins de semana? Porque se facían pola noite? Quero dicir: cuestións que levaron á desconfianza veciñal e que nos trasladaron.

E despois, tamén, a sospeita xerada pola acelerada tramitación da que nunca ningún veciño tivo máis información: informes que se pedían e que se respondían no mesmo día, promotor que presentaba estudos ou informes antes de saber se se ía implantar ou non, informes que xa se tiñan solicitado antes de saber o que ía ir alí, compras e vendas de terreos... cuestións, dúbidas, que nos trasladou a veciñanza á que non se lle deu resposta e á que nós tamén queremos, pois, poñer riba da mesa para saber en que en que consiste esta implantación.

A raíz de que saíra esta inqueda nos medios de comunicación, empezamos a detectar un serio nerviosismo por parte dos responsables, non soamente do Concello de Friol, senón tamén por esa premura na realización de reunións coa xefa territorial de Medio Rural, co xefe territorial de Medio Ambiente, con arquitectos municipais ou, polo menos, así presentados polo alcalde de Friol nunha reunión na que se limitaron a contar o que xa poñía a resolución do informe de impacto ambiental e que segue sen convencer aos veciños.

E por iso trasladamos esta proposición, porque afecta a veciñanza de Lugo, que non ten claro e non ten estudos, porque ao Concello de Lugo tampouco lle foron requiridos, de se afecta medioambientalmente a implantación desa planta á veciñanza tamén de Lugo, ademais da de Friol.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Polo Grupo Popular, señor Vázquez.

-JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Sí, muchas gracias, señora alcaldesa.

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular queremos abordar esta moción con responsabilidad y rigor, evitando alarmismos y asegurando un debate basado en datos que son objetivos y en la legalidad vigente.

Entendemos la preocupación, por supuesto, de algunos vecinos, pero consideramos que este debate está siendo utilizado con interés más político que técnico. Respecto... a, bueno, a algo en lo que lo que todos debemos estar de acuerdo, que es la autonomía, el respeto a la autonomía municipal, es que, como todos sabemos, la granja porcina que está proyectada se ubica en el municipio de Friol y consideramos, por tanto, que es fundamental, por tanto, respetar la autonomía y las competencias de cada ayuntamiento en la gestión de asuntos locales. Intervenir directamente podría sentar un precedente de injerencia en decisiones que competen a otros municipios.

Miren, es importante recordar que cualquier proyecto de esta envergadura está sujeto a estrictos controles medioambientales y sanitarios. Y lo digo yo, que me imagino que, imagino que, como ustedes, no somos expertos en la materia. Pero, desde luego, las explotaciones ganaderas a día de hoy tienen que cumplir con normativas específicas que regulan aspectos como la distancia a núcleos urbanos, la gestión de residuos y la protección de los recursos hídricos. Este tipo de proyectos han de superar evaluaciones técnicas en las que se analiza su impacto en el entorno y las medidas correctoras necesarias para minimizar cualquier posible afección si la hubiera.

Pero en el caso de la explotación, que es el caso que hoy nos traen aquí, es importante señalar las propias declaraciones del alcalde, que ha defendido

públicamente el proyecto y ha dicho en declaraciones a la prensa que la granja cuenta con todos los permisos necesarios y cumple con los parámetros técnicos y legales requeridos. Y es que hay que tener en cuenta que este tipo de instalaciones, o a este tipo de instalaciones, mejor dicho, se le exigen requisitos específicos en materia de ventilación y bioseguridad para evitar problemas sanitarios y medioambientales.

Otro aspecto que no es menos relevante es el cumplimiento de las distancias que son exigidas por la propia normativa, y en estos casos, usted lo sabe muy bien, señora Abelleira, las administraciones competentes han de verificar que la ubicación de la explotación respete las separaciones mínimas establecidas con respecto a los núcleos de población, a los propios cauces de agua y a otras explotaciones ganaderas.

Estamos, por tanto, señora Abelleira, ante un descarado intento, si me lo permite, por parte de la concejala del Partido Socialista de Friol de boicotear el proyecto con fines electorales, indicando que cree que oponiéndose a la explotación y a la propia expansión del sector, y en contra, además, de informes que son técnicos, puede arañar un puñado de votos —haciendo más, si me lo permite, las propias palabras del alcalde de Friol.

Dentro de la perspectiva ya meramente urbana, bueno, un caso que está clarísimo es que el planteamiento municipal, como no puede ser de otra forma, tiene que estar valorado por los organismos competentes, y es fundamental que cualquier intervención en suelo rústico con uso agropecuario respete las regulaciones de la ocupación del territorio y garantice que no se altere el equilibrio medioambiental de la zona. Según las propias declaraciones, le recuerdo, del señor José Ángel Santos, deberíamos entender, y así lo entendemos, que se han evaluado los posibles impactos sobre el entorno natural y se han exigido medidas como la conservación de las especies arbóreas o, incluso, la vegetación de la zona para minimizar el impacto visual.

Pero, volviendo al tema central y a la primera parte de mi intervención, y esta es la parte importante de esta reflexión, debemos atenernos a las competencias municipales y a la competencia institucional.

Es importante subrayar que el Ayuntamiento de Lugo no tiene competencias directas sobre este proyecto. Por tanto, le corresponde a la Xunta de Galicia y al propio Ayuntamiento del Friol, que es quienes deben evaluar la viabilidad de la actividad y garantizar el cumplimiento de los distintos requisitos legales.

Por tanto, nosotros desde el Partido Popular consideramos que el Ayuntamiento de Lugo debe actuar con prudencia y respetar los procedimientos administrativos sin injerencias ajenas a su competencia.

Muchas gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Voulle dar a palabra, que, por un despiste, me saltei. Correspondíanlle ao Bloque Nacionalista Galego e, polo tanto, voulle dar agora a palabra a Cristina López.

-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Moi bo día a todos e a todas e, como non, darlle a benvida á compañeira Iria. Benvida, Iria, a esta túa casa.

Escoitar agora mesmo ao Partido Popular falando de respecto de medidas, respecto de regulacións en canto ao tema de distancias e demais, tendo a planta de biometano como tiñamos aquí hai escasos días e que esperamos, que vaia para adiante e que se suspenda esa posibilidade de que poidan instalarse aí... a verdade é que, ben, non sei como cualificalo.

Pero o debate claro que ten que ser de carácter político, porque na instalación de certo tipo de instalacións destas características claro que hai o debate político, tanto en canto porque hai o debate social. Temos que ver, que os datos están aí e son moi teimudos, que as macrogranxas que se pretenden instalar nesta zona están sendo protagonistas nun debate no que conflúen tanto o tema do medio ambiente, como a calidade de alimentos, como o benestar animal. Tamén sabemos que o desenvolvemento tecnolóxico está permitindo a estabulación de centos de cabezas de gando —neste caso, estamos falado de porcos— para reducir así os custos asociados ao mantemento e así abaratar os prezos da carne. Iso témolo claro.

Pero tamén sabemos que unha alta densidade de animais é unha auténtica problemática para xestionar pola elevada concentración de excrementos en moi pouco espazo se, sobre todo, non existe especialmente unha cantidade elevada de zonas de cultivo para poder facer este tipo de vertidos que, doutra maneira, cun tipo de explotacións de carácter excesivo si serían beneficiosos para o medio ambiente, pero neste caso non sería así.

Sabemos que as macrogranxas, que é deste modelo do que estamos a falar, porque estamos falando dunha estabulación de case 2 000 cabezas de gando, sabemos que é un sistema de produción que é moi problemático e, ás veces, moi preocupante para a zona onde se vaian instalar tanto en canto os residuos, en cantidades moderadas das excrecións destes animais serían beneficiosas e necesarios para os agrosistemas, pero sabemos que en altas concentracións non son asimiladas pola biota e, entón, provoca que se concentren os nitratos e acábase filtrando aos acuíferos e ás augas superficiais.

Tamén temos que ver o consumo de auga tan importante que necesitan este tipo de instalacións. Sabemos que un porco vén consumindo sobre 12 litros de auga

diaria e temos que contar a maiores toda a cantidade de auga que se necesita para a limpeza deste tipo de instalacións. Tampouco nos podemos esquecer de todo o tema dos olores, que é un problema engadido degradando o medio ambiente nas zonas onde se instalan. As macrogranxas de porcino, polos datos que hai, aumentaron un 8 % as súas emisións de metano e un 3,4 % as emisións de amoníaco, gases de efecto invernadoiro, co que estamos tratando de loitar e que con este tipo de instalacións o único que facemos é incrementar o mesmo e a deterioración do medio ambiente que estes implican.

E, se falamos da actividade no ámbito laboral, tampouco adoitan ser significativas, porque son instalacións que non empregan un número importante de traballadores, todo o contrario, polos procesos que están totalmente automatizados.

E, se analizamos o que é a fixación de poboación, vemos, coa experiencia doutras zonas instaladas no Estado español, como a instalación de macrogranxas o que trae consigo é un despoboamento na zona onde se instalase, porque, ademais, inflúen tamén na actividade económica das zonas onde se instalan en canto fan que esas explotacións de carácter familiar que, sobre todo, na nosa zona, que son as máis estendidas, pois acaban con esas explotacións deste tipo de carácter familiar. Entón, xa che digo, nin é beneficioso polo tema dos traballadores porque non son instalacións que demanden moita man de obra, e, ao mesmo tempo, pois acabar coas pequenas explotacións que si fixan poboación e que si son o noso tecido, dalgunha maneira, produtivo na zona do rural, pois a verdade é que de interesante, pois, moi pouco.

Despois temos que ver que tamén hai estudos, porque estas macrogranxas aquí están chegando, pero noutras partes do Estado español xa levan tanto tempo estendidas, entón xa hai un estudo de como vai ser a evolución destas, vemos que hai unha repercusión totalmente negativa, tanto no económico como no social para o rural.

Destas instalacións é moi preocupante a viabilidade destas, tanto en canto que están asociadas ao que... os porcos está consumindo, están asociadas aos combustibles fósiles. Vemos que cada día os combustibles son menores, incrementan o seu prezo e, entón, a viabilidade económica destas macrogranxas está sendo xa nestes momentos moi cuestionada. Entón, co que nos podemos atopar é que o impacto medioambiental que poida realizar a día de hoxe, ao non ser viables economicamente [...]

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Continúa na [...]

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, señor, di «injerencia política», eu «injerencia política» cando a veciñanza das parroquias afectadas nos está transmitindo que a aquela zona se chama As Lagoas, que hai augas subterráneas, que hai pozos moi

preto, a menos de 200 metros... é dicir, non terá competencia no que o alcalde de Friol considere que é a súa competencia, pero se afecta ao terreo e á veciñanza de Lugo, pois vostede o dicía: o alcalde de Friol está defendendo a implantación desa granxa, pero está defendendo os veciños e veciñas de Friol? Porque tamén teñen inquedanzas, e as están mostrando.

Polo tanto, eu creo que é lexítimo tanto por parte dos veciños e veciñas como do promotor loitar polo seu, pero é que nós non estamos en contra da implantación, o único que queremos é que non condicione a vida das persoas que alí viven.

E fala vostede de «boicotear». Nós non estamos utilizando en termos políticos, estamos trasladando que queremos apoiar a veciñanza, porque non teñen clara a información que se lles achegou, primeiro porque aquela zona é unha zona húmida, eu non sei que se lle trasladou fixeran esta resolución por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, na que, de 10 folios, 10 están en cursiva e negra. E, como vostedes saben, cursiva e negra é que teñen que cumprir esas medidas correctoras.

Polo tanto, a min paréceme moi valente por parte do alcalde de Friol dicir que cumpre con todo cando aínda non está feita a nave. É dicir, imos por partes.

Pero agora a preocupación é: a implantación desa granxa supónlle unha inquedanza aos veciños, e nós queremos apoiar as súas reivindicacións porque consideran que os estudos realizados non foron realizados axeitadamente. Polo tanto, eu creo que «injerencia política» ningunha.

Tamén lle recordo que ata 2013 a lei obrigaba aos concellos lindeiros ou ás administracións participantes a estar informadas unhas das outras, pero en 2013 cambiouse, non sei quen o faría.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Segunda quenda para Cristina López.

-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: É que como non vai ser preocupante? Os datos son totalmente concluíntes, é normal que haxa unha inquedanza por parte da veciñanza e vemos que, dalgunha maneira, a veciñanza é a que está marcando as liñas que temos seguir. Soamente vemos, xa che digo, recentemente, como nomeaba antes, a instalación da planta de biometano que, se non chega a ser pola contestación e o traballo de reivindicación por parte da veciñanza, a Xunta de Galicia o único que fixo con esa iniciativa empresarial prioritaria foi poñerlles unha alfombra vermella para que alí se levase.

Vostede fai referencia ao tema das distancias... home, un pouco máis e lla meten aos veciños dentro das casas, foi o único que lles faltaba. Entón, ben, os datos son moi teimudos, e os datos están encima da mesa. É dicir: este tipo de instalacións climaticamente son moi nocivas para o contorno onde se instalan, a contaminación de augas tanto superficiais como subterráneas está clara, o incremento tanto de metano como destes gases de efecto invernadoiro está encima da mesa, o consumo de auga tanto para consumo deste elevado número de animais como para a súa limpeza é moi elevado, co que iso supón. Non falemos da despoboación, non falemos do tema da perda de postos de traballo polo que afectan ás instalacións do contorno e, encima, a día de hoxe estase cuestionando, inclusive, a viabilidade económica para o promotor ou empresario que quere facer a instalación destas. Pero é que os datos son totalmente concluíntes para ter unha postura, e claro que é un tema de carácter político, porque é un tema e unha gran contestación social, pola repercusión que ten. Porque os datos son moi teimudos e están encima da mesa.

Entón non sei que problemática hai no sentido de que nós recollamos todas esas inxedanzas que hai de carácter veciñal para poñelas encima da mesa, porque claro que é moi preocupante. Porque, se a nós nos din que van contaminar a zona na que estamos que, encima, os nosos fillos vanos botar fóra do contorno, que van destruír todas as pequenas explotacións gandeiras que poida haber no contorno... Home, que me diga que o Concello de Lugo, dada a distancia que temos e a xente, por suposto, do Concello de Friol, que non teña e unha inxedanza por este tema... home eu creo que nós deberíamos ser os primeiros en estar aí pedindo explicacións de como se vai facer e de que maneira. E, tamén, invitar o promotor a que faga análise do que é a viabilidade do negocio que quere poñer en marcha. Porque, xa lle digo, a día de hoxe está moi cuestionada a viabilidade económica das macrogranxas.

Entón, eu creo que é unha reflexión que debemos de facer e todas e todos.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Última quenda para o señor Vázquez.

-JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Muchas gracias, señora alcaldesa.

Bueno, después de escuchar sus intervenciones, compruebo lo que ya sospechaba, que estamos ante un gobierno débil e ineficaz que no se dedica a dar soluciones a los problemas reales de lo que es la vida cotidiana, sino a la ingeniería social y a la propaganda, que es un ingrediente fundamental de un gobierno, de su gobierno, y ve siempre un drama donde muchos vemos una oportunidad.

Las explotaciones ganaderas actuales están sujetas a estrictos controles ambientales y sanitarios, cumpliendo con la normativa vigente y el urbanismo y el medio ambiente y la salud pública existente. Y, si existiesen dudas sobre su cumplimiento, la vía adecuada es recurrir a los informes técnicos y a los procedimientos administrativos correspondientes.

Miren, ustedes saben perfectamente igual que yo que Galicia es una comunidad con una gran tradición ganadera y que es un sector clave para la economía rural y el mantenimiento del empleo. Por tanto, apoyamos que se garantice toda la información y transparencia necesarias para los vecinos afectados, pero sin caer en una postura que genere confusión sobre las competencias municipales y, en esta materia, señora Abelleira, como administración responsable el Ayuntamiento debe valorar, tiene que valorar cada iniciativa en su debido contexto y con criterios que sean objetivos antes de otorgarle un respaldo formal como ustedes solicitan.

Por otra parte, el Grupo Municipal del Partido Popular no nos oponemos en absoluto a que los vecinos defiendan su calidad de vida, solo faltaría, y a que el Ayuntamiento, además, se mantenga atentos a los posibles impactos que pueda tener esta explotación, pero creemos que el debate sobre este proyecto debe darse con rigor técnico y jurídico, evitando mensajes que, desde luego, puedan demonizar un sector que es clave para Lugo y para la propia provincia.

Y, por tanto, cualquier posicionamiento institucional en este sentido tiene que estar avalado por esos informes técnicos. Por tanto, nuestro posicionamiento del voto está basado en la responsabilidad y defendemos y defenderemos la transparencia y que los vecinos expresen sus preocupaciones. Pero también defendemos el rigor técnico y la seguridad jurídica de cualquier debate sobre el proyecto de esta envergadura. Lo que no podemos compartir es la utilización política que ustedes hacen sobre este asunto y sobre la ganadería.

Por tanto, el Partido Popular, desde luego, nosotros apoyamos el sector ganadero y la protección del medio ambiente siempre desde el análisis objetivo, el cumplimiento de la normativa y el respeto a los procedimientos administrativos pertinentes.

Muchas gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Última quenda para a señora Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Como cambia o conto, eh? Recordos de debate pola planta de Coeses e, agora...

Pero que nós só dicimos que non estamos en contra da implantación de ningunha industria agrogandeira de calquera sector. Non estamos en contra diso. O que queremos é a garantía da salubridade e das normativas, como moi ben dicía vostede; ou sexa, que cumpra todos os requisitos medioambientais.

Mira, se houberse tanta seguridade, entón porque paralizaron as obras que estaban comezadas? Igual non había tanta garantía, non? Entón, eu creo que hai que ser serios, e nós, dende o Concello, o único que pedimos, segundo di a iniciativa, é apoiar a toda a veciñanza nas iniciativas emprendidas e acordadas por consenso pola veciñanza de Outeiro e Santa María Alta en defensa da súa calidade de vida pola posible afectación por mor da granxa porcina que se proxecta no lugar da Retorta, na parroquia de Vilalvite. Nada máis.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Acabou o seu tempo.

Pois imos votar esta proposición do Partido Socialista.

SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

13/29 SOLICITUDE DE COMPARENCIA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 84/2025 (E 87/2025) DE REXISTRO DE PLENO, PARA EXPLICAR A SITUACIÓN ACTUAL DAS CALDAS MUNICIPAIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) Escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 84/2025 de Rexistro de Pleno -do 18 de febreiro de 2025- e informe emitido -o 21 de febreiro de 2025-, respecto do mesmo, pola secretaria xeral do Pleno, solicitando aclaracións a diversas cuestións de tipo formal -ambos os dous obrantes no expediente-.

B) Consecuencia do anterior, preséntase o día 21 de febreiro de 2025 unha nova solicitude de comparecencia -que a continuación se transcribe- formulada pola totalidade dos concelleiros do referido grupo municipal, número 87/2025 de Rexistro de Pleno, para dar conta das xestións realizadas respecto das caldas municipais e resposta as preguntas que nela se recollen:

“O Grupo Municipal do Partido Popular ao abeiro do artigo 111 do ROMP solicita a comparecencia en pleno do concelleiro competente na materia para dar conta das xestións realizadas respecto das caldas municipais, dando resposta ás seguintes preguntas:

1. *A través de que sistema fan vostedes as comunicacións oficiais coa autoridade competente na materia?*
2. *Por que non se notificou á autoridade competente a instalación de auga quente sanitaria das caldas?*

3. *Por que están pechadas as caldas actualmente? Comunicaron este feito á autoridade competente?*
4. *Que instalación ten o problema sanitario que impide que estea aberto ao público, as caldas ou a de auga quente sanitario?*
5. *Quen é a persoa ou entidades responsables de facer o control de mostras de análise da auga?*
6. *Teñen o rexistro de todas as mostras e medicións desta instalación aínda que non estivese dada de alta?*
7. *En que caso afirmativo cando se tomaron as mostras e cando se obtiveron os resultados das análises? Que medidas se tomaron en función dos resultados? En qué lugares se recolleron as mostras?*
8. *Unha vez detectado o brote de Lexionella, que medidas se adoptaron?*
9. *Está solucionado o problema do brote de Lexionella?*
10. *Cando está prevista a apertura da instalación?"*

C) Informe emitido pola secretaria xeral do Pleno, o 24 de febreiro de 2025, que, a continuación, se transcribe:

‘En relación asunto epigrafiado, relativo á solicitude de comparecencia ante o Pleno da Corporación do concelleiro competente na materia para dar conta das xestións realizadas respecto das caldas municipais, suscrita polos concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, rexistrada con número 87/2025 de Rexistro de Pleno, a funcionaria que subscribe informa:

ANTECEDENTES

Con data 18 de febreiro de 2025, o Grupo Municipal Popular presenta no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, a solicitude de comparecencia da Sra. Alcadesa, dona Paula Alvarellos, para dar conta das xestións realizadas respecto das caldas municipais.

Con data 21 de febreiro de 2025 a Secretaria Xeral do Pleno do Concello, emite informe indicando que debería aclararse ou reformularse a solicitude de comparecencia, que se da por reproducido e do que se deu traslado aos solicitantes.

Con data 21 de febreiro de 2025, os concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular formulan e rexistran, en Rexistro de Pleno, solicitude da comparecencia epigrafiada.

NORMATIVA APLICABLE:

Os instrumentos de información, impulso e control pódense considerar incluídos no réxime organizativo e de funcionamento dos órganos das Entidades Locais. Esta materia e aínda que o Tribunal Constitucional na súa sentenza de 21 decembro de 1989 declarou inconstitucional o artigo 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LRBRL) porque o contido do precepto analizado, prescindindo da afirmación preliminar *“da prioridade absoluta da propia Lei Reguladora das Bases de Réxime Local que naturalmente existirá na medida na que os seus preceptos poidan apoiarse nos títulos competenciais que o Estatuto ostenta, o resto dos parágrafos que o artigo 5 contén establecen como queda este, unha orde de prelación de fontes que será correcto na medida en que*

coincida co disposto no bloque de constitucionalidade, e incorrecto en canto se aparte del. En canto tal coincidencia exista, o precepto é en consecuencia superfluo e en canto non exista inválido. A súa anulación non orixina por tanto baleiro normativo algún”, o certo é que a súa dicción literal serve como criterio de interpretación pois foi seguida de xeito xeral pola doutrina, o que implica que as entidades locais réxense en canto ao seu réxime organizativo e de funcionamento dos seus órganos, en primeiro termo pola LRBRL, de seguido polas leis das comunidades autónomas sobre réxime local, polo regulamento orgánico propio de cada entidade - Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Lugo aprobado o 9 de abril de 2007 con modificacións posteriores (modificacións publicadas no BOP de Lugo de 18 de outubro de 2010)- e por último, polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento y Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante ROF) que servirá para cubrir lagoas así como ofrecer criterios de interpretación, de ser o caso.

Sentado o anterior:

A) O artigo 123.1.a) da LRBRL, establece como primeira competencia ou atribución do Pleno “o control e fiscalización dos órganos de Goberno”.

Aínda que se trata dunha clasificación doutrinal, como medios de control e fiscalización dos órganos de goberno poderíamos distinguir:

- Acceso á información
- Remisión de Actas da Xunta de Goberno Local.
- Dación de conta das resolucións, rogos e preguntas.
- Interpelacións, proposicións e mocións.
- Requerimentos de presenza (comparecencias).
- Solicitud de convocatoria de sesión extraordinaria.
- Moción de censura e cuestión de confianza.

Todos eles se atopan regulados, entre outros no ROM do Concello de Lugo agás as interpelacións, que polo tanto non terían cabida, e das que podemos dicir que, segundo o artigo 180 do Regulamento do Congreso, virían a ser no ámbito local, as que presenten os membros corporativos no Pleno ou nas Comisións, directamente ou a través dos portavoces dos grupos, e vaian dirixidas á Alcaldesa ou a calquera membro do executivo local en relación a unha materia de política xeral local.

B) O artigo 109 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, dispón:

“1. Os concelleiros e/ou concelleiras con responsabilidades de goberno - concelleiros delegados e/ou concelleiras delegadas incluídos- e os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de concelleiro/a estarán obrigados a comparecer ante o Pleno, cando así o acorde este, co obxecto de responder ás preguntas concretas que se formulen no escrito de solicitud da comparecencia sobre a súa actuación.

2. Acordada polo Pleno a comparecencia mencionada na alínea anterior, o Presidente ou Presidenta incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que vaia celebrar a Corporación, e notificaráselle ó interesado ou interesada o acordo adoptado e a data en que se celebrará a sesión

en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

3. Así mesmo, os cargos a que se refire o número 1 deste artigo poderán comparecer a petición propia, sen que sexa preciso, en tal suposto, que o Pleno o acorde previamente, debendo figurar a comparecencia na orde do día da convocatoria da sesión.”

C) O artigo 110 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, dispón:

O Presidente ou Presidenta, oída a Xunta de Portavoces, non admitirá a trámite as comparecencias nos mesmos supostos previstos para as preguntas no artigo 103. Dito artigo alude no apartado e) ao suposto das que puideran ser reiterativas doutra pregunta de resposta oral ou escrita substanciada durante o mesmo ano natural ante o Pleno ou ante unha das súas comisións.

D) O artigo 111 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, titulado Presentación de solicitudes de comparecencia, dispón:

1. Estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno as solicitudes de comparecencia presentadas no Rexistro do Pleno coa antelación necesaria para ser incluídas na orde do día da sesión correspondente.

2. En cada sesión poderase incluír, como máximo, unha solicitude de comparecencia por cada grupo político.

E) O artigo 112 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, titulado Desenvolvemento das comparecencias, dispón:

O desenvolvemento das comparecencias axustarase ós seguintes trámites:

a) Exposición oral do grupo político ou dun dos concelleiros ou concelleiras autores da iniciativa, por un tempo máximo de cinco minutos, co obxecto, exclusivamente, de precisar as razóns que motivan a comparecencia e formular as preguntas en que se concreta aquela.

Nas comparecencias a petición propia omitirase este trámite.

b) Intervención do/da comparecente polo tempo que fixe o Presidente ou a Presidenta, que non poderá exceder de dez minutos.

c) Intervención dos/das representantes dos grupos políticos, por un tempo máximo de cinco minutos cada un, para fixar posicións, facer observacións ou formular preguntas.

d) Contestación do/da comparecente, por un tempo máximo de dez minutos.

ÁMBITO SUBXECTIVO.

Trátase de analizar cales son os suxeitos activos e pasivos das iniciativas nas que se enmarcan as comparecencias, é dicir os requirentes da comparecencia e os obrigados a comparecer.

En canto aos primeiros se trata do Pleno do Concello, o órgano que ostenta a facultade de acordar a comparecencia ante el mesmo, no exercicio da súa competencia ou atribución de “control e fiscalización dos órganos de Goberno” que se configura como o control político dos órganos executivos e como a atribución máis relevante do Pleno, como xa se sinalou.

Os obrigados a comparecer son *os concelleiros e/ou concellerías con responsabilidades de goberno*, é dicir, tanto os concelleiros con delegacións

xenéricas referidos a grandes áreas de xestión que no Concello de Lugo coinciden cos tenentes de alcaldesa como os delegados con delegacións específicas, é dicir, *os concelleiros e/ou concelleiras delegadas incluídos*.

Esta dicción literal do ROM conduce a considerar como obrigados a comparecer a calquera membro da Corporación que ostente ademáis a condición de delegado/a da Alcaldesa a fin de que informe ao pleno sobre a súa área de xestión o que exclúe a Alcaldesa mesma agás que se trate de materias sobre as que ostente responsabilidades de goberno, ou o que é o mesmo, sobre materias non obxecto de delegación.

En relación á petición de comparecencia formulada, para determinar quen debe comparecer, a xuízo da que subscribe, cómpre acudir ao Decreto nº 4036/2024 de data 30 de abril, Decreto de organización, no que figura como concelleiro delegado con delegación específica en materia de Xuventude e Deportes, don Jorge Bustos Atanasio, onde se poden considerar incluídas as instalacións obxecto da comparecencia.

ÁMBITO OBXECTIVO.

Neste caso se trata da análise do contido da comparecencia que non é outro que todo o relativo aos asuntos de interese incluídos na área de xestión que a Alcaldesa ten delegado no destinatario do requerimento da comparecencia. Comprende todos os aspectos da súa actuación sen que se poida entender limitado obxectivo e materialmente a unha área de xestión senon que a información terá que ser todo o completa e amplia que a resposta das preguntas formuladas esixa o que xustifica que o obrigado a comparecer dispoña dun período mínimo para recabar a información precisa en calquera asunto (xestión de bens e instalacións, contratación de servizos, subministros, persoal...) incluído na súa área de xestión.

PROCEDEMENTO.

O artigo 122.4 da LRBRL dispón que corresponderán ás comisións entre outras, a función: a) o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno. O ROM no contén disposición algunha, a xuízo desta informante, que exclúa as solicitudes de comparecencia da necesidade de recabar o dictame da comisión resultando que dos antecedentes de solicitudes de comparecencia consultados e tramitados en Secretaría Xeral do Pleno, todas foron obxecto de tal sometemento ao tratase dun asunto sobre o que o Pleno debe adoptar unha decisión ao respecto.

CONCLUSIÓN

Polo anterior, a solicitude formulada debe ser obxecto de dictame da comisión informativa competente por razón da materia. Seguidamente, se incluírá na orde do día da sesión plenaria correspondente aos efectos de que tal comparecencia sexa acordada polo Pleno por maioría simple, e unha vez acordada, a Alcaldesa-Presidenta virá obrigada a incluír o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que vaia celebrar a Corporación.

Este é o meu informe, que carece de carácter vinculante, e que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, en sen prexuízo de que a Corporación adopte a decisión que considere máis axeitada aos intereses xerais.'

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

En virtude do exposto propónse someter a ditame da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, previo á súa elevación ao Pleno, a referida solicitude de comparecencia, con fundamento no exposto no informe da secretaria xeral do Pleno.”

D) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA , RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese ao asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a solicitude de comparecencia formulada polo Grupo Municipal Popular para dar conta das xestións realizadas respecto das caldas municipais, anteriormente transcrita.

PROTOCOLO

14/30 NOMEAMENTO COMO FILLO ADOPTIVO DO CONCELLO DE LUGO A DON XESÚS ALONSO MONTERO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 17 de febreiro de 2025, do teor literal seguinte:

“O regulamento número 9 do Excmo. Concello de Lugo, no seu artigo número 1 regula o procedemento para o nomeamento de fillos adoptivos da nosa cidade, establecendo como condicións para outorgar este recoñecemento "excepcionales méritos contraídos con la Patria, la Ciudad o el Municipio por vecinos del mismo o fuera de él...", o que así se pode considerar na figura que se eleva dende esta Alcaldía:

- Don Xesús Alonso Montero

Nado en Vigo no ano 1928, ensaísta, sociolingüista, poeta e conferenciante galego, catedrático de Literatura galega, membro da Real Academia Galega e do *Consello da Cultura Galega*.

Dende o ano 1960 foi profesor no Instituto Masculino (IES Lucus Augusti) e na Escola de Maxisteiro (Facultade de Formación de Profesorado). Foron quince anos de ampla actividade tanto na docencia de Lingua e Literatura Española coma na crítica literaria.

Unha boa mostra do seu labor como docente é a innegable importancia que moitos dos seus alumnos lucenses acadaron na literatura galega, como é o caso de Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer ou Xesús Rábade Paredes, entre outros. Esta implicación e apoio a novos escritores pódese observar, por exemplo, no limiar do primeiro libro de Fiz Vergara Vilariño, «Pra vós» (1971).

Recibiu varios premios e galardóns entre os que destacan: premio Galicia de Periodismo (anos 1986 e 1990), premio Nacional de Periodismo Julio Camba (1988), premio Otero Pedrayo (1989) e o Premio Trasalba (2000) e ocupou a presidencia da Real Academia de Galega entre o ano 2013 e 2017.

Dada a innegable traxectoria profesional e valorando a importancia que a figura de Don Xesús Alonso Montero supón para a cultura galega, sendo un dos ensaístas máis importantes das últimas décadas na nosa Comunidade, a súa impronta como escritor, tradutor e conferenciante fan del un dos intelectuais máis recoñecidos e premiados da actualidade e tendo en conta, así mesmo, a proposta presentada pola cidadanía de Lugo e achegada a esta Alcaldía.

En cumprimento do disposto no "Regulamento Especial para nomeamento de Fillos Adoptivos e Fillos predilectos da Moi Nobre e Moi leal cidade de Lugo e de Membros Honorarios da súa Corporación Municipal", e visto o informe do Instrutor do expediente, esta Alcaldía proponlle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do acordo de nomear Fillo Adoptivo da cidade de Lugo a Don Xesús Alonso Montero." Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|---|
| - Votos a favor: | 20 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 5 | do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

- NOMEAR Fillo Adoptivo da cidade de Lugo a DON XESÚS ALONSO MONTERO.

15/31 NOMEAMENTO COMO FILLO ADOPTIVO DO CONCELLO DE LUGO A DON RAFAEL ESTEBAN DE VEGA Y BARRERA.- Vista a proposta da Alcaldía,

do 17 de febreiro de 2025, do teor literal seguinte:

“O regulamento número 9 do Excmo. Concello de Lugo, no seu artigo número 1 regula o procedemento para o nomeamento de fillos adoptivos da nosa cidade, establecendo como condicións para outorgar este recoñecemento "excepcionales méritos contraídos con la Patria, la Ciudad o el Municipio por vecinos del mismo o fuera de él...", o que así se pode considerar na figura que se eleva dende esta Alcaldía:

- Don Rafael Esteban de Vega y Barrera

O doutor Rafael Esteban de Vega y Barrera (Zazuar, Burgos; 1889 - Lugo, 21 de outubro de 1936) iniciou os seus estudos de Medicina en Valladolid e rematounos en Madrid coa intención de facer a tese doutoral. Estando alí convocouse a praza de director cirurxián do hospital municipal de Lugo.

Chegou á cidade de Lugo no ano 1916 e ao ano seguinte comeza as súas denuncias públicas sobre a situación do hospital lucense. Dende o ano 1917 o seu labor como cirurxián neste hospital foi extraordinaria, realizando o seu labor en condicións moi adversas, sen dispoñer dos medios máis elementais. Destes primeiros anos de actividade profesional, en tan difíciles condicións quedaron as súas memorias; a primeira do ano 1917 (*Historia de la Medicina de Lugo y su Provincia, autor: Fernando Pardo Gómez*), denunciando as carencias de toda orden e adoptando unha postura de defensa dos intereses dos pacientes.

Rafael de Vega estivo moi implicado na construción dun novo hospital en Lugo, colaborando activamente co alcalde Don Ángel López Pérez. Ante a lentitude da construción, que se alongou durante 10 anos decidiu construír un sanatorio na rúa Montero Ríos do seu propio patrimonio, onde realizou innumerables intervencións con gran éxito.

A partir do ano 1930, traballando xa no novo hospital de Santa María de Lugo e defendendo a súa crenza de que a medicina tiña que ser universal, todos os enfermos de beneficencia tiñan a mesma atención que os pacientes privados que pagaban as súas estadías.

Encarcelado polas súas ideas no Vello Cárcere de Lugo dende o 24 de xullo de 1936, foi fusilado despois dun xuízo sumarísimo o 21 de outubro de 1936. O 22 de xullo de 2024 o Goberno de España expediu unha Declaración de Recoñecemento e Reparación Personal na que se declara ilegal e ilexítimo o tribunal polo que foi xulgado, declarando igualmente ilexítimas e nulas as condenas, sancións e resolucións ditadas contra Rafael de Vega Barrera.

Dada a innegable traxectoria profesional de Don Rafael Esteban de Vega y Barrera, a súa achega á sanidade do noso país e a contribución ao desenvolvemento e

mellora da sanidade na nosa cidade, en cumprimento do disposto no "Regulamento Especial para nomeamento de Fillos Adoptivos e Fillos predilectos da Moi Nobre e Moi leal cidade de Lugo e de Membros Honorarios da súa Corporación Municipal", e visto o informe do Instrutor do expediente, esta Alcaldía proponlle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do acordo de nomear Fillo Adoptivo da cidade de Lugo a título póstumo a Don Rafael Esteban de Vega y Barrera."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

- NOMEAR Fillo Adoptivo da cidade de Lugo a título póstumo a Don Rafael Esteban de Vega y Barrera.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

16/32 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024.- En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2024, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2024, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, según anexo que obra no expediente.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

17/33 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO CUARTO TRIMESTRE DE 2024.- En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2024, remítese información ao Excmo. Concello Pleno, da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2024, en base á información

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, según anexo que obra no expediente.

Lémbrese, en todo caso, que non se atopaba pechada a contabilidade do exercicio e que os datos poden sufrir cambios con respecto aos da liquidación do Orzamento Xeral de 2024, derivados de axustes ou de operacións que á data de rendición da documentación a través da OVEL se atopaban pendentes de rexistrar.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

18/34 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE 2024.- Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, DÁSELLE CONTA ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao cuarto trimestre de 2024 emitido pola Tesoureira Municipal en data 29 de xaneiro de 2025 e que literalmente di:

«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE DE 2024.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*

- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*

- *Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debeda comercial no sector público.*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

INFORME.

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do periodo legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramente de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o decheño automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 31 de decembro de 2024, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No cuarto trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 1.662 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 26.042.495,13 euros. De ditas facturas, 1057 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 19.782.403,30 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 63,60% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 75,96% do total pagado.

2. Obrigas pagadas fora prazo.

No cuarto trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 1.662 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 26.042.495,13 euros. De ditas facturas, 605 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 6.260.091,83 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 36,40% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 24,04% do total pagado.

3. Período medio de pago.

O período medio de pago (PMPE) é de **59,99 días**.

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 31 de decembro de 2024 3.164, que representan un importe global total de 8.976.610,41 euros.

Das anteditas facturas, 450, 6.966.506,18 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 2.714 restantes, 2.010.104,23 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

O período medio de pago pendente (PMPP) é de **64,75 días**.

6. Xuros de demora.

Durante o cuarto trimestre de 2024 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

Periodos de PMP incluídos	PMP CONCELLO (días)	PMP EVISLUSA (días)
Outubro 2024	15,68	9,67
Novembro 2024	15,57	6,83

Decembro 2024	5,34	9,47
---------------	------	------

CUARTO. Respecto aos datos de Evislusa, o período medio de pago (PMPE) é de **8,17 días**, e o período medio de pago pendente (PMPP) é de **19,00 días**.

QUINTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

SEXTO. Os datos do cuarto trimestre 2024 reflicten unha mellora evidente nos prazos de tramitación e pago das facturas, mántendose o PMPE por debaixo dos 60 días, e aumentando a porcentaxe de facturas pagadas dentro do prazo legal. Isto é habitual no último trimestre do exercicio, no cal tramítanse ante a premura do peche contable do mesmo máis facturas que nos trimestres anteriores.

Débese, non obstante, procurar manter esta regularidade e a mellora no procedemento de tramitación das facturas **dentro dos prazos legais**.

O PMPP diminúe ata máis da metade do do trimestre anterior, o cal pon de manifesto o xa sinalado respecto a que a premura que impón o peche do exercicio fai que se tramiten facturas que se tiñan pendentes. Resultaría preciso manter durante todo o exercicio esta **axilidade na tramitación das facturas que se atopan en circuito de sinatura**.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.

E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente**.

*Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a conformidade das facturas ata o seu pago efectivo, **o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos**. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello **coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas**.*

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.

SÉTIMO. Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

*Este reparto que permite unha estabilidade na liquidez da Tesourería non resulta xa suficiente en determinados períodos do exercicio, o que pon de manifesto a insuficiencia dos ingresos do Concello con carácter xeral e estrutural, tal e como se viu nos resultados da liquidación de 2023 e se indicou nos informes da Intervención Municipal á mesma. Durante o segundo trimestre de 2024 levouse a cabo pola Tesourería unha **xestión da liquidez existente que permitiu afrontar os pagamentos municipais dentro do período medio de pago**, pero non cumprir cos prazos de morosidade, o que está a requirir con urxencia a adopción de medidas de incremento de ingresos e de contención dos gastos.*

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no cuarto trimestre de 2024 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes, pero este atópase cada vez máis axustado.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

19/35 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XANEIRO 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de XANEIRO de 2025, coa numeración 1/2025 a 10/2025.

Do 01 ao 31 de XANEIRO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000001	Resolución Tesourería.- Recurso reposicion dilixencia embargo Manuel Carlos Fernández Rey	2025/1	17/01/2025
2025/T030/000003	Resolución Tesourería.- Recurso expte executivo 2024EXP47002044 Oscar Silva Castro.	2025/2	17/01/2025
2025/T030/000002	Resolución Tesourería execución resolución TEAM 2024/P005/000042 contra Resolución da Tesourería Municipal 2024/94 Dacarpa Gestión Patrimonial SL	2025/3	17/01/2025
2025/T030/000004	Resolución Tesourería execución resolución TEAM 2024/P005/000041 contra Resolución da Tesourería Municipal 2024/95 Dacarpa Gestión Patrimonial SL	2025/4	17/01/2025
2025/T030/000005	Resolución Tesourería.- Rehabilitación a voluntaria ADIF	2025/5	20/01/2025
2025/T030/000007	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo ANTONIO FERNANDEZ AHEDO liquidacións nº 11260857 e 10735247	2025/6	21/01/2025
2025/T030/000006	Resolución Tesourería.- Inadmision recurso presentado por ANTONIO FERNANDEZ AHEDO contra a providencia de constrinximento liquidacións 11260857 e 10735247	2025/7	21/01/2025
2025/T030/000008	Resolución Tesourería.- Contestación ás alegacións presentadas por Mª ELENA DÍAZ MON expte. 47010000054818	2025/8	24/01/2025
2025/T030/000009	Resolucións Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo salarios María Belén Rodríguez Fernández	2025/9	29/01/2025
2025/T030/000010	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo en contas José Guillermo Rey Rouco	2025/10	30/01/2025

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

20/36 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE

ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN (Exp. 2025/G004/000083).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 17 de xaneiro de 2025, coa numeración 430/2025 a 1343/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

21/37 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 1693/2025, DO 21 DE FEBREIRO DE 2025, RELATIVO Á NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR ÁS COMISIÓNS DE PLENO, CON MOTIVO DA INCORPORACIÓN DE DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ COMO CONCELLEIRO DO DITO GRUPO (2024/G004/000115).- Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do decreto número 1693/2025, do 21 de febreiro de 2025, do seguinte teor literal:

“DECRETO

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

Vistos os acordos plenarios números 4/76 e 5/77 da sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023, polos que se aprobaron, respectivamente, as propostas da Alcaldía relativas á creación e composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno, e vistos os escritos dos voceiros dos distintos grupos municipais designando os membros que formarían parte delas en representación de cada grupo, así como os e as que exercerían como portavoces; vistas as actas de constitución das ditas comisións celebradas o día 20 de xullo de 2023 nas que se procedeu, entre outros aspectos, á elección de presidentes/as e vicepresidentes/as delas, ditándose o Decreto número 6507/2023, do 20 de xullo de 2023, modificado posteriormente polo número 6918/2023, do 8 de agosto do 2023, no que atinxe ás adscripcións do Grupo Municipal do Partido Popular.

Visto, así mesmo, o acordo plenario número 2/16, da sesión extraordinaria do 1 de febreiro de 2024 que supuxo un cambio de denominación e competencias das comisións de Pleno, e o Decreto número 1972/2024, do 5 de marzo de 2024, no que se levou a cabo unha nova adscripción de membros.

Posteriormente, o día 25 de abril de 2024, tomou posesión unha nova concelleira desta corporación e trouxo consigo unha nova organización municipal reflectida no Decreto 4036/2024, do 30 de abril de 2024, así como unha nova adscrición dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE ás comisións de Pleno, que se recolleu no Decreto 4472/2024, do 10 de maio de 2024.

Tendo en conta que, o día 20 de febreiro de 2025, o Grupo Municipal do Partido Popular, comunica os cambios de representación do seu grupo nas comisións de Pleno, recollendo como representante nalgunha das comisións ao novo concelleiro, don Damián Carballo Méndez, e -coa finalidade de recoller nun só decreto a composición actual das comisións de Pleno, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade co escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular -número 86/2025 de rexistro do Pleno-, a modificación do nomeamento dos membros do dito grupo, manténdose o resto de nomeamentos nas comisións permanentes ordinarias e especiais, de conformidade cos escritos presentados no seu día polos voceiros dos distintos grupos municipais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), Miguel Fernández Méndez e dona Ana María González Abelleira.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Flora Rubinos Rois (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ

- Vicepresidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 22 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), don Jorge Bustos Atanasio e dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxó Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e don Ángel Pablo Permy Villanueva.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Suplentes: don Rubén Arroxó Fernández, don Alexandre Penas Roibás e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María del Mar Carballas Piñeiro (que actuará de portavoz), dona Silvia Colmenero Guzmán, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.

- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE**

Composición (en representación dos grupos municipais):

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Ana María González Abelleira (que actuará como portavoz), don Ángel Pablo Permuy Villanueva e don Miguel Fernández Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e don Felipe Rivas Jorge.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará de portavoz), don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidente e data de celebración:

- Presidente: DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

- Vicepresidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán, dona Olga López Racamonde (que actuará como portavoz) e dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.

Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará como portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, dona Aurora Aida Goás Castro e don Agustín Gallego Vigo.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

Presidente e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.

- Vicepresidenta: DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE.

- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.
Cúmprase."

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 75/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RETOME O PROXECTO DA ORDENANZA CÍVICA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A situación en determinadas zonas da cidade atópase lonxe de resultar ideal en materia de seguridade e convivencia, coma amosan non só as novas publicadas na prensa local senón tamén as intervencións da Policía Local reflectida en distintos documentos de xeito habitual.

Perante esta situación, o goberno municipal ten moito campo de actuación, especialmente no que respecta á necesidade de dotar aos axentes implicados de ferramentas normativas que os amparen e sirvan de base para as súas actuacións.

Por esto, dende o grupo municipal popular, ao abeiro do regulamento vixente, presentamos o seguinte ROGO A PLENO:

O goberno municipal retome o abandonado proxecto de redacción, discusión e aprobación dunha ordenanza cívica que regule determinados comportamentos indesexables e permitan impoñer sancións dacordo coa lexislación vixente?

DELIBERACIÓN

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Traemos un rogo que non é só do Grupo Municipal do Partido Popular, é un sentir e unha reclamación de moitas entidades veciñais que representan os distintos barrios da cidade que, por desgraza, conviven con situacións de desorde e que están sendo, ademais, obxecto de cobertura nos medios de comunicación en onde se dá unha mala imaxe da nosa cidade. Pero o problema é un mal descanso, unha mala convivencia dos veciños que o teñen de preto.

Non procede no rogo e non teño tempo, por suposto, de recordar todo canto se leva traballado para conseguir ese instrumento para que a Policía Local e para que as forzas e corpos de seguridade do Estado poidan ter mecanismos que fomenten a convivencia, o uso pacífico do espazo para os veciños.

O goberno municipal entendemos que debe retomar ese abandonado proxecto de redacción, discusión e aprobación dunha ordenanza cívica. Se quere, cambiámoslle

o nome, porque evidentemente houbo capítulos pasados que non se chegou ao consenso, pero probablemente esteamos no momento onde sexa máis necesario ca nunca.

Hoxe tramítamolo como rogo. Posiblemente, nun futuro, se non hai ningún movemento ao respecto o traíamos novamente como unha proposición. Cremos que regular, e tamén coas súas correspondentes consecuencias, aqueles comportamentos, aqueles abusos de poder, aquelas actitudes que está depreciando, depreciando o descanso dos veciños e veciñas, poñendo en perigo a seguridade e danando a imaxe da cidade sen ningún tipo de acción pola parte do goberno local, convérteos absolutamente en responsables deste.

Creo que gobernar, dicímolo moitas veces, é decidir. Aquí, non hai moito tempo, un dos nosos compañeiros trouxo esta iniciativa traendo, incluso, exemplos que existían noutros concellos gobernados polo mesmo partido político que o do goberno de Lugo, e vostedes seguen absolutamente na inacción. Para darlle resposta aos problemas, primeiro hai que recoñecer que existen. É certo que vostedes aínda non recoñecen que existe, pero seguiremos insistindo. Creo que, ademais, detrás hai un amplo movemento veciñal que o reclama. No Pleno de hoxe, novamente o Grupo Municipal do Partido Popular rogámoslle que retome ese abandonado proxecto de redacción, discusión e aprobación dunha ordenanza cívica que permita que eses comportamentos indesexables sexan corrixidos.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Polo goberno, Ana González Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Terase en consideración o rogo formulado.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Continuamos.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 76/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXE O ASFALTO DA N-540, NO TRAMO ENTRE GUNTÍN E LUGO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A estrada N-540, no tramo que discorre entre Guntín e Lugo, presenta un estado de conservación moi deficiente. Neste tramo, o pavimento está seriamente danado, con numerosas fochancas e gretas que dificultan a circulación dos vehículos e supoñen un grave risco para a seguridade.

O mal estado desta vía foi obxecto de múltiples queixas tanto dos usuarios da estrada como dos veciños das localidades afectadas, quen temen pola seguridade de aqueles que transitan por ela, especialmente cando as condicións meteorolóxicas son adversas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que o Concello de Lugo inste ao Ministerio de Transporte, Mobilidade Sostible e Axenda Urbana do Goberno de España a que proceda de forma urxente ao asfaltado e rebacheo da N-540 no tramo comprendido entre Guntín e Lugo, coa finalidade de garantir a seguridade dos usuarios da vía.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señor Ameijide.

-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, señora alcaldesa.

Despois deste Pleno, e vendo que se reforza con 92 servizos semanais o autobús e que un lles molesta, o que me quedou claro é a estratexia que ten o PSOE e o BNG en Lugo, que é a do illamento, claro. Non queren nin que saíamos de Lugo nin que poidan vir outros, esta é a estratexia clara do PSOE e do BNG. Por iso estamos sen tren, sen AVE, sen buses, sen nada. Sen estradas, como a que falamos hoxe aquí, a nacional 540. Como verán, houbo un error á hora da relación, pero falamos evidentemente da estrada Lugo-Guntín, a estrada que nos debería conectar con Ourense, esa autovía que sabemos que non queren facer, pero polo menos temos dereito a ir en condicións de seguridade ata Ourense para poder coller a alta velocidade, polo menos, para poder saír de Lugo, se queremos. Incluso, imaxínense que a xente poida vir vernos, que teñamos unha cidade atractiva e a xente poida vir vernos en condicións de seguridade. Pois isto é o que pedimos, que poidan ir pola estrada en condicións minimamente seguras e que llo comenten dende aquí, aproveiten para instarlle ao ministro ou a quen teñan que dicirillo, porque xa hai máis dun ano que prometeu esa intervención e, a día de hoxe, inda non chegou. Por tanto, díganlle que hai que asfaltar e reparar esas fochancas e, se ven que non lles colle o teléfono, poden chamar á súa filial asociativa —ou a súa sucursal asociativa, como queiran chamar, o termo de filial igual é demasiado novo para ese conglomerado—, pero poden organizar outra cuchipanda, darlle unha figuriña destas de Sargadelos —ai non, de Sargadelos non son, de Burelarte— e díganlle que Lugo existe e que repara as estradas e que os lucenses merecemos ter autovías, ter AVE e, sobre todo, as nacionais que temos, polo menos, que non sexa un perigo circular por elas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra polo goberno Rubén Arroxo.

-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas.

Ben, despois do monólogo de todo un pouco, informar que, evidentemente, esta estrada é de Fomento.

Creo que é a primeira vez que se trae a Pleno un rogo para instarlle a outra administración. Tráense proposicións para instarlle a outra administración; rogos, eu non recordo ningún.

En todo caso, animar a que os diferentes grupos políticos o trasladen ás institucións ás que lles corresponde ou, en todo caso, facer como se fai habitualmente, que é traer unha proposición para instarlle ao Concello de Lugo a Pleno, neste caso, que o Pleno se traslade esa iniciativa.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Continuamos.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 77/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DAR SOLUCIÓN ÁS DEMANDAS DOS CONDUTORES DOS BUSES URBANOS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Ao longo dos traxectos do bus urbán, son contados os lugares onde os condutores dos autobuses poden atender ás súas necesidades fisiolóxicas (ademáis de non estar dispoñibles en todas as rutas). Esta é unha reclamación trasladada ao grupo municipal popular dende o colectivo de condutores dos autobuses urbáns.

Por eso, ao abeiro do regulamento vixente, o grupo municipal popular presenta, para pleno, o seguinte rogo:

- Que se adopten as medidas necesarias para dar unha solución as demandas dos condutores dos autobuses urbáns no devandito sentido.

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Carballas.

-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: O pasado 7 de febreiro de 2016 adxudicouse o contrato correspondente á xestión do Servizo Público de Transporte Regular de Viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo, o que se coñece como bus urbano.

Segundo a propia páxina web do Concello no momento da adxudicación, «Con esta nova concesión, aproveitaremos para modernizar e mellorar a prestación do servizo, adaptando a realidade do municipio». Non aclaran a que municipio se referían; dende logo, a Lugo non, ou non o coñecen, que é outra opción.

O Concello de Lugo é o titular do servizo que presta a empresa, polo que é o responsable de salvagardar que funcione correctamente. Licitación, externalización,

privatización ou concesión non significa esquecerse do servizo, e esa é a razón pola que traemos este rogo a Pleno.

Ao longo dos traxectos dos buses urbanos son contados os lugares onde os condutores dos autobuses poden atender as súas necesidades fisiolóxicas. Ademais de encontrar o lugar, ten que coincidir que teñan o tempo suficiente como para poder parar o bus. Por iso desde o colectivo de condutores nos trasladan a necesidade de que se tomen medidas ao respecto. Son moitas as posibilidades que pode adoptar o goberno para darlle solución a este problema; por iso, pedimos que se escoite a demanda que lles trasladamos, que ademais de ir de abandeirados de ser un goberno progresista e defender os dereitos e liberdades dos traballadores, que o poñan en práctica e que non fagas oídos xordos a este rogo.

Grazas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Carballas.

Ten a palabra polo goberno o señor Arroxo.

-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Si, comigo tamén se xuntaron os traballadores e traballadoras por este asunto. Agora mesmo, dos 21 vehículos que circulan pola semana, hai 12 vehículos que terían algún tipo de punto que poder usar como baños e, se conseguimos aí facilitar outro punto que estamos a mirar chegaríamos a vinte. Quedaríanos unha liña que estamos intentando como resolver, que é a máis complicada, pero estaría bastante cuberto esperemos que o antes posible.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 78/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ESTABLEZA UN PLAN DE REVISIÓN E MANTEMENTO DAS MARQUESIÑAS DAS PARROQUIAS DO RURAL.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

As marquesiñas instaladas nas parroquias do rural da nosa cidade desempeñan una función esencial para a comodidade e seguridade dos veciños que esperan o transporte urbano. Estas estruturas proporcionan refuxio e protección fronte as inclemencias do tempo, especialmente nunha cidade como Lugo, onde as chuvias son habituais e as precipitacións frecuentes.

Sen embargo, en numerosos núcleos estas marquesiñas atópanse nun estado deficiente, con problemas como teitos rotos, cristais deteriorados, estruturas oxidadas ou sucidade acumulada. Estas deficiencias non só afectan á comodidade dos usuarios, senón que tamén comprometen a súa seguridade.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025



Muxa



Santa Eulalia de Bóveda

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que o Concello de Lugo estableza un plan de revisión e mantemento periódico de todas as marquesiñas situadas nas parroquias do rural de Lugo, coa finalidade de garantir o seu estado axeitado e funcional para a protección dos usuarios.

DELIBERACIÓN

PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo partido... polo grupo municipal, a señora Rubinos.

-FLORA RUBINOS ROIS: Moitas grazas, señora alcaldesa.

Diríxome a vostede para solicitar que o Concello leve a cabo a reparación e mantemento das marquesiñas situadas nas parroquias do rural da nosa cidade. O

estado de deterioración que presentan non só compromete a comodidade dos usuarios do transporte público, senón que tamén supón un risco para a súa seguridade.

A modo de exemplo, as marquesiñas de Muxa e Santalla de Bóveda atópanse nun estado de conservación deficiente, con deficiencias estruturais e limpeza que afectan tanto á funcionalidade como á imaxe do municipio.

Estas infraestruturas fundamentais para os veciños que dependen do transporte público deberían estar en condicións óptimas para garantir a seguridade e comodidade. As marquesiñas non só son refuxios ante as inclemencias meteorolóxicas, senón que tamén representan un elemento básico para a mobilidade no rural. O seu abandono non só transmite unha imaxe de despreocupación por parte do goberno municipal, senón que tamén contribúe ao feísmo, un problema que debería ser combatido coa mesma determinación coa que se traballa na mellora do aspecto da cidade.

Por todo isto, rogamos ao goberno municipal que toma medidas urxentes para a reparación e mantemento destas marquesiñas, asegurando así unhas infraestruturas dignas para os veciños do rural. Agardamos que este rogo sexa atendido e desta vez se adopten solucións efectivas para resolver esta problemática.

Moitas grazas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Rubinos.

Ten a palabra polo goberno Ana González Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Tómase en consideración.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Continuamos.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 79/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA POSIBLE RECONVERSIÓN DO PARQUE DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS NO CEAO.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No ano 2007 inaugurouse, tras unha inversión de 756.000€, o Parque de enerxías alternativas no polígono de O Ceao que comezaría a funcionar en

setembro de 2008. Pero foi no ano 2010 cando decidiuse parar a produción desta planta xa que consumía máis do que producía.



Era no ano 2018 cando o BNG preguntaba polos avances deste parque. E teñen transcorridos 7 anos máis, con este grupo no Goberno, sen que se saiba se hai algún plan de futuro para esta instalación. En definitiva, o parque de enerxías alternativas de O Ceao ten pasado, dende a súa inauguración (con altas expectativas) por diversas fases, como o cese de actividade ou algunhas propostas de reutilización que non acadaron éxito e no ano 2025 segue a ser unha infraestrutura en estado de abandono e sen uso.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

Ten avaliado o Concello de Lugo a posibilidade de reconverter estas instalacións noutro tipo de infraestrutura útil para a cidadanía e para o tecido industrial do polígono de O Ceao, coas garantías necesarias para que non se produza un problema similar ao acontecido con esta planta?

DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Grupo Municipal do Partido Popular, Silvia Colmenero.

-SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días, señoras y señores. Bienvenida, Iria.

En 2007, hace ya casi 18 años, el Ayuntamiento de Lugo inauguraba el Parque de Energías Renovables del Ceao con un doble objetivo: por un lado, reducir la factura eléctrica del municipio y, por otro, fomentar la divulgación de energías limpias. Pues ni una cosa ni la otra.

El proyecto, que constaba de un aerogenerador y varias decenas de placas solares, se había presentado con mucha pompa como una apuesta por la sostenibilidad, el ahorro y la eficiencia energética, pero se convirtió no solo en un desastre

económico para las arcas municipales, sino en un ejemplo de ineficiencia energética.

Con una inversión cercana a 1 000 000 €, el parque estuvo en funcionamiento, salvo que me corrijan, no más de 10 meses. Y la razón de esto, la razón de esta fugaz vida, es tan inverosímil como alarmante: el parque energético consumía más energía de la que producía.

A día de hoy, 2025, nadie puede negar ya que este proyecto no solo no ha cumplido sus objetivos, sino que se encuentra en estado de abandono y, desde el punto de vista tecnológico, probablemente obsoleto, ocupando, además, un espacio que pudiera destinarse a otras iniciativas más productivas.

Con tal motivo presentamos o planteamos esta pregunta en esta sesión plenaria: quisiéramos conocer del gobierno municipal, del gobierno local, PSOE y BNG, si están analizando o considerando la posibilidad de reconvertir esta infraestructura en una infraestructura útil para la ciudadanía o para el tejido industrial del polígono deseado, o si, por contra, seguirán dejando que este proyecto fallido siga ocupando un espacio sin aportar ningún beneficio.

Muchas gracias.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Colmenero.

Polo goberno ten a palabra o señor Arroxo.

-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas.

Ben. Aquí con este Parque enerxético do Ceao, comentar que se fixera no seu momento, hai uns 6 anos, unha modificación dos estatutos de Evislusa para poder comercializar a electricidade. Despois, fixéronse uns estudos de produción que tiña e, efectivamente, tal e como se comenta, era deficitaria, estamos a falar de que actualmente son unhas placas moi antigas e, máis aló de que unhas placas de 2007 sen usar xa non producen... non teñen nada que ver coas actuais, pero é que ademais, estando ao sol están totalmente deterioradas e agora mesmo son deficitarias.

Polo tanto, estase valorando darlles outro uso, porque o uso enerxético a día de hoxe non tería sentido.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac189675282288336792.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-2-2025

Neste sentido teño que dicirlle, señora Colmenero, que xa tivemos reunións para ver con esas demandas que teñen os empresarios do Ceao e para cumprir as súas demandas, e xa se está traballando niso.

Continuamos.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 80/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA “CASA DO MESTRE” NA PARROQUIA DE SAN XOÁN DO ALTO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A “Casa do Mestre”, na parroquia de San Xoán do Alto, atópase nun estado de total abandono e non so representa un problema de feísmo, senon tamén un risco para os veciños da contorna.

Por iso, o grupo municipal do Partido Popular, ao abeiro do regulamento vixente, presenta a seguinte pregunta para a súa contestación no pleno ordinario deste mes:

- Teñen algún proxecto ou plan para mellorar o entorno da “Casa do Mestre”, garantir a seguridade dos veciños e darlle algún tipo de uso ao devandito edificio?



DELIBERACIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, Damián... Carballo. Non me saía, perdón.

-DAMIÁN CARBALLO: Grazas, alcaldesa. Nada. Espero que se recupere pronto.

Bienvenida, Iria, Mucha suerte en esta nueva etapa.

A Casa do Mestre da parroquia de San Xoán do Alto é unha edificación que leva moitos anos sen uso e sen que lle fagan ningún tipo de mantemento os servizos municipais.

No ano 2015 unha iniciativa privada levaba a esta parroquia unha escola de natureza: o bosque escola, que se fundamenta en que a maior parte da xornada transcorre ao aire libre onde os nenos poden desfrutar de aventuras sen fin nun contorno natural. Como podemos ver nesta foto, a infraestrutura obxecto da nosa pregunta comparte parcela coa escola mencionada e, como podemos ver nestoutra, a Casa do Mestre presenta a día de hoxe estruturas que poden supoñer un risco para os nenos e nenas usuarios desta escola.

Non é preciso estenderse moito máis. Estamos a falar dunha edificación que, máis aló do feísmo que representa, precisa dun mantemento e reparación que garanta a seguridade dos usuarios no contorno.

Así, pregamos nos indiquen se teñen algún proxecto ou plan para mellorar o contorno da Casa do Mestre, garantir a seguridade dos veciños e darlle algún tipo de uso a este edificio municipal actualmente sen uso.

Moitas grazas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Carballo.

Ten a palabra Ana González Abelleira.

-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Si.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Continuamos.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 81/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO REPINTADO DAS PRAZAS DE APARCAMENTO RESERVADAS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A sinalización horizontal nas rúas da cidade precisa dunha intervención xeralizada perante o seu estado habitual. Isto resulta especialmente preocupante no relacionado coas prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida, que precisan das mesmas de xeito imperioso.

Por iso, o grupo municipal popular, ao abeiro do regulamento vixente, presenta, para a súa resposta en pleno, a seguinte pregunta:

- Cal é a data na que teñen previsto o repintado da sinalización das prazas

de aparcamento reservadas a persoas con mobilidade reducida?

DELIBERACIÓN

PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo grupo Municipal Popular, señora Goás.

-AURORA AIDA GOÁS CASTRO: Bo días.

Como o meu compañeiro Damián, espero que se recupere, que a gripe A é complicada.

Iria, benvida. Espero que teñas moito traballo e moitos acertos para a cidadanía de Lugo.

Traemos a Pleno unha das preguntas que nos realizan con frecuencia as persoas con mobilidade reducida en Lugo. Este Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo, na Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, que se celebrou o día 23 de setembro do 2023, presentou un rogo en relación co repintado das prazas de aparcadoiro con mobilidade reducida, porque a cidade presentaba, naquel momento, un déficit de prazas de aparcadoiro, tanto de mobilidade reducida como das outras, moi importante e que empeorou neste último ano coas lentas, lentísimas obras do centro da cidade. É dicir, imos a peor coas prazas de aparcadoiro.

O señor Rubén Arroxó, presidente da devandita comisión, contestou que as prazas que se repintan fanse de forma continuada. Cada vez que chega un aviso por teléfono ou por mail se meten nos lotes que se sacan anualmente para o repintado. Tamén mencionou que non se repintan todos os anos porque sería un gasto absurdo. E nesa comisión nos indicou que se nosoutros detectabamos algunha praza que precisase ese repintado, que o trasladásemos para incluílas.

Os e as concelleiras do Partido Popular así o fixemos, e pasámoslle ao señor Arroxó unha longa lista de prazas de aparcadoiro con mobilidade reducida que precisaban dese repintado naquel momento. Quero deixar claro que nós facemos unha oposición construtiva para mellorar a calidade da vida da cidadanía de Lugo. Este traballo, por outro lado, penso eu...

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Goás. Acabouse o seu tempo.

Polo goberno, Alexandre Penas.

-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas, alcaldesa.

Pois, efectivamente, á pregunta de como se van repintado as prazas, pois píntanse durante todo o ano sempre que o tempo o permita e segundo van chegando os avisos, vanse acumulando e vanse pintando.

Para nós o que é a mobilidade, e máis de persoas con mobilidade reducida, é moi importante, creo que se demostra durante estes anos co traballo deste goberno, tanto en rebaixes de beirarrúas como en elevacións de pasos elevados, como pintado de prazas.

Hai que dicir, neste caso, en concreto, que o pintado de prazas, que sempre é unha sinalización vertical, para garantir ese servizo, moito mellor que estean pintadas, dende logo, pero si está garantido.

Polo tanto, nós creo que seguimos traballando, avanzando cara adiante no tema da accesibilidade para todas as lucenses e para todos os lucenses, como creo que hai que facer: camiñar para adiante porque nunca hai unha accesibilidade total. E temos que seguir mellorando, e así o estamos facendo.

Nós imos para adiante. Preocúpanos que outras administracións que traballen en Lugo e con competencia para persoas con mobilidade reducida dean pasos para atrás. Hoxe mesmo vemos como hai un problemón coas persoas que utilizan o 065, ese servizo da Xunta de Galiza, porque falan de colapso total. Xente que está pedindo, para realizar a súa vida, ese servizo que, por certo, se instalou hai moitos anos por unha Consellería do BNG e que en mans do Partido Popular vemos como se deteriora dunha maneira alarmante e que lle quita dereitos a todos eses veciños nosos que non poden facer a súa vida. Simplemente hai que ler O Progreso hoxe, na páxina 6, como está completamente colapsado.

Nós seguimos creo que traballando en positivo coas nosas competencias e ogallá as outras administracións tamén así o fagan.

Neste caso que falamos deste servizo, pois ás veces é moi fácil resumir con catro pinceladas. Dicimos Xunta de Galiza, dicimos Partido Popular de Lugo, dicimos Diego Calvo, dicimos mobilidade, agora xa mobilidade para persoas con mobilidade reducida, e vemos caos na nosa cidade cando xuntamos todos estes ingredientes.

Pola nosa parte, seguiremos traballando con seriedade e con rigor.

Moitas grazas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 82/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ACCESO DOS VEHÍCULOS AO CASCO HISTÓRICO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No marco das obras de peonalización, un tema clave é a regulación do acceso de vehículos ao casco histórico unha vez que finalicen as obras. Dado que este proceso pode implicar a restricción de vehículos pesados, resulta fundamental obter información clara e precisa sobre as normativas se que implementarán nesta zona, tanto polas esixencias legais, as medioambientais e, tamén, polas limitacións que impliquen os materiais empregados na obra.

Por todo isto, o grupo municipal do Partido Popular, ao abeiro do regulamento vixente, presenta, para a súa resposta no pleno, a seguinte pregunta:

Que vehículos poderán acceder ao casco histórico e para que finalidades poderán facelo, unha vez rematen as obras?

INTERVENCIÓN

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Candia.

-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: A opacidade coa que gobernan, a falta de transparencia, o respecto aos dereitos dos concelleiros que estamos na oposición con esa actitude de autoritarismo alarmante e provocador viuse no Pleno de hoxe: impedindo dar explicacións das Caldas, non sei que teñen que ocultar; votando en contra dunha ordenanza transparente para o uso dos locais; ou, o que me parece aínda menos estético e máis grave, impedir e ter unhas palabras de agarimo que arrouparon o noso voto favorable a dous fillos adoptivos.

Pero o problema é que esas actitudes non só son nas sesións plenarias, que xa me parece bastante grave, é que tamén o son nas decisións que afectan diariamente á vida da xente. Indubidablemente, os usuarios, os que teñen unha actividade económica, os veciños que viven no centro da cidade, levan dous anos de calvario onde non dan visto a luz. E grazas a algún medio de comunicación que pregunta por como están as prórrogas, porque senón ata dubido que as tramitase.

O tema é que algún día rematarán. Desexamos que sexa máis pronto que tarde, desexamos tamén que sexan para ben, pero os veciños necesitan certezas. Necesitan saber como se vai regular a mobilidade o día despois de que rematen as obras. Intentámolo moitas veces de maneira construtiva e positiva, trouxemos iniciativas, intentamos facer achegas que sempre nos desprezan e nos insultan, pero, evidentemente, como lle dicía o meu compañeiro, a soberbia é unha mala compañeira.

Hoxe fágolle unha pregunta: cando rematen as obras —e fágolla evidentemente aos dous partidos políticos que, co pacto, teñen o goberno— que vehículos van

poder acceder ao centro histórico e para que finalidades poderán facelo unha vez rematadas as obras?

E, se mo permite, un rogo: por favor, trasladen esas decisións a quen, na súa actividade económica, está pendente delas.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia.

Polo goberno ten a palabra o señor Bustos.

-JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señora alcaldesa.

Quedaría definido na ordenanza que regulará a zona de baixas emisións e darase a coñecer, pois, tan pronto estea concluída.

-PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Eu creo que non insultei a ninguén. A min chamáronme soberbia dúas ou tres veces, pero creo que eu non insultei a ninguén. Creo que iso é o importante, creo que aí se ve claramente como se intenta embarrar, chámache de todo e, despois, «que se insulta». Aquí non se insultou a ninguén nin o vou permitir que se insulte a ninguén. Pero a min si se me insultou.

Moitas grazas. Queda concluso este Pleno reiterando a benvida a Iria.

Ben, creo que é un día moi bonito porque estamos todos e temos xente nova. Iso é o importante.

Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e dezasete minutos do expresado día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.